

Revista Galega de **TRABALLO SOCIAL**

fervenzas –16–



Revista Galega de **TRABALLO SOCIAL**

fervenzas –16–



Xunta de Goberno

Marta Capeáns Outeiro, Presidencia
Gonzalo Saborido Martínez, Vicepresidencia
M^a Isabel Ríos Paz, Secretaría
Jesús Pérez Pérez, Tesourería. Responsable de Publicación
Beatriz de la Torre Bermúdez, Vogalía
David Saavedra Pino, Vogalía
Carlota Obelleiro Madroñal, Vogalía
Patricia Blanco Riveiro, Vogalía
Juan José Labora González, Vogalía
M^a Ángeles Castro Castro, Vogalía

Responsable da edición

Marta Capeán Outeiro

Mesa de redacción

M^a Elena Puñal Romaris, M^a Xosé Vázquez Vázquez, Inés Moreira Brenlla,
Sonia Pérez Iglesias, Pepa Vázquez Martínez, Francisco Xabier Aguiar Fernández
Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Edita

Rúa Dublín, 6, baixo, porta 3
15707 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 56 81 00 | Fax: 981 94 18 98
E-mail: fervenzas@traballosocial.org

Data da Publicación: Febreiro 2014
Imprime Gráficas Mera

ISSN 1698-5087
ISSN electrónico 2254-7657

Dep. Legal C-1.884/97

*Fervenzas non se responsabiliza das opinións expresadas polos autores,
nin se identifica necesariamente cos contidos dos textos publicados.*

S U M A R I O

LIMIAR	Páx. 5
1. Servizos Sociais Comunitarios: recortes, crise, e morte do Plan Concertado. <i>Francisco Javier Cid Dominguez</i>	Páx. 7
2. Alternativas ao Estado de Benestar: análise das respostas xurdidas nos movementos sociais en Santiago de Compostela. <i>Xiana López Penedo</i>	Páx. 17
3. Renda Básica: a xustificación ética dende a teoría da liberdade real e a teoría republicana. <i>María Pereira Barcia</i>	Páx. 43
4. A coordinación en servizos sociais e a protección de datos. <i>Malena Puñal Romarís</i>	Páx. 55
5. A tolemia: a súa reclusión, exclusión e sumisión social. <i>Luís Carmona.</i>	Páx. 75
6. Ocio inclusivo para persoas con diversidade funcional. <i>Ángela Justo Rodríguez</i> <i>Eunice Rodríguez Corral</i>	Páx. 81
EN REDE	
Asociación pro enfermos mentais de A Coruña “APEM”. <i>M^a Esther Monterroso Martínez</i>	Páx. 97
Colectivo Encontro-Marea Laranxa. <i>José Antonio Ramírez</i> <i>Pepa Vázquez</i>	Páx. 103
ENTREVISTA	
Perspectiva desde unha alumna de 3^o do Traballo Social e do futuro profesional. <i>M^a Xosé Vázquez Vázquez</i>	Páx. 107
COMENTARIO DE PUBLICACIÓN	
Recensión do libro: “El cuarto pilar”. Un nuevo relato para los Servicios Sociales. <i>Francisco Xabier Aguiar Fernández</i>	Páx. 115
Recensión do libro: “Estudo de viabilidade da Renda Básica das Iguais en Galiza. Repartindo a nosa riqueza”. <i>Sonia Pérez Iglesias</i>	Páx. 117

RECENSIÓN DE INVESTIGACIÓN SOCIAL

Fiabilidade do instrumento para valorar a situación de dependencia en maiores de tres anos.

Rubén González Rodríguez

Páx. 119

ESPAZO ABERTO

Dereitos só para unha minoría?

ODS-Coia

Páx. 125

NORMAS DE PUBLICACIÓN DA REVISTA GALEGA DE TRABALLO SOCIAL FERVENZAS

Páx. 129

S
U
M
A
R
I
O

A revista *Fervenzas*, neste último ano, deu un paso máis no seu proceso de consolidación como publicación científica que achega contribucións empíricas sobre a realidade do traballo social, e así, a nosa revista, dende o pasado 2013 está incluída en DIALNET.

DIALNET é un dos servizos de busca máis utilizados no mundo académico que permite o aloxamento de revistas en edición electrónica que cumpran cos criterios científicos de calidade esixidos. E así, despois do esforzo deste anos por publicar a revista galega de traballo social, por dotala de calidade e de rigor, chegamos a alcanzar este logro.

E aínda que queda moito que facer, a investigación social dende o traballo social, vai avanzando cada día máis, grazas á implicación dos profesionais.

Neste número, preséntanse unha serie de artigos, como sempre, de actualidade no noso sector.

Os servizos sociais teñen xa total visibilidade pública, os novos problemas e novos riscos sociais froito do momento socioeconómico no que estamos inmersos, deben reforzar a posición institucional deste sector, xa que as demandas sociais van en aumento. Isto implica reforzar os dereitos subxectivos, garantir o financiamento do sector público, a colaboración do sector privado e a colaboración do terceiro sector de acción social dado o seu papel estratéxico na detección de necesidades e defensa de colectivos vulnerables.

Na nova discusión sobre a racionalización e sustentabilidade dos servizos sociais existe a preocupación dos profesionais polas posibles consecuencias que pode supoñer un cambio radical na prestación dos servizos á cidadanía. Preocupación pola perda de calidade e pola perda de dereitos dos cidadáns.

Se a nova lexislación propón racionalizar os servizos sociais é necesario presentar un novo modelo e para a creación dun novo modelo, o traballador social é unha figura fundamental, a través da su experiencia práctica e do seu labor investigador, que faga visible o noso coñecemento sobre a realidade social.

De aí, a importancia de continuar investigando e publicando as nosas conclusións.

Agradecemoslle así aos colaboradores os seus traballos e convidamos a todos/as os/as compañeiros/as que se sumen cos seus resultados e experiencias.

Diana M.^a Parada Alvedro
Col. 1157

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS: RECORTES, CRISE, E MORTE DO PLAN CONCERTADO

Francisco Javier Cid Domínguez

Colex. n.º 443

*Traballador social dos servizos sociais municipais do concello de Verín
serviciossociais@verin.net*

RESUMO:

Este artigo pretende expresar, con inevitable ton de desilusión, a situación na que nos vemos inmersos os/as traballadores/as sociais e demais profesionais dos servizos sociais comunitarios municipais, ante os cambios, reformas e limitacións financeiras que poñen en perigo a actual estrutura do sistema público, pola súa indefinición e incerteza, no momento máis inoportuno posible, na grave crise económica e social que atravesamos o país. Como autor só pretendo facer unhas reflexións coa perspectiva que teño dende o posto que ocupo desde hai vinte e cinco anos, impresións que estou seguro son compartidas por moitos compañeiros e compañeiras.

PALABRAS CHAVE:

Servizos sociais comunitarios, Plan concertado, crise, reforma Administración local.

RESUMEN:

Este artículo pretende expresar, con inevitable tono de desilusión, la situación en la que nos vemos inmersos los/las trabajadores/as sociales y demás profesionales de los servicios sociales comunitarios municipales, ante los cambios, reformas y limitaciones financieras que ponen en peligro la actual estructura del sistema público, por su indefinición e incertidumbre, en el momento más inoportuno posible, en la grave crisis económica y social que atraviesa el país. Como autor solo pretendo hacer unas reflexiones con la perspectiva que tengo desde el puesto que ocupo desde hace veinticinco años, impresiones que estoy seguro que son compartidas por muchos compañeros y compañeras.

PALABRAS CLAVE:

Servicios sociales comunitarios, Plan concertado, crisis, reforma Administración local.

ABSTRACT:

This article intends to reflect, with an inevitable tone of disappointment, the situation of social workers and other professionals of the local social service departments after the implementation of the changes, reforms and financial cuts that endanger the current structure of the public system due to their vagueness and uncertainty. This implementation has been most untimely, having coincided with the serious economic and social crisis that our country is undergoing. As its author, I have tried to offer a few insights on this issue from the point of view of the position I have been holding for twenty five years, and I am sure these impressions are shared by many of my colleagues.

KEYWORDS:

Community-based social services, Multi-agency plan, Crisis, Reform of the local Government.

INTRODUCCIÓN:

Cando a finais do anos oitenta, coincidindo co meu inicio profesional nos servizos sociais municipais se implantaba o chamado Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais, iniciábase un longo camiño de creación e instauración de servizos sociais nos concellos de todo o Estado.

Poucos anos antes, lembro como pioneiras no tema as comunidades autónomas de Aragón e Cataluña e o Congreso de Daroca como referente, dábanse os primeiros pasos. En Galicia creo que o verdadeiro comezo arranca coa contratación en 1985 das cincuenta primeiras valentes profesionais que, financiadas pola Xunta, iniciaban os servizos sociais chamados entón “de base” e que se espallaron por todas as comarcas; eran auténticos servizos sociais rurais coa estrutura unipersoal das asistentes sociais que fixeron un verdadeiro labor de “roza nun territorio inexplorado” como me describiu textualmente unha delas agora xubilada, case trinta anos despois.

Pero imos ao caso, parece que o camiño percorrido durante este tempo vai ter un triste final e inmersos nunha grave crise económica, o peor escenario posible e imaxinable, o propio sistema/modelo de servizos sociais comunitarios entra na súa propia crise e na máis absoluta incerteza sobre o seu futuro. Que está a pasar? Como chegamos a isto? Por que o permitimos?

O PLAN CONCERTADO AGONIZA:

O sistema público de servizos sociais está formado por unha rede de prestacións, servizos, programas e equipamentos que durante as últimas décadas se foi construíndo grazas ao financiamento a tres bandas Ministerio de Asuntos Sociais/Xunta/concellos do plan e, tamén hai que dicilo, ao esforzo dos/das profesionais que foron os sensores da sociedade e como formiguiñas contribuíron a tecer esa rede de atención á comunidade chegando fisicamente e coa achega dos recursos a todos os recunchos do territorio galego.

O Plan concertado tiña ademais unha indubidable operatividade, xa que non só cofinanciaba os conceptos dos custos salariais dos recursos humanos necesarios nos concellos e da axuda no fogar básica (ben é certo que de forma deficitaria), senón que ademais co financiamento da xestión de programas abría un amplo abano de posibilidades que permitía atender as distintas necesidades colectivas e adaptarse ás distintas realidades sociais locais.

Como todo, tamén tiña os seus defectos; esa agonizante convocatoria anual e enguedellada xustificación que case nos convertía en contables. Pero todo funcionaba.

Co paso do tempo o Estado e as CC.AA. foron perdendo paulatinamente o interese inicial no antedito financiamento de forma que, pouco a pouco, foron deixando "vendidos" os concellos que tiveron que soportar o custo das estruturas creadas facendo moito máis grande a porcentaxe da súa achega económica para o seu mantemento, no mellor dos casos, ou ver a súa rebaixa e/ou desaparición noutros pola inasumible carga.

Estou a mirar no ficheiro da oficina a carpeta da solicitude do plan de 1990 e observo que as porcentaxes daquel ano e posteriores lle atribuían ao ministerio e CC.AA. o 80% do custo e nalgúns programas incluso rozaba o cen por cen.

Daquelas iniciais porcentaxes de achega nas que o groso financeiro corría por conta do ministerio e da comunidade autónoma chegamos paulatinamente a 2011. Vexamos como era a cousa hai só dous anos atrás: o ministerio achegaba: 86.633.150 € (6,5%), a CC.AA. 710.569.936 € (53,4%), e as CC.LL.: 532.325.545 € (40,1%). Nese ano as corporacións locais xestionaron 1.330 millóns de euros e tiñan no cadro de persoal a 50.000 persoas nesa rede de servizos sociais locais, máis da metade con contratos laborais de carácter fixo.

Os servizos sociais básicos das corporacións locais do conxunto do Estado atenderon no ano 2011 a 6.930.978 usuarios/as, o cal representa un 15,83% do total da súa poboación e beneficiáronse dunha ou de varias prestacións.

Para o ano 2013 os recortes do ministerio reduciron a achega ao Plan concertado a 27.593.000 euros, o que supón apenas un 2%, minoración dun 58,34% con respecto a 2012 e dun 68% con respecto a 2011¹.

AS AMEAZAS

A “Lei de dependencia”

Cando no 2006 liamos o texto da tan esperada por necesaria, e anunciada *Lei de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, cacarexada polos políticos como “o cuarto pilar do benestar” non podiamos imaxinar as perversas consecuencias que están a repercutir agora sobre o sistema. Eu, iluso, era dos que pensaba que por fin se facía unha lei que viña a pór un pouco de orde, que reforzaría os servizos sociais e convertía en dereitos subxectivos os servizos e prestacións que ata entón ou non existían como tal ou estaban aínda condicionados ás subvencións e polo tanto á súa aplicación discrecional. Pensaba que o seu financiamento estaba garantido polos presupostos, como o estiveron sempre as pensións non contributivas (un fito xunto coa LISMI na lexislación social dos gobernos socialistas).

Pero esta vez o ministro Caldera tivo un grave erro de cálculo, e as matemáticas non cadran, xa que o sostemento económico para o desenvolvemento total desta lei, tan espléndida e xenerosa na súa redacción como necesaria para a poboación, constitúe ao parecer unha auténtica lousa para as arcas públicas, polo que xa hai quen di que require en termos reais, polo menos, un pequeno e adicional incremento nas cotizacións salariais dos traballadores en activo para a salvagarda dun sistema de atención á dependencia con carácter contributivo e non contributivo polo mesmo mecanismo que o actual sistema de pensións.

De forma que a realidade actual, por máis esforzos que fagan as administracións xestoras (os/as sufridos/as e pacientes traballadores/as da Xunta e concellos que ao final somos os que poñemos a cara por un sistema que non deseñamos), é que todo está a ser un cúmulo interminable de obstáculos, burocracias, modificacións lexislativas, atrasos, incumprimentos que non teño reparo en dicir que está nos límites do engano. Pero si engano foi e está sendo esta lei para a poboación afectada (non quero entrar en detalles, algúns son de vulgado de garda), para os servizos sociais en xeral e para os comunitarios dos concellos en particular está a representar unha auténtica ameaza. Un auténtico Leviatán que está engulindo e fagocitando todos os recursos financeiros (xa de por si escasos) dun sistema público de servizos sociais que non era precisamente sólido se non máis ben fráxil e moi vulnerable, pola forma en que foi concibido e creado.

¹ Datos da Memoria oficial do Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais nas corporacións locais 2010/2011 elaborada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, adiantados no informe/documento “El Valor de la Proximidad”.

É dicir, o derradeiro grande avance da política social española que prometía garantir os dereitos de centos de miles de persoas e de paso crear unha gran bolsa de emprego está a producir unha seria e preocupante falta de apoio á rede básica dos servizos sociais existentes, créase unha paradoxal dualidade de atención aos cidadáns; por un lado o sistema dos servizos sociais comunitarios, de atención primaria, de base (todas as denominacións foron acertadas e responden á súa natureza) extenso pero cada vez máis débil, (non foi suficientemente nutrido nin consolidado), cada vez máis confuso e indefenso (os vaivéns da enxeñería político-xurídico-financeira e das cabezas pensantes/gobernantes téñeno mareado). Polo outro lado está o sistema de atención á dependencia, que fagocita o presuposto xeral e condena ao esquecemento e á morte orzamentaria a aqueles (o portal de entrada) ao cal este novo sistema tanto lle adebeda, por que lembremos, as situacións de dependencia xa existían antes da lei que agora as regula. Os servizos sociais básicos foron precisamente os sensores da súa necesidade.

Estase, coma sempre, a matar o mensaxeiro.

A crise económica e social a crise do propio sistema

Parece ser que a situación da crise financeira “obriga” os políticos a abordar o déficit da Administración pública polo fácil método dos múltiples recortes nos eidos da saúde, servizos sociais e educación. Non se decatan de que están a deteriorar o sistema de atención o propio tecido social e pode chegar o caso (ninguén o desexa) de que quede “o nervio ao aire”. Creo que afortunadamente estamos lonxe dunha revolución social e/ou violenta, temos cultura cívica e paciencia, pero os efectos da crise están a causar danos que tardaremos moitos anos en repoñer, cando non, irreparables.

Recortar un 40% no Plan concertado nos presupostos do goberno para este ano 2013 significa que os concellos están a ter moitísimas dificultades para atender as necesidades sociais máis básicas das familias necesitadas nun momento especialmente inoportuno de dificultades económicas, escaseza e paro. Este recorte, que me temo que vai ser progresivo, significa que despois de tan longo camiño o Goberno deixa de financiar os servizos sociais básicos e abandona esa responsabilidade e cárgalles o morto ás comunidades autónomas e aos municipios, como se estes tiveran os petos cheos.

De feito, este sutil desmantelamento xa comezou o ano pasado; para a Xunta de Galicia os servizos sociais xa só existen en clave de dependencia, destínase o groso do orzamento a ese cometido. Case de favor, facendo un encomiable esforzo, Uff!! manteñen a subvención dos/das traballadores/as sociais, pero do resto nin rastro. Como se dunha pelota se tratase, pasáronlle “o resto” ás deputacións provinciais, que despois de vinte anos sen dicir nin “mu” no asunto aparecen agora en escena como en plan heroico salvando os concellos de tal grave afronta.

É contradictorio ademais que, por parte da Xunta de Galicia se opte por subvencionar só os postos dos traballadores sociais municipais e darlle as

costas ao resto de profesionais dos centros de servizos sociais e UTS e á actividade que todos en equipo xeran.

Se recoñecen e seguen considerando o/a traballador/a social como figura profesional principal do sistema, por que se despoñan os concellos das súas competencias e capacidades? por que non deixan as cousas como estaban? En vez de integrar, desintegran. De feito, o sistema de atención á dependencia é, ou debería de ser, un programa máis dentro do esquema dun servizo social municipal, como o son outros (atención a minorías étnicas, inmigrantes, inclusión social etc.).

Nos servizos sociais comunitarios cabe todo, pero nada é máis importante que o outro. Unha comunidade necesita respostas integrais. Os/as veciños/as acoden aos centros municipais de servizos sociais por que son o seu referente próximo, por que saben que alí se lles vai escoitar, informar e axudar, por que son o portal de entrada ao sistema que inexplicablemente agora se quere desmantelar. Paradoxalmente, a Xunta de Galicia segue a lles endosar aos servizos municipais responsabilidades de intervención en novos plans sociais mentres nos recorta os medios, o cal nos obrigará a traballar aínda máis, pero cada vez peor, non é sorprendente?

Non quero facer política pero creo que os dirixentes políticos e lexisladores centrais e autonómicos están totalmente errados e coa súa liña ultraliberal e aforradora nos conducen directamente ao abismo. As políticas sociais ben feitas non son un gasto senón un investimento na sociedade que repercute no seu progreso, na democracia e no benestar.

A CRÚA REALIDADE DIARIA

Falo por min pero penso que esta reflexión está latente en todas/os profesionais dos servizos sociais comunitarios, especialmente daqueles que exercen en concellos galegos de máis de dez mil habitantes, que, como o de Verín, presenta unha problemática típica dun contexto mixto urbano/rural.

Os/as traballadores/as sociais municipais estamos a asistir, xa dende hai anos ao fenómeno visible no noso labor cotián, de que a crise económica xeral esta a producir unha importante bolsa de novos/as usuarios/as que os servizos sociais municipais non están suficientemente preparados para absorber. Refírome á morea de xente que perdeu o seu emprego e retorna aos seus lugares de orixe, despois de moitos anos, dende as zonas industriais catalás, do País Vasco e da franxa costeira galega. Este público novo, en contraposición ao "antigo", recorre con urxencia aos concellos a solicitar axuda despois de esgotar a protección contributiva e asistencial dos servizos públicos de emprego.

O seu perfil é de persoas soas ou parellas en situación de total desemprego, con cargas familiares, cun nivel socioeconómico e de instrución máis alto que a media do público "tradicional", xeralmente endebedados

con hipotecas e acollidos nos fogares de pais, sogros ou avós. Na intervención social con este “novo” público, atopámonos coas dificultades de tempo e de persoal, sobrecargado coa xestión da dependencia, coas deficitarias dotacións orzamentarias propias e coa saturación e lentitude dos procesos administrativos na aplicación dun recurso de tipo económico como a RISGA ou axudas de emerxencia social.

Os profesionais que vemos diariamente a crúa realidade social debemos garantir os dereitos sociais das persoas en situación de exclusión. O sistema para o cal traballamos non está, por moito que se di, preparado para a nova casuística. Os aforros e esforzo dos acolletores (pais, avós, irmáns) dos novos parados (e, en pouco tempo pobres), serven de colchón social ante a lenta resposta da Administración pública (todos nós). O terceiro sector (Cáritas e outros), tantas veces ignorado polo noso “exemplar” sistema público sácanos agora de apuros no que na atención material ás familias se refire.

Este novo público queda excluído en moitos casos polos baremos que hai que cumprir para acceder ao salario social galego ou polo requisito do ano previo de empadramento. Presenta ademais unha escasa resiliencia ás carencias materiais e soporta con moita menos habilidade a crise que o público “antigo” instalado sempre nunha crise permanente.

Parece como se retrocederamos trinta anos. Ata hai pouco tempo, nos servizos sociais estabamos xa no nivel de atender a demanda da xente en canto a itinerarios formativos e laborais, para pasar de repente a que o público chame ás nosas portas demandando directamente axuda para comer.

XAQUE AO MUNICIPALISMO: A NOVA LEI IGNÓRANOS

Entendiamos os servizos sociais como un conxunto organizado de recursos humanos, materiais, técnicos e financeiros necesarios para lles axudar ás persoas, grupos e colectividade a resolver os seus problemas, a superar as súas dificultades e a mellorar a súa calidade de vida. Que aqueles, ademais, debían estar o máis preto posible, para que as persoas puideran utilizalos sen saír do medio social e ambiental que identifican como a súa comunidade. Os concellos son a Administración pública máis achegada ao cidadán, o marco onde é máis necesaria a presenza de profesionais, recursos e servizos para superar as condicións estruturais que favorecen a existencia de situacións de carencia, necesidades e marxinação.

O municipalismo é un dos sinais de identidade do Sistema Público dos Servizos Sociais polo que ten de proximidade á expresión das necesidades sociais dos veciños.

Nesta liña lexislouse hai xa case trinta anos no eido local e nas sucesivas leis de servizos sociais de todas as comunidades autónomas se recollía esta filosofía. Ábrese agora de novo o debate do sistema ou modelo, é que foi un erro municipalizar?, sería máis conveniente que foran servizos autonómicos descentralizados nas comarcas?

Lembro, creo que en 1990, un plan experimental da Xunta presidida por González Laxe que implantaba equipos interdisciplinares de servizos sociais de atención primaria nas principais zonas de Galicia, entre elas a comarca de Verín/Monterrei; xa por entón unha das figuras profesionais era a educadora familiar tan en boga hoxe en día. Non era mala a idea se non fose pola indefinición das funcións que se van realizar polo equipo, que se dedicaba a facer estudos socioeconómicos e intervención individual e grupal sen moito convencemento. Os/as traballadores/as sociais municipais, mentres, coma sempre, se dedicaban a facer o traballo "sucio", a atender a xente, agoniados/as, e infravalorados/as, sufrindo as consecuencias dunha suposta coordinación que resultou ser un absoluto solapamento, polo menos dende a miña experiencia así o percibín.

Puidera ser que fose un bo camiño se a Xunta de Galicia hai vinte e cinco anos, seguindo o modelo de atención primaria de saúde dotase os concellos por si sós ou agrupados, segundo territorio e poboación, de centros municipais/comarcais de servizos sociais comunitarios, coas súas instalacións e cadro de persoal propio necesario dependente da Xunta absorbendo o persoal municipal existente nas mellores condicións posibles. Funcionaría como un centro de saúde, organizado, ben dotado de profesionais, dirixido e vacinado contra posibles contaminacións dos políticos locais. Todo con cargo á Xunta de Galicia, por suposto, como a saúde, para os cidadáns. Sería hoxe un modelo inviable polo forte investimento que suporía dar cobertura a todo o territorio galego, pero a Xunta prestaríalle os servizos básicos directa e de forma descentralizada á poboación sen ter que lidar co financiamento e alcaldes dos trescentos e pico concellos galegos. Pero remataría por caer no centralismo e despotismo, obviando a realidade local.

Eu son dos que aposto polo municipio como a man executora da Administración pública no territorio, pero unha man amiga e achegada aos administrados.

Coa reforma do artigo 135.3 da Constitución española conságrase a estabilidade orzamentaria como principio reitor que debe presidir as actuacións de todas as administracións públicas.

Isto abre camiño para a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira» que sen ningún tipo de miramentos, totalmente economicista e insensible, vai e outórgalles as competencias en servizos sociais practicamente en exclusiva ás comunidades autónomas, deixando os concellos de máis de 20.000 habitantes a expensas da nova redacción do artigo 26 da Lei de bases de réxime local, sorprendente e inxusta por malintencionada coa nosa función e demoledora para comunidade local.

O noso benquerido artigo 25.k da Lei reguladora das bases de réxime local que desde hai case tres décadas salvagardaba a acción social nos municipios cara aos cidadáns cando estipulaba que os concellos por si sós ou

asociados prestarían servizos sociais, e de promoción e inserción social, queda automaticamente fulminado, vexamos: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social*».

Paréceme un absoluto desprezo. Desaparecen “por arte de birlibirlo-que” os termos de prestación de servizos sociais con toda a metodoloxía e técnica profesional que iso implica e nos relegan a meros avaliadores e informadores de situacións de necesidade a derivar á omnipotente comunidade autónoma que todo o vai resolver. Ademais, segundo se desprende da lectura deste texto, os concellos de menos de 20.000 habitantes deixan de ter competencias na materia que segundo parece asumen as deputacións provinciais. (O que en Galicia segundo os datos do INE, obtidos polo Padrón Municipal do 1 de xaneiro de 2012, lle afectaría nin máis nin menos que ao 93% dos concellos da comunidade, nos que residen o 51´43% da poboación empadroada).

Non, señores gobernantes, vostedes non teñen nin idea. Os/as traballadores/as sociais somos moito máis que informadores/as; estudamos a realidade, valoramos e diagnosticamos, somos tamén terapeutas e facemos seguimento continuo. Que máis se lle pode pedir a unha figura profesional tan polivalente e formada, e dito sexa de paso tan mal retribuída? Tan mal o fixemos durante todos estes anos? Tan custosos son eses servizos que agora repercuten na sustentabilidade presupostaria? Nin os concellos nin moito menos os seus veciños foron os culpables da crise. Non se pode mirar todo pola óptica da sustentabilidade e estabilidade presupostaria. Se a Administración pública está para servir o cidadán, o principal criterio que hai que ter en conta é a rendibilidade social.

Que supón todo isto? Supón que toda a organización ata agora imponente que situaba como protagonista o nivel básico e local, por ser a Administración municipal a máis achegada ao cidadán, e que ademais estaba referendada polas normativas autonómicas e estatais, vai ser directamente demolida.

Por que esta demolición non só lles afecta aos servizos sociais, senón tamén a outros ámbitos de competencias directamente relacionados con aqueles como son a educación, a cultura, a promoción da muller, a vivenda, a sanidade e o ambiente.

Se todo vai pasar a mans doutras administracións, que lles queda aos concellos?, se os problemas se van resolver desde lonxe, que identidade de comunidade imos ter?

Como ben dicía o publicado por Joaquín Santos no seu blog “*O anteprojecto de Lei é demoledor non só para o Sistema de Servizos Sociais. Éo para o conxunto das competencias locais... O camiño cara ao peche ou privatización de todos estes servizos está servido... A Administración local queda despoxada do que lle é máis propio. Os cidadáns dunha localidade*

deixan de poder interesarse polas cousas que de verdade os unen como comunidade. Afóndase o camiño cara á individualización, cara á descohesión, cara á liquidez da nosa sociedade”.

Esperemos que alguén faga algo aínda que penso que xa é tarde. A FE-GAMP ten moito que dicir e sinceramente, debería estar máis atenta e impedir de raíz tal disparate.

Os colexios profesionais tamén deben facer oír a súa voz. Non debemos deixar que se instale esta anormalidade no presente e futuro dos servizos sociais.

Debemos tamén os colectivos profesionais implicados na prestación de servizos sociais aproveitar estes malos momentos para facer autocrítica, mellorar e facernos ver aínda máis, ter máis unidade, que se note que nos gusta o que facemos, e como alguén dixo por aí, axustando as nosas velas ante os ventos adversos para chegar ao punto que queremos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- García, G., Parreño, A., Ramírez, J. M. e Santos, J. (2013). *El valor de la proximidad. Servicios sociales y Ayuntamientos*. Asociación Estatal de Directores y Gerentes de Servicios sociales.
- Instituto Nacional de Estadística (2013). Cifras oficiales de población resultantes de la revisión del Padrón municipal a 1 de enero de 2012. Población por provincias y tamaño de los municipios. Recuperado de http://www.ine.es/inebmenu/mnu_padron.htm
- Santos, J. (2013, 2 de abril). El valor de la proximidad [Blog] Recuperado de <http://espacioservisoci.blogspot.com.es/2013/04/el-valor-de-la-proximidad.html>

TEXTOS NORMATIVOS

- Xefatura do Estado (1985, 3 de abril). Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local. *Boletín Oficial do Estado*, 80.
- Xefatura do Estado (2012, 30 de abril). Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira. *Boletín Oficial do Estado*, 103.

Alternativas ao Estado de benestar: análise das respostas xurdidas nos movementos sociais en Santiago de Compostela

*Xiana López Penedo. Traballadora Social, núm. col. 2006.
xiana.penedo@gmail.com*

RESUMO:

O presente traballo xorde da necesidade de reflexionar sobre os rumos que, como profesionais do traballo social, debemos tomar nas nosas intervencións para adaptarnos a un momento histórico no que, as pequenas conquistas arrincadas polas clases traballadoras durante anos de loitas, e que deron en configurar os denominados estados de benestar, están a ser suprimidas baixo a escusa da austeridade e control do déficit. Este adelgazamento dos sistemas protectores do Estado, inflúe criticamente nas estruturas nas que a profesión do traballo social se viña desenvolvendo nas últimas décadas, e esixen pola nosa banda, un repensar nos nosos xeitos de actuar. Cada vez somos máis as compañeiras que apelamos á necesidade de retornar ao traballo social comunitario e á metodoloxía participativa, como formas de intervención responsables e éticas, que propician o empoderamento da sociedade civil de cara á creación de respostas a problemáticas comúns; e observamos e apuntamos á necesidade de camiñar á par das diversas iniciativas que, dende a sociedade civil, se están articulando para defender os mesmos dereitos que como profesionais do traballo social, temos a obriga ética de defender.

PALABRAS CLAVE:

Traballo social comunitario, movementos sociais, participación, democracia, sociedade civil.

RESUMEN:

El presente trabajo surge de la necesidad de reflexionar sobre los rumbos que, como profesionales del trabajo social, debemos tomar en nuestras intervenciones para adaptarnos a un momento histórico en el que, las pequeñas conquistas arrancadas por las clases trabajadoras durante años de luchas, y que dieron en configurar los denominados estados de bienestar, están siendo suprimidas bajo la excusa de la austeridad y control del déficit. Este adelgazamiento de los sistemas protectores del Estado, influye críticamente en las estructuras en las que la profesión del trabajo social se venía desarrollando en las últimas décadas, y exigen por nuestra parte, un repensar nuestras maneras de actuar. Cada vez somos más las compañeras que apelamos a la necesidad de retornar al trabajo social comunitario y a la metodología participativa, como formas de intervención responsables y éticas, que propician el empoderamiento de la sociedad civil a cara descubierta a la creación de respuestas a problemáticas comunes; y observamos y apuntamos a la necesidad de caminar a la par de las diversas iniciativas que, desde la sociedad civil, se están articulando para defender los mismos derechos que como profesionales del trabajo social, tenemos el deber ético de defender.

PALABRAS CLAVE:

Trabajo social comunitario, movimientos sociales, participación, democracia, sociedad civil.

ABSTRACT:

This article stems from the need to reflect about the direction our interventions as social service professionals must take in order to adapt to a moment in history in which, waving the banner of austerity and deficit control, administrations are suppressing the frail achievements working classes had managed to attain after years of relentless fight, achievements that gave way to the so-called Welfare States. The cuts implemented on public protection systems have had a dramatic effect on those areas in which social workers have been carrying out their activities over the last decades, and this calls for a reconsideration of our behaviour. We, social workers, are more convinced than ever that it is necessary to go back to community-based social services and to a participative methodology, as these are two responsible and ethically correct forms of intervention that propitiate the empowerment of civil society and its reaction against shared problems. We perceive the need to walk side by side with civil society and recommend to act accordingly, taking into account the initiatives set in motion by its members in order to defend the same rights that we, social workers, have the ethical duty to defend.

KEYWORDS:

Community social work, social movements, participation, democracy, civil society.

1. INTRODUCCIÓN

O presente artigo é unha adaptación da investigación realizada no marco do curso ponte para a obtención da titulación do Grao en Traballo Social, onde se levou a cabo este estudo coa intención de analizar as respostas que se están a xerar dentro dos movementos sociais á situación de dificultade social, no contexto actual de crise e no ámbito xeográfico de Santiago de Compostela.

A escolla desta temática responde á necesidade de crear ou recuperar outro tipo de respostas, que sexan quen de articular mecanismos para a satisfacción e cobertura de necesidades dunha poboación cada vez máis precaria no ámbito socio-económico e político que, nas primeiras décadas do século XXI, está a producir modificacións substanciais do denominado, ata o de agora, "Estado de benestar". Estas modificacións, que afectan o espazo "natural" onde o traballo social se desenvolve, producen na sociedade civil respostas de diversa índole ante a incapacidade dos sistemas formais de apoio de lles dar cobertura ás necesidades sociais insatisfeitas, baseadas principalmente no apoio mutuo, para cubrir necesidades básicas (alimentación, vivenda, emprego, recursos materiais).

Entre a variedade de respostas que están a xurdir, esta investigación baseouse no estudo das seguintes iniciativas con ámbito de actuación en Santiago de Compostela.

- Proxecto Integral de Compostela.
- Renda básica das iguais.
- Stop desafiuzamentos.
- Asemblea Aberta.
- Asociación Galega de Horticultura Urbana.

2. CONTEXTUALIZACIÓN TEÓRICA

2.1 Traballo social e movementos sociais. As novas relacións no contexto da crise dos violentos anos dez.

“Sospeito que moitos de nós estamos loitando por atopar algunha esperanza neste momento histórico actual, no que millóns de persoas teñen pouco ou ningún acceso á atención sanitaria, sen éxito na busca

de traballo, experimentando a perda dos seus fogares e vivindo nun ciclo crecente de pobreza.

A FITS insta os seus membros a aumentar a conciencia nestas accións sociais globais e para tomar parte nas protestas pacíficas de ocupación, considerándoo necesario como profesionais do Trballo Social”.

En *Solidariedade*, Gary Bailey (2011), Presidente da FITS.

Amosar a clara vinculación existente entre movementos sociais e traballo social é unha das finalidades deste traballo. Non se pode evitar neutralizar o feito de que as ferramentas e os esquemas teóricos dende os que parte a investigación proceden do traballo social, profesión que ao longo da súa propia historia foi parte sempre das mudanzas que se desenvolveron dende dentro da propia disciplina, como á súa vez, da realidade social na que se foi construíndo.

Partindo desta estrutura epistemolóxica, atopámonos nun contexto específico que foi levando a profesión a desenvolverse nun determinado marco, os estados de benestar, e centrándose principalmente nunha forma de facer da profesión, o traballo social de caso. O contexto actual de crise sistémica que se está a vivir nas sociedades capitalistas occidentais, é a causa das modificacións dos marcos de traballo nos que nos viñamos desenvolvendo como profesionais ata o de agora: limitarse ás capacidades “protectoras” dos sistemas de benestar, hoxe en día en vías de deconstrución, nun contexto de aumento das demandas sociais sobre necesidades básicas consagradas na lexislación como dereitos de cidadanía, e que non están sendo cubertas polas políticas públicas, está levando a moitos profesionais a reformular o seu que-facer dentro dos parámetros actuais da profesión.

Proba disto atópase no preámbulo da Axenda global de traballo social e desenvolvemento social, presentada no 2012 e asinada pola Federación Internacional de Traballadoras Sociais (FITS), A Asociación Internacional de Escolas de Trballo Social (AITS), e o Consello Internacional de Benestar Social (CIBS):

Como traballadoras sociais, ensinantes e profesionais do desenvolvemento social, somos testemuñas da realidade cotiá dos desafíos persoais, sociais e comunitarios. Cremos que agora é o momento de traballar xuntas, en todos os niveis, de cambio, de xustiza social, e para a aplicación universal dos dereitos humanos, creando iniciativas e movementos sociais.

Marcábase como un dos obxectivos estratéxicos desta axenda animar as organizacións membros a establecer alianzas con outras entidades para traballar conxuntamente. Esta cuestión materializouse no Estado español a través da *Alianza para a defensa do sistema público de Servizos Sociais* e tamén da autodenominada *marea laranxa*.

Sinala Lima (2013), Presidenta do *Consejo General de Trabajo Social*, varias cuestións de interese para abordar a relación da profesión cos movementos sociais no contexto actual:

- O chamamento para que a profesión lidere o cambio social, participando nos movementos sociais e na denuncia da discriminación que xeran as políticas de austeridade postas en marcha en Europa, como amosan as declaracións dos presidentes da organización global¹ e da europea².
- O manifesto da organización europea (IFSW³ Europe) “A crise financeira alimenta a discriminación en Europa”, no que se fundamenta que nos países europeos nos que se está a abordar a crise aplicando políticas de austeridade e recortes, existe un claro aumento da vulneración dos dereitos humanos e da discriminación social.
- A situación actual dentro da profesión, de despedimentos e perda de identidades, non nos debe facer esquecer que a gran prexudicada está a ser a cidadanía, cuxos dereitos están a ser eliminados. A posición do traballo social ten que ser a de estar ao lado das persoas, defendendo o modelo social no que cremos.
- O chamamento realizado dende a FITS para participar nos distintos movementos cun dobre obxectivo: denunciar publicamente as situacións de necesidade, colocando na axenda pública situacións como a pobreza, a exclusión e a desigualdade social, e polo outro fomentar a participación da cidadanía, empoderando as persoas que sofren problemas, para que busquen elas mesmas propostas de solución na idea das “comunidades inclusivas”, que reforzan o tecido social e consecuentemente, a cohesión social (Putnam, citado en Lima, 2013, p. 76).
- No contexto actual de involución social, preséntase como un reto e unha responsabilidade para a profesión a procura de solucións aos novos problemas sociais e a participación nos novos movementos sociais.

Podemos destacar tamén as reflexións de Teresa Zamanillo (2013) sobre o concepto de intervención social moi significativas no contexto actual de decrecemento do Estado de benestar, e da súa vinculación coa ideoloxía. Zamanillo apunta que a intervención social debe tomar un novo rumbo

¹ Gary Bailey, presidente da Federación Internacional de Traballo Social -FITS-IFSW. Organización Global.

² Nicolai Paulsen, presidente da Rexión Europea da Federación Internacional de Traballo Social -FITS-IFSW.

³ Siglas en inglés da Federación Internacional de Traballo Social.

ante as situacións de vulneración social actuais, e a necesidade de implantar un novo perfil profesional que tenda a traballar conxuntamente coa po-boación. “Hoxe en día impónsenos un exercicio responsable das profesións da intervención social, un exercicio no que o poder e o saber vaian da man da ética e se sustenten, polo tanto, nunha ideoloxía na que se defenda unha xustiza social apoiada na redistribución dos ingresos, o recoñecemento da diferenza e a participación política” (Zamanillo, 2013, p. 110) o que implica a necesidade de formarse na intervención con grupos e na intervención comunitaria como espazos de formación de vínculos para dar respostas comúns. Enténdese pois, que se fai un chamado á recuperación da comunidade como ámbito de intervención.

Non se pode obviar, chegados a este punto, as reflexións que os nosos compañeiros e compañeiras de profesión facían nos anos 60 sobre os procesos de intervención comunitaria, sobre todo no *Cono sur*, no que impulsaban un debate e práctica profesional orientado non só a combater a suposta neutralidade da ciencia e o traballo social (vs positivismo e a neutralidade da ciencia), senón a súa articulación política na construción dun proxecto de sociedade inclusiva, xusta, democrática e respectuosa cos dereitos humanos. O *movemento reconceptualizador* deulle novos bríos ao traballo social e particularmente, a determinación de atender as necesidades dos sectores sociais buscando a súa promoción social, o seu empoderamento social e a súa identificación como suxeitos históricos capaces de construír a sociedade que desexan.

Foi neste momento cando, seguindo a Chinchilla (2006), este proceso reconceptualizador constatou que a sociedade pode ser cambiada, que as condicións estruturais que xeran pobreza e exclusión social poden ser modificadas e ata incluso superadas, e que o traballo social pode desenvolver actuacións de coñecemento e de intervención profesional orientadas á superación da pobreza e a exclusión social, coa participación activa dos sectores populares e os sectores máis progresistas da sociedade.

No contexto actual, dos violentos anos dez, observamos como comezan a xurdir expresións sociais que fan da participación e da mobilización social un medio para acadar a liberdade e o recoñecemento de dereitos, e como se encetan respostas tanxibles elaboradas dende abaixo, facendo propios os principios de autoxestión e participación social, os cales están creando alternativas que dan cobertura a necesidades básicas como a alimentación, a vivenda, ao emprego, apoio mutuo etc. e xéranse novos espazos nos que colle, e deberían participar, ao entender de moitas voces do noso ámbito, as e os profesionais da intervención social, fomentando a participación social, empoderando a cidadanía, potenciando todas as capacidades do ser humano e xerando o protagonismo da persoa en tanto ser social.

2.2 Fundamentos teóricos para o estudo dos movementos sociais

2.2.1 A acción colectiva e movementos sociais

Para poder iniciarse no estudo dos movementos sociais, os diversos teóricos sinalan a necesidade de comprender o que é a acción colectiva, ao ser a súa relación co movemento social de primeira orde. Así, Tarrow (1994) define acción colectiva como expresións públicas de confrontación entre os descontentos e as autoridades, **no límite ou fóra da política institucional**. Para algúns autores, o movemento social é unha forma de acción colectiva; ao igual que a folga, a manifestación etc., para outros, a acción colectiva é a forma de expresión pública do movemento.

O **movemento social** non se esgota na acción colectiva, e é máis, pode existir independentemente nas redes sociais ou subculturas; os membros do movemento social desenvolven e apelan á solidariedade; en cambio, quen actúa na acción colectiva non sempre ten lazos de solidariedade entre eles, e o movemento social sempre foi considerado como portador dun desafío ás elites ou aos códigos culturais dominantes; en cambio, a acción colectiva pode incluso manifestar o apoio ao mantemento do status quo.

Dieter Rucht (Citado en Funes e Montferrer, 2003) distingue os movementos sociais dos partidos políticos e grupos de interese, fundamentalmente, pola forma de organización e o ámbito de acción. **Os movementos sociais caracterízanse por ter unha estrutura organizativa laxa, informal, pouco xerarquizada, con prácticas centradas na protesta mediante as que pretenden influír nas decisións políticas, e para a súa actividade dependen do compromiso activo e voluntario dos seus activistas e simpatizantes**. Os grupos de interese, pola contra, posúen unha estrutura organizativa formal e moi xerarquizada. O exercicio da presión formal aos poderes públicos para intentar influír nas decisións políticas é o seu xeito máis habitual de acción e a actividade dos seus membros está moi profesionalizada. Os partidos políticos teñen como obxectivo participar en procesos electorais e erixirse en representantes políticos, polo que a súa actividade está moi regulamentada e profesionalizada. Así pois, os movementos sociais, actuando nas marxes do sistema político, son os produtores das accións colectivas políticas non institucionais.

Os movementos sociais dependen en gran medida da participación voluntaria dos seus partidarios. **O que motiva a participar** os individuos en accións colectivas políticas non institucionais, é determinado por Funes e Montferrer (2003, p. 22), pola **premisa previa da consideración dunha situación como “inxusta, inconveniente ou sinxelamente mellorable”**, e a partir de aí, chegar ao convencemento de que unha acción colectiva reivindicativa fronte ás autoridades ou antagonistas pode ser eficaz para reverter esta situación.

Como se produce o proceso mediante o cal unha situación é definida como inxusta e os individuos tratan de revertela ou mitígalala, é o obxecto das diferentes perspectivas teóricas.

2.2.2 Principais tradicións teóricas

Neste punto preténdese facer un primeiro achegamento ás principais tradicións teóricas no estudo dos movementos sociais que sustentan a perspectiva empregada nesta investigación.

A construción social da protesta. Mediante esta teoría Klandermans (1994) pretende explicar unha cuestión fundamental: como chegan os individuos a definir unha situación como problemática, e que lles impulsa a tomar parte nunha acción colectiva para superala ou mitígalala. Para este autor, combinar o nivel colectivo e o nivel individual é fundamental para entender como se forman e transforman as crenzas colectivas, polo que propón un enfoque que combine os dous niveis de análises, para estudar os procesos de formación e transformación das crenzas colectivas que dan lugar á aparición de accións colectivas e contemple estas tanto como variable dependente como independente.

A construción social da protesta, na medida en que define unha situación como problemática e susceptible de ser modificada mediante a acción colectiva, prodúcese en tres niveis de construción de significado interrelacionados e acumulativos, tratando de alumar as relacións entre as crenzas colectivas, as estratexias comunicativas dos actores sociais e o ámbito afectivo individual.

A estrutura de oportunidade política (EOP). Os estudosos desta perspectiva teórica coinciden na importancia que ten o sistema político –considerado de xeito global– no momento de analizar as oportunidades para a acción colectiva (McAdam, McCarthy e Zald, 1999). Ao ser varios os estudosos desta perspectiva, existen algunhas coincidencias con respecto ás dimensións fundamentais da EOP:

- O grao de tendencia á apertura do sistema político institucionalizado.
- A estabilidade nas aliñacións das elites que defenden determinadas liñas políticas.
- A posibilidade de contar ou non co apoio destas elites.
- A capacidade estatal para reprimir os movementos sociais e a súa tendencia a facelo.

A pesar da disparidade de opinións, o único claro é que os cambios das estruturas de oportunidades políticas crean incentivos para as accións colectivas; os movementos teñen máis posibilidades de manifestarse publicamente cando se amplían as oportunidades, cando se amosa a existencia de aliados e cando se pon de relevo a vulnerabilidade dos opoñentes.

Formas de acción e repertorios de protesta. Outra das perspectivas para abordar o estudo dos movementos sociais é a análise dos métodos de

protesta que empregan. As formas de protesta son as formas non rutinizadas de influír nos procesos políticos, sociais e culturais, e poden definirse como “espazos de contestación onde se empregan corpos, símbolos, identidades, prácticas e discursos para perseguir ou previr cambios nas relacións institucionalizadas de poder” (Taylor e Van Dyke, citados en della Porta e Diani, 2011, p.215). Aínda que os movementos sociais non son os únicos que empregan a protesta como instrumento, xa que outros actores como os partidos políticos e grupos de presión fan uso destes métodos, a protesta é considerada como a forma de acción típica dos movementos sociais, ao carecer estas doutras canles de acceso a quen toma decisións.

Os repertorios de acción son definidos por Charles Tilly como o “conxunto de medios que ten un grupo para formular reivindicacións diferentes a individuos diferentes” (della Porta e Diani, 2011, p. 216). O académico Tilly acuñou este termo a finais da década dos setenta, afirmando que ao empregar o concepto de repertorio fai referencia ao conxunto limitado de rutinas aprendidas, compartidas e actuadas a través dun proceso de elección relativamente deliberado. Agrega que os repertorios son creacións culturais aprendidas, pero non descenden dunha filosofía abstracta nin toman forma como resultado da propaganda político, senón que xorden da loita.

A forma de manifestarse dos movementos sociais e as organizacións que os compoñen resulta de grande importancia, xa que este é o modo no cal se amosan ante a sociedade, e neste sentido, as accións levadas a cabo polos seus membros e as decisións tácticas que adoptan, son unha contribución crítica e fundamental ao labor global de dotación de significados. Un dos potenciais máis importantes de todo movemento social é a súa capacidade de acción a nivel colectivo, a través dos repertorios de resposta, que serven para comunicar e transmitir as súas exixencias, facéndoas visibles para o resto da sociedade a través das accións. Crean vínculos de solidariedade cara a dentro e cara a fóra do colectivo, convencen os participantes das súas posibilidades de incidencia e xeran certo simbolismo do que emana unha determinada identidade, e por último, desafían os adversarios a partir da creación da incerteza.

Aínda que as formas de protesta de acción se concentran en boa medida no sistema político, hai que ter en conta que os movementos tamén fan uso, en diferentes graos, de estratexias culturais orientadas a cambiar os sistemas de valores. Mentres que as estratexias políticas buscan, sobre todo, mudar a realidade externa, as culturais buscan unha transformación interior. Rutch (*citado* en della Porta e Diani, 2011, p. 221) sinala que “algúns movementos sociais diríxense principalmente ao sistema de valores mentres que outros se centran no sistema político”. Ademais, os mesmos movementos alternan fases de maior politización e outras de retiro á actividade contracultural, como sinala Melucci (*citado* en della Porta e Diani, 2011, p. 221).

As formas de accións poden ser diferenciadas segundo a lóxica ou *modus operandi* asignado polas persoas participantes. Della Porta e Diani

(2011) fan mención a tres lóxicas: a dos números (que busca demostrar a forza do apoio a un movemento), a do dano (baseada na capacidade de rachar a rutina diaria) e a da testemuña (demostración dun compromiso emocional cun obxectivo considerado vital).

Moitas das formas de protesta teñen profundos efectos no espírito de grupo das persoas participantes, xa que, como sinala Rochón “non hai nada tan produtivo en termos de solidariedade como a experiencia de fusionar os propósitos do grupo coas actividades da vida cotiá” (della Porta e Diani, 2011, p. 230). Os repertorios de acción non son unicamente instrumentos de protesta, senón que ademais, posúen unha importante función interna, a de crear o sentido de identidade colectiva, condición para a acción cara a unha meta común.

3. PROCESO METODOLÓXICO

Esta investigación responde, como xa se mencionou anteriormente, ás diversas voces que, dende as disciplinas da intervención social, reclaman a creación ou a recuperación de respostas que sexan quen de articular mecanismos de intervención, para afrontar as necesidades sociais dunha poboación cada vez máis precaria no ámbito socio-económico. Ante estas situacións de inxustiza social, estanse a articular na sociedade civil respostas de diversa índole, baseadas principalmente no apoio mutuo, para cubrir necesidades básicas (alimentación, vivenda, emprego, recursos materiais).

Para o estudo destas respostas, a investigación parte dun enfoque cualitativo con base empírica, como un exercicio que se vai realizar a través de sucesivas aproximacións ao campo de indagación. A escolla da metodoloxía cualitativa, pretendeu favorecer o achegamento intensivo máis que extensivo aos feitos obxecto de estudo, empregando, principalmente, a análise da linguaxe feita polos suxeitos, e as súas propias expresións e intenta obter unha comprensión profunda dos significados e definicións da situación, tal e como foron presentadas polas persoas entrevistadas. Pártese da intersubxectividade como peza clave da investigación, e como punto de partida para captar reflexivamente os significados sociais.

A tarefa fundamental da investigadora foi a de intentar comprender o mundo complexo da experiencia vivida, dende o punto de vista das persoas que a experimentan, tratando de comprender as súas diversas construcións sociais sobre os significados dos feitos e coñecementos.

A abordaxe xeral empregada no desenvolvemento desta investigación correspondeuse cun deseño fenomenolóxico. Segundo Salgado (2007) este tipo de deseño enfócase nas experiencias individuais dos participantes, indagando sobre o significado, estrutura e esencia da experiencia vivida polos suxeitos do estudo. O centro de indagación, determinado por este deseño de investigación, residiu na experiencia das participantes.

A fenomenoloxía fundaméntase nas seguintes premisas (Crenswell, citado en Salgado, 2007):

- Pretende describir e entender os fenómenos dende o punto de vista de cada participante e dende a perspectiva construída colectivamente.
- Baséase na análise do discurso e temas específicos, así como na busca dos seus posibles significados.
- A persoa investigadora confía na intuición e na percepción para captar a experiencia das participantes.

O principal instrumento para a recollida de datos foi a entrevista en profundidade, a mostra para a realización de entrevistas é intencionada, con base nunha tipoloxía, elaborado en relación coa representatividade das persoas, ben por ser impulsadoras, como polo seu activismo.

OBXECTIVOS

Obxectivo xeral

- Analizar e explorar as iniciativas xurdidas dentro dos movementos sociais, en Santiago de Compostela, para dar cobertura a necesidades básicas concretas de persoas en situación de dificultade social.

Obxectivos específicos

- Analizar as motivacións para a participación dos suxeitos nos movementos sociais obxecto de estudo.
- Identificar as demandas de necesidades sociais básicas non cubertas polo Estado de benestar, que son obxecto de atención e de intervención nos movementos sociais obxecto de estudo.
- Identificar e analizar os elementos da acción colectiva presentes nos movementos sociais obxecto de estudo (Segundo Tilly: organización, mobilización e estrutura de oportunidade política).
- Identificar e coñecer as formas de organización e os ámbitos de acción. Analizar a capacidade de mobilización, a continuidade da acción colectiva e do conflito, a integración simbólica, a forma de traballo, o repertorio de respostas e o grao de éxito acadado.

Poboación obxecto de estudo e deseño da mostra

A **poboación obxecto de estudo** desta investigación foi determinada como os movementos sociais que actúan na área metropolitana de Santiago de Compostela, a partir de participantes activos e/ou representativos destes. Para isto tivéronse en conta aqueles movementos sociais que, no seu

repertorio de resposta, inclúen iniciativas destinadas a responder á cobertura de necesidades sociais de colectivos en situación de precariedade, e estes mesmos colectivos son parte integrante do propio movemento.

Entre estas respostas, a presente investigación analizou as seguintes iniciativas:

- Asemblea Aberta: Comedor Popular, Horta Ocupada, Casa de Sar.
- Asociación Galega de Horticultura Urbana.
- Baladre: Renda básica das iguais.
- Proxecto Integral Compostela.
- Stop desafiuzamentos.

Deseño da Mostra. Seguindo a clasificación de Glaser e Strauss (citados en Valles, M. 1999), empregouse unha mostraxe secuencial conceptualmente conducida, a mostra non estaba preespecificada, senón que foi evolucionando unha vez iniciado o traballo de campo. As eleccións iniciais de informantes guiaron a outros informantes similares ou diferentes, aínda que se mantivo o criterio xeral de pertenza activa ás iniciativas obxecto de estudo. Polo tanto, a tipoloxía baseouse en criterios de *representatividade* como elemento modal en cada un dos colectivos de estudo.

Isto tamén supuxo que nalgunhas iniciativas foran varias as persoas entrevistadas, sobre todo para complementar a información, e noutras iniciativas soamente se entrevistara a unha persoa dado o alto grao de representatividade desa persoa informante clave. En total foron entrevistadas nove persoas, representativas de cinco colectivos.

4. INTERPRETACIÓN DE RESULTADOS

Para a presentación dos datos, pártese da organización da información con base nos obxectivos marcados na investigación, que foron os que guiaron tamén a ordenación temática nas entrevistas.

4.1. Contextualización persoal e motivacións para a participación

A finalidade deste punto é coñecer porque se implican e para que, determinando cales son as motivacións individuais que levan as persoas a participar nunha acción colectiva ou movemento social, para así poñer a énfase na persecución de intereses comúns e a efectividade da toma de decisión tácticas nas distintas accións colectivas.

Comezáronse as entrevistas para contextualizar previamente de onde viñan e se tiñan experiencias previas en movementos sociais ou en outras formas máis ou menos organizadas de traballo colectivo.

Pódese destacar que, das persoas entrevistadas, agás unha, todas as demais tiveran experiencias previas en accións colectivas, subliñando a participación anterior en movementos sindicais, culturais, estudantís, feministas, trans⁴ e lgtbi⁵, okupa⁶, asociacionismo de base e grupos políticos.

Das nove persoas entrevistadas, excepto dúas, que coinciden na perenza á mesma iniciativa -Proxecto integral Compostela , o resto procede dunha basta experiencia e participou en múltiples accións colectivas.

Unha das experiencias previas que se debe destacar que é mencionada nas entrevistas foi a participación, en maior ou menor grao, no movemento *15M*, que en Compostela fora coñecido como *Acampaobradoiro*. Todas as persoas fan mención explícita a este, tanto para relacionalo coa súa motivación persoal para participar, como para atribuírllelo ao resto de participantes e sinaláno como orixe dunha serie de redes sociais que aínda hoxe seguen vivas e acollen interaccións de diverso tipo.

Marcouse tamén como obxectivo desta investigación coñecer como os individuos chegan a definir unha situación de problemática e que lles impulsa a tomar parte dunha acción colectiva para superala ou mitígalala.

Así, hai reflexións encamiñadas na liña dun traballo interno da persoa, de cuestionamento da intrusión do estado e do mercado na vida social, reclámase “o dereito dos individuos a definir as súas identidades e a determinar a súa vida social e afectiva contra a omnipresente e completa manipulación do sistema” (della Porta e Diani, 2011, p. 30). Deste xeito, unha das motivacións sinaladas para a participación é resultado dun proceso de autoconhecimento e cuestionamento, partindo do día a día, do cotiá.

Funes e Monferer (2003, p. 22) sinalan que o que motiva a participar os individuos en accións colectivas non institucionais vén determinado pola premisa previa da consideración dunha situación como “inxusta, inconveniente ou sinxelamente mellorable”, e a partir de aí, chegar ao convencemento de que unha acción colectiva reivindicativa fronte ás autoridades ou antagonistas pode ser eficaz para reverter esa situación. Ademais de diagnosticar unha situación como inxusta, engádese o feito de xuntar forzas, persoas, para algo, intentando reverter a situación definida previamente como inxusta. É motivación para acción querer transformar a situación. Observouse nos discursos das persoas entrevistadas unha mestura de sentimentos, da indignación por unha situación descrita como inxusta e a necesidade de facer, de construír algo mellor.

⁴ Transexuais.

⁵ Lesbianas, gais, transexuais e bisexuais e intersexuais.

⁶ Movemento que reivindica o uso de terreos desocupados.

O potencial desestabilizador da crise do sistema tamén é sinalado como unha motivación para a participación en movementos. Poderíase encadrar en palabras de Hunt, Benford e Snow (1994) na elaboración dun marco de motivación, no que se sinala o indispensable da súa participación na mobilización e da eficacia da súa participación.

Retomando a Hunt, Benford e Snow, tamén é sinalado un marco de prognóstico, no que é establecido un plan para corrixir esa situación problemática. Así, enfróntase a problemática actual derivada do sistema imperante, creadora da inxustiza social, con outro xeito de facer as cousas, e apélase á colectividade, á procura doutras formas de relacionarse socialmente, de retornar á comunidade, á autoxestión, á solidariedade e á axuda mutua.

4.2. Problemáticas sociais

Este punto corresponderíase cunha análise subxectiva sobre os aspectos sistémicos que suscitan a aparición do movemento e o artellamento das diversas respostas. Identifícanse as demandas de necesidades sociais básicas, non cubertas polo Estado de benestar, que son obxecto de atención e intervención nos movementos sociais obxecto de estudo, así como as respostas que, segundo a opinión das persoas entrevistadas, están a dar os sistemas formais de apoio para a cobertura destas necesidades.

No relativo ás situacións sinaladas como problemáticas, faise mención á cobertura de necesidades básicas, ás situacións de desemprego e precariedade social, e aos problemas habitacionais de diversa índole (problemas hipotecarios, ameaza de perda de vivenda e carencia de vivenda).

As problemáticas sinaladas anteriormente son encadradas ademais dentro dun mesmo bloque, a crise de lexitimidade do sistema e a crise da representatividade da clase política, que implican un cuestionamento crecente da acción política dos gobernantes. A actitude de maior esixencia da cidadanía concrétese en actitudes de descontento e desconfianza cara aos representantes políticos e percíbese que non se cumpre cos presupostos de actuar en beneficio dos intereses da maioría social.

Ante as problemáticas presentadas anteriormente, sinálanse as respostas implantadas polos sistemas formais de apoio, ou a ausencia destas e as súas deficiencias para a resolución de situacións carenciais. Estas respostas, ou a ausencia delas, poden clasificarse en desenvolvemento de normativas e dotación de recursos (centros, dispositivos...).

4.3. Elementos da acción colectiva

Tratouse de identificar os elementos básicos que compoñen a acción colectiva. Segundo Funes e Monferrer (2003), considérase acción colectiva a toda acción conxunta que persegue uns intereses comúns e que para acadalos desenvolve unhas prácticas de mobilización concretas. No caso desta

investigación, estanse a analizar accións colectivas políticas, nas que se defenden uns intereses comúns que pretenden afectar a distribución do poder ou influír na toma de decisións.

Para facilitar a exposición dos resultados nestes punto, tratarase de identificar os elementos que segundo Charles Tilly (Citado en Funes e Monferrer, 2003, p. 23), compoñen a acción colectiva. Estes elementos son intereses, organización, mobilización e estrutura de oportunidade política. Esta identificación farase en relación con cada iniciativa analizada, aínda que, a estrutura de oportunidade política será analizada conxuntamente, xa que ao confluír no mesmo espazo físico e temporal, sería a mesma.

Proxecto integral Compostela, en diante PIC, preséntase publicamente como un grupo de veciñas e veciños da bisbarra de Compostela que pretenden ser autónomas das grandes corporacións e mercados, das que non acreditan nos seus valores e polo tanto pretenden non depender das súas crises. Manifestan a vontade de querer producir e mercar todo o que fai falta para as vidas —alimentación, vestiario, vivenda, saúde, educación, servizos, tecnoloxía...— dun xeito ético, local, autoxestionado e informado. Conciben a iniciativa como integral, aberta, integradora e transversal⁷.

O Proxecto integral Compostela naceu dunha xuntanza que houbo o 25 de xullo de 2012 en Compostela. Esta primeira xuntanza, que tiña carácter nacional, derivou na creación dun grupo local para favorecer a operatividade.

O Proxecto integral Compostela dótase dunha estrutura organizativa baseada na participación e na democracia directa, con xuntanzas asemblearias, cunha periodicidade mensual. Por operatividade, establecéronse varios grupos de traballo e destacan na actualidade 2 grupos, o de moeda social e o de comunicación, que manteñen xuntanzas semanais ou quincenais. Carecen de estrutura organizativa formal, dependen da voluntariedade das persoas participantes e rexeitan os principios de autoridade e xerarquía. A través dunha estrutura participativa trátase de favorecer a solidariedade interna e a cohesión do grupo e outórgaselles grande importancia aos valores e á ética.

Esta iniciativa desenvolve accións encamiñadas sobre todo a pór en práctica o obxectivo e non está relacionada directamente con accións de protesta.

Asemblea Aberta, realiza a súa primeira convocatoria o 22 de marzo de 2012, coa idea de afrontar a folga xeral que por aquel entón estaba convocada, mediante a creación dun bloque crítico no que se facía un chamado explícito á participación de colectivos que habitualmente non participaban nas xornadas de folga, por consideralas exclusivas das persoas traballadoras. Así tratábase de artellar unha resposta na que outros sectores

⁷ Información extraída do espazo que ten esta iniciativa na rede social *N-1* (ver referencias bibliográficas)

sociais, como o estudantil, as persoas desempregadas, inmigrantes, xubiladas e as traballadoras domésticas se mobilizaran contra a precariedade laboral, os recortes sociais e a pauperización dos servizos públicos⁸.

Partindo da convocatoria desa folga xeral, a pretensión tamén desta primeira convocatoria era darlles continuidade a outros procesos iniciados anteriormente: tratábase tamén de crear respostas alternativas ao capital-mercado e manter como obxectivos comúns das persoas participantes no movemento a busca e posta en práctica de novos mecanismos sociais que favorezan a cohesión e a solidariedade.

Para o seu funcionamento dótanse de estruturas organizativas laxas, baseadas principalmente na toma de decisións horizontais. Un aspecto que hai que destacar tamén é a reivindicación simbólica que se fai do uso do espazo público, reivindicando a rúa como o lugar común onde desenvolver as súas actividades. Tamén se artellan en grupos de traballo dependendo das temáticas. En consonancia coa súa estrutura organizativa horizontal, rexéitase a delegación de poder e priman os procesos consensuados de toma de decisións.

Esta iniciativa combina diversos tipos de respostas, algunhas directamente relacionadas con desafíos externos aos posuidores do poder político, mais tamén desenvolven actuacións dirixidas a por en práctica o “obxectivo”. Así, nese enfoque de construción á par da reivindicación, poñen en marcha varias iniciativas para poder dar solucións a situacións de dificultade social que, a día de hoxe, consideran que o sistema non está a resolver.

- Asemblea de paradas.
- Comedor Popular- Horta de Conxo.
- Centro Social Autoxestionado de Sar-CSA Sar.

Baladre-Renda Básica das Iguais, é unha coordinadora de loitas contra a precariedade, a exclusión e o empobrecemento. Con máis de 30 anos de experiencias, a proposta que se fai de renda básica das iguais destaca para o interese desta investigación.

A renda básica das iguais é o dereito que ten cada cidadán e cidadá, polo feito de nacer, a percibir unha contía periódica para cubrir as súas necesidades materiais. Engádenselle a esta definición unhas características para converter a iniciativa nun instrumento de acción política e social, ademais dun instrumento de redistribución da renda⁹. Este instrumento recolle interesantes achegas dos movementos feministas e da economía crítica. A iniciativa xorde de varios intereses compartidos ou obxectivos comúns por parte das persoas e colectivos que integran esta iniciativa.

⁸ Información extraída do blog da Asemblea Aberta (ver referencias bibliográficas).

⁹ Información extraída da páxina web da iniciativa (ver referencias bibliográficas).

Baladre defínese como unha coordinación que contén colectivos de diferentes partes do estado e dende hai un tempo tamén doutros continentes. A idea de coordinación racha coa verticalidade presente noutro tipo de organizacións. Defínese entón como unha proposta horizontal, dende movementos de base diversos que manteñen en común unha clara consigna de cuestionamento do sistema capitalista.

A proposta que fan de traballo é de horizontalidade e protagonismo das bases, foméntase o debate e os procesos pedagóxicos, e ábrese este espazo de debate a outros colectivos que tamén participan ou amosan interese na iniciativa. A forma de reivindicar os obxectivos que persegue a renda básica corresponderíase nunha primeira instancia nun proceso de socialización da iniciativa, que no caso galego se iniciou coa elaboración e difusión dun estudo de viabilidade da renda básica das iguais e a creación de redes de colaboración con outras persoas e entidades.

Stop Desafiuzamentos xorde en Compostela a finais de 2011, tras a acampada do 15M, a raíz do grupo de alternativas da acampada obradoiro, onde se formulou comezar a artellar unha resposta ante a problemática da vivenda, xa que non había ningún colectivo na zona que abordara esta cuestión. Procurouse tamén dende o comezo que non se convertera só nun tema asistencial, aínda que se traballa en problemáticas concretas, non perder a perspectiva de que se trata dunha violencia social que precisa dunha resposta dentro do espectro amplo da loita antisistema. A diferenza coa Plataforma de persoas afectadas pola hipoteca, Stop desafiuzamentos está conformado por persoas altamente sensibilizadas coa problemática, mais non afectadas directamente. Stop desafiuzamentos mantén como interese, o obxectivo común, e o consecución do dereito fundamental a acceder a unha vivenda digna.

Aplicando tamén unha estrutura organizativa de base, formulada mediante a convocatoria de asembleas abertas, convócanse 2 asembleas mensuais, nas que se procura a participación das persoas afectadas.

Inicialmente, Stop Desafiuzamentos propúxose darlles apoio ás persoas afectadas, sobre todo na paralización dos desafiuzamentos dun xeito presencial, de acompañamento. Hoxe en día, o traballo foi evolucionando ata o asesoramento, a negociación e a intermediación, o que implicou un importante traballo de autoformación en cuestións legais das persoas integradas nesta iniciativa.

En canto ás persoas participantes, a iniciativa está conformada por un grupo de persoas reducido, que son as que teñen un maior coñecemento das cuestións procedementais, mais tamén contan co apoio e colaboración de persoas e colectivos.

Na posta en práctica das súas actuacións, manteñen varios niveis de intervención, globais e de atención en casos concretos, con diversidade de repertorios de actuacións, dende a mobilización e a presión social ata o acompañamento, asesoramento e intervención.

Asociación Galega de Horticultura Urbana, –AGHU en diante–, pretende ser un núcleo de encontro entre persoas e colectivos para o intercambio de experiencias, produtos e coñecementos sobre a horticultura urbana, así como fomentar o achegamento social entre elas¹⁰. Xorde dun movemento, o da horticultura urbana, iniciado en Canadá e Australia, e dende a AGHU preténdese fomentar a súa implantación en Galicia.

Se cadra, esta iniciativa poderíase entender como a máis distante das restantes respostas analizadas nesta investigación, xa que parte dunha concepción máis clásica de asociación “provedora de servizos”, mais tamén se entende que resulta interesante comentala dado que garda moitas características comúns, a máis importante é que está a ser empregada como resposta a unha problemática social concreta, a alimentación, e promove un consumo responsable, a AGHU tamén reivindica outro xeito de relacionarse. Nesta iniciativa obsérvase claramente como “un grupo pequeno de activistas se serven de relacións que xorden dunha forma natural e cobre unha serie de necesidades organizativas e individuais de apoio emocional, integración e expresión de identidades compartidas” (Gamson, citado en della Porta e Diani, 2011, p. 188). A AGHU dótase de espazos nos que os seus integrantes desenvolven un sentido do ben común da man da construción de relacións directas e igualitarias.

A Asociación Galega de Horticultura Urbana artéllase a nivel local, a través dos grupos locais. Cada grupo é autónomo na súa organización, e o traballo da AGHU é o de coordinar, máis a nivel de rede que aplicando un modelo clásico organizativo.

O grupo local de Compostela conta cunha horta ocupada, que é traballada colectivamente e de xeito voluntario polas persoas que forman parte do colectivo. No caso de ter que tomar algunha decisión, empregan unha lista de correo electrónico. O nivel organizativo é moi informal, a pesar de estar inscritas legalmente como asociación. O seu traballo baséase principalmente no voluntarismo, e con nulos métodos de control. Contan con varias persoas que se responsabilizan de tarefas de coordinación a nivel nacional, como a tesourería e a comunicación, e o traballo de mantemento da páxina web e as listas de correo.

En canto ao **contexto político** no que teñen lugar estas iniciativas, pártese do concepto de estrutura de oportunidade política (EOP, en diante). Aínda que hai disparidade entre os diversos teóricos á hora de determinar as dimensións fundamentais da EOP, McAdam (1998) sinala certas coincidencias fundamentais, que serán as empregadas para expor os resultados desta investigación. Cómpre salientar que se fará referencia á construción social da estrutura de oportunidade, baseándose na opinión subxectiva das persoas

¹⁰ Información extraída do blog da Asociación Galega de Horticultura Urbana (ver referencias bibliográficas).

entrevistadas, “tratando de analizar o coñecemento que os activistas teñen das oportunidades dispoñibles, as lentes a través das cales identifican oportunidades potenciais para os seus movementos” (McAdam, McCarthy e Zald, citados en della Porta e Diani, 2011, p. 40).

No referente ao grao de apertura e peche do sistema político destácanse tres elementos significativos.

- A percepción da subordinación da política aos mercados.
- Cambio de prioridades na axenda dos gobernos, basicamente a contención do déficit público a calquera prezo e asegurar a solvencia do sistema financeiro, amparándose en medidas económicas cuxa consecuencia máis visible é o empobrecemento das clases medias.
- Os dous elementos anteriores repercuten na aparición dun terceiro, a crise de lexitimidade do sistema político.

En relación co sistema político, engádese a percepción, por parte das persoas entrevistadas do compromiso das institucións cunha xestión da crise ao servizo de intereses minoritarios.

No tocante aos **conflitos nas elites e entre as elites e os de abaixo** destácanse varios elementos significativos. O primeiro é determinar que a crise económica foi ese cambio, imprescindible, no sistema político que modificou as regras do xogo e promoveu unha resposta social naqueles sectores directamente concernidos pola crise. Os cambios modificaron a percepción da situación, puxeron de manifesto contradicións entre os sectores dominantes e favoreceron os discursos que impugnan o modelo de xestión da crise.

A base da percepción de que a xestión da situación de crise serve a intereses minoritarios e elude os intereses xerais, cando non se desprezaban abertamente. Neste punto a corrupción política xeneralizada e a impunidade xudicial asociada alimentan este estado de ánimo que tan importante papel xoga na activación da protesta.

Dentro da estrutura de oportunidade política, tamén é interesante sinalar a estrutura de alianzas. Seguindo a della Porta e Diani (2011), esta pode definirse como a formada polos actores políticos que os apoian.

Outra das dimensións sinaladas por McAdam (1998) para a análise da estrutura de oportunidade política é a represión do Estado. Segundo este autor, hai bastante evidencia empírica que acredita a importancia que ten este factor en moldear o nivel e natureza da actividade do movemento. Así, en canto a este elemento, as persoas entrevistadas destacan a percepción do aumento da represión do Estado de cara aos movementos que cuestionan a lexitimidade do sistema, sinalando a criminalización da protesta social, o endurecemento das penas e a limitación de uso de espazos públicos.

4.4. Formas de acción

Neste punto pretendeuse facer unha análise a nivel dos métodos de protesta que son empregados por estas iniciativas. Así nunha primeira aproximación aos métodos de protesta empregados, pódese observar a existencia de formas de acción que implican un desafío externo de cara aos que teñen o poder. Na elección das formas de protesta é importante sinalar tamén como van introducindo outras formas máis innovadoras e os repertorios para adaptalas ás diversas situacións e momentos da contenda transfórmanse. As folgas, por exemplo, anteriormente máis vinculadas as protestas laborais, comezan a amosar un cariz moito máis social.

Outras das formas non convencionais de participación política empregadas polas iniciativas a estudo como mecanismos de desafío externo son as ocupacións, os boicots, ou os *escraches*¹¹. Tamén se observan novidades no relativo á organización das respostas conxuntas.

Como sinalan della Porta e Diani (2011) non todas as organizacións de movementos sociais están relacionadas directamente con desafíos externos, dirixidos a quen detente o poder político. Hai que ter en conta que os movementos tamén fan uso, en diferentes graos, de estratexias culturais orientadas a cambiar os sistemas de valores. Moitas das formas de protesta teñen profundos efectos no espírito de grupo das persoas participantes, xa que, como sinala Rochón (citado en della Porta e Diani, 2011, p. 230) “non hai nada tan produtivo en termos de solidariedade como a experiencia de fusionar os propósitos do grupo coas actividades da vida cotiá”. Os repertorios de acción non son unicamente instrumentos de protesta, senón que ademais, posúen unha importante función interna, a de crear o sentido de identidade colectiva, condición para a acción cara unha meta común.

Aínda que na maioría dos casos os movementos sociais contemporáneos buscan transformacións políticas, comparten a convicción de que a reforma non pode vir dende arriba. A transformación das estruturas políticas debe acompañarse de cambios na conciencia individual e adoptar estratexias culturais ademais de políticas. Deséñanse estratexias de acción sensibles cara aos valores e culturas alternativas (della Porta e Diani, 2011, p. 229).

Combínase nas protestas, accións de desafío externo, con actuacións prácticas, que desenvolvan estilos de vida alternativos. Sinalase a importancia da función interna da protesta, de crear sentido de identidade colectiva, reforzando un sentido de comunidade. Exemplo claro son as diversas actuacións que desenvolve a Asemblea Aberta, de articulación dun comedor popular, de xestión dunha horta colectiva e de posta en marcha dun centro social autoxestionado.

¹¹ Manifestación pacífica na que un grupo de activistas se manifestan no domicilio de alguén a quen se quere denunciar.

As formas de acción empregadas varían en función da do obxectivo que hai que acadar. Así preténdese incidir na axenda pública de diversos xeitos:

- Incidencia simbólica: capacidade de modificación do imaxinario colectivo (valores, opinións, actitudes e condutas sociais e individuais).
- Interactivo: capacidade de facer emerxer novos actores políticos ou xerar cambios na estrutura de representación política e nos sistemas de alianzas.
- Institucional: coa habilitación de novos procedementos administrativos e a creación de novos espazos e mecanismos estables de negociación con autoridades.
- Substantivo: puxar polo cambio de certas políticas gobernamentais en marcha: obter dereitos individuais, civís e sociais, e en definitiva, crear novas oportunidades para a mobilización.

Outro elemento que foi analizado foron as relacións entre os movementos sociais e os medios de comunicación, xa que os segundos desenvolven un papel importante á hora de determinar a resonancia da protesta, e por conseguinte a súa efectividade (della Porta e Diani, 2011, p. 232).

5. CONCLUSIÓNS E DISCUSIÓNS

Tomar un novo rumbo nas nosas intervencións profesionais é o que se está a reclamar dende diversas voces das profesións do social, lembrar que a xustiza social debe ser o norte das nosas intervencións e sinalar como únicas vías para a súa consecución a redistribución económica, o recoñecemento da diferenza e a participación política. Isto implica levar a cabo accións encamiñadas á defensa dos dereitos sociais, e que traten de desenvolver as capacidades das persoas e dos grupos agredidos por unha crise e un sistema que os exclúe. Escóitanse voces que fan unha chamada a retornar ao traballo comunitario e a metodoloxía participativa, como formas de intervención responsables e éticas, que propicien o empoderamento da sociedade civil de cara á creación de respostas a problemáticas comúns.

Tamén estas voces, estas sensibilidades, indican a necesidade de observar e camiñar á par das diversas iniciativas que, dende a sociedade civil, se están artellando para defender os mesmos dereitos que, dende a profesión do traballo social, temos a obriga ética de defender e considérase un exemplo de toma de conciencia, e de capacidade de autoorganización e autodeterminación.

Estas reflexións impregnan toda esta investigación, fundamentada na necesidade de retomar o traballo dende as comunidades, e fomentar a participación activa das persoas. Así, mentres asistimos a un retroceso dos sistemas formais de apoio, incapaces de responder ás necesidades sociais dunha

ciudadanía cada vez máis precaria, xorden iniciativas dende a base que buscan dar respostas ás problemáticas sociais coas que nos atopamos hoxe en día, derivadas en gran medida da situación da crise sistémica, que propicia ese cambio, imprescindible, no sistema político que está a modificar as regras do xogo e promove unha resposta social naqueles sectores directamente concernidos pola crise. Os cambios modifican a percepción da situación, poñen de manifesto contradicións entre os sectores dominantes e favorecen os discursos que impugnan o modelo de xestión da crise. Mais tamén o factor ético e moral, a indignación como argumento, explícase sobre a base da percepción de que a xestión da situación de crise serve a intereses minoritarios e elude os intereses xerais, cando non son desprezados abertamente. Neste punto a corrupción política xeneralizada e a impunidade xudicial asociada alimentan este estado de ánimo que tan importante papel xoga na activación da protesta.

En Santiago de Compostela, Asemblea Aberta, Stop Desafiuzamentos, Proxecto integral Compostela, Asociación Galega de Horticultura Urbana e a proposta que, dende Baladre, se fai da renda básica das iguais, son algunhas desas respostas que están aparecendo, e ás que esta investigación fixo un achegamento a través dunha metodoloxía cualitativa, e mediante entrevistas en profundidade a activistas que participan nestas.

En total entrevistáronse nove persoas, pertencentes a estes cinco colectivos, e a maioría delas son impulsadoras da súa creación. Destacar que moitas viñan xa dunha traxectoria de activismo salientable, e que todas sinalaron a **importancia que tivo o movemento 15M na reactivación da protesta, e como orixe dunha serie de redes sociais que aínda hoxe seguen vivas e collen interaccións de diverso tipo.**

Nas entrevistas realizadas, cómpre resaltar como se sinala a dignidade, a igualdade de oportunidades, a solidariedade, a xustiza social, a autodefinición etc., como principios irrenunciábeis polas persoas entrevistadas e que son compartidos pola profesión do traballo social. Tamén é sinalada, dun ou doutro xeito, unha desafección clara fronte ás institucións, incapaces de dar respostas ás necesidades da poboación e un cuestionamento da súa lexitimidade e da súa representatividade. **Esta situación de descontento social é a que motiva a creación destas respostas, que pretenden ser un desafío, mais tamén unha demostración de que hai outras formas de relacionarse e de vivir con coherencia e respecto a uns valores que parten dun rexeitamento do sistema actual, apélase como saída ao actual estado das cousas á colectividade, á autoxestión, á necesidade de retornar á comunidade, á solidariedade e á axuda mutua.**

A falta de cobertura de necesidades básicas, as situacións de desemprego e precariedade social e os problemas habitacionais de diversa índole (problemas hipotecarios, ameaza de perda de vivenda e carencia de vivenda) son as problemáticas sociais fundamentais, consecuencias directas da crise que padecemos, ás que estas iniciativas tratan de atopar resposta, e para o que deciden xuntarse e organizarse.

As iniciativas analizadas comparten moitas características, todas parten de estruturas organizativas baseadas **na participación e na democracia directa**, empregan a asemblea como base das súas actuacións, posúen estruturas organizativas moi laxas, baseadas **fundamentalmente na toma de decisións horizontais e consensuadas e no traballo voluntario** e rexeitan a delegación de poder, a autoridade e as xerarquías. Intentan crear respostas alternativas ao capital-mercado, e tratan de implementar novos mecanismos sociais favorecedores da cohesión e a solidariedade.

O singular destas iniciativas é **o chamado a construír á par que se reivindica**, facendo da construción desas alternativas un modo de desafío ás elites, unha demostración social de que si se pode, e que dende a comunidade se posúen capacidades suficientes para responder as situacións de dificultade social, e que a día de hoxe consideran que o sistema non está a resolver. Os repertorios de acción non son unicamente instrumentos de protesta e, aínda que na maioría dos casos, os movementos sociais contemporáneos buscan transformacións políticas, comparten a convicción de que a reforma non pode vir dende arriba. **A transformación das estruturas políticas debe acompañarse de cambios na conciencia individual e adoptaranse estratexias culturais ademais de políticas**, e deséñanse estratexias de acción sensibles cara aos valores e culturas alternativas. Combínase, nas protestas, accións de desafío externo con actuacións prácticas que desenvolvan estilos de vida alternativos. Sínálase a importancia da función interna da protesta, de crear sentido de identidade colectiva, reforzando un sentido de comunidade.

Conformar un proxecto social inclusivo e contribuír á construción de cidadanía son eixos que marcaron o xurdimento da profesión do traballo social. No contexto actual, observamos a creación de novos espazos de participación social nos que se están debuxando proxectos de sociedade, onde a dignidade das persoas cobran todo o protagonismo. Semella que reaparece o debate iniciado noutras latitudes a mediados dos 60 do século XX, nos que se reclamaba unha participación activa da profesión na construción dun proxecto de sociedade inclusiva, xusta, democrática e respectuosa cos dereitos humanos. O traballo social posúe os coñecementos, as ferramentas, as competencias e as habilidades para atender as necesidades dos sectores sociais procurando a súa promoción social, o seu empoderamento social e a súa identificación como suxeitos históricos capaces de construír unha sociedade máis xusta. Quizais esta podería marcarse como liña de indagación futura, para poder completar este estudo. Analizar cal é o estado actual no noso contorno do traballo social comunitario, se se están dando respostas nesta liña dende os servizos sociais de base; que opinión teñen os compañeiros e compañeiras de profesión, ou mesmo os colectivos profesionais, tanto o colexio profesional como outras respostas, como a autodenominada *marea laranxa*, e que propostas de intervención social e mesmo de xestión dos servizos sociais.

“... eu penso que servizos sociais debería ser parte de todo iso que se está facendo aí fora, non entendo unha traballadora ou traballador social, ou unha educadora social ou un educador social, que se sente nunha cadeira de brazos e que diga, que veña a realidade a min, tería que estar inmersa, e participando coa poboación civil...”

Laura, Asemblea Aberta

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Asemblea Aberta. (2012, Marzo). *Asemblea Aberta*. Recuperado o 10 de abril de 2013, de
- Asociación Galega de Horticultura Urbana. (2009, Decembro). *Sobre nós*. Recuperado o 10 de abril de 2013, de <http://hortaurbana.blogspot.com.es/>
- Chinchilla, M. (2006). Acción colectiva e intervención profesional del trabajo social: límites y posibilidades para la construcción de ciudadanía. *Katylisis*, 9, 158-165.
- Coordinación Baladre. (2004, Xuño). *Qué es baladre*. Recuperado o 10 de abril de 2013, de
- Della Porta, D. e Diani, M. (2011). *Los movimientos sociales*. Madrid: Editorial Complutense.
- FITS, AIETS e CIBS (2012, Marzo). *Axenda Global de Traballo Social e Desenvolvemento Social*. Recuperada de: http://traballosocial.org/web/images/stories/Axenda_Global_de_Traballo_Social_e_Desenvolvemento_social.pdf
- Funes, M. J. e Monferrer, J. (2003). Perspectivas teóricas y aproximaciones metodológicas al estudio de la participación. En M.^a J. Funes e R. Adell. (Eds.) *Movimientos Sociales: cambio social y participación*. (pp. 21-58) Madrid: UNED.
- Bayle, G. (2011, Outubro). *Declaración Presidente da FITS: As Accions de Protesta e “Ocupación” en Todo o Mundo*. Recuperado o 10 de marzo de 2013, de http://traballosocial.org/web/index.php?option=com_content&view=article&id=1897%3Atraducion-da-declaracion-de-gary-bailey-presidente-da-fits-sobre-as-accions-de-protesta-e-ocupacion-en-cidades-d-e-todo-o-mundo&catid=3%3Anovas-externas&Itemid=367&lang=gl
- Hunt, S., Benford, R., e Snow, D. (1994). Marcos de acción colectiva y campos de identidad en la construcción social de los movimientos. En E. La-raña, e J. Gusfield. *Los Movimientos Sociales. De la ideología a la identidad*. (pp. 221-252). Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.

- Klandermans, B. (1994). La construcción social de la protesta y los campos pluriorganizativos. En E. Laraña, e J. Gusfield. *Los Movimientos Sociales. De la ideología a la identidad*. (pp. 183-220). Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Lima, A. (2013). Intervención social e incidencia de la estructura colegial desde la década de los 90 hasta hoy. *Revista de Servicios Sociales*, 100, 57-82.
- McAdam, D. (1998). Orígenes conceptuales, problemas actuales y decisiones futuras. En B. Tejerina e P. Ibarra. (Editores). *Movimientos Sociales. Transformaciones políticas y cambio cultural*. (pp. 89-110). Madrid: Trota.
- McAdam, D., McCarthy, M. e Zald, N. (1999). *Movimientos Sociales: perspectivas comparadas: oportunidades políticas, estructuras de movilización y marcos interpretativos culturales*. Madrid: Istmo.
- McAdam, D., Tarrow, S. e Tilly, C. (2005). *Dinámica de la contienda política*. Barcelona: Hacer.
- Porrás, A. (2005). *Tiempo de Indios: la construcción de la identidad política colectiva del movimiento ecuatoriano: las movilizaciones de 1990, 1992 y 1997*. Quito-Ecuador: Abya-Yala.
- Proxecto Integral Compostela (2012, Outubro). *Descripción*. Recuperado o 10 de abril de 2013, de
- Saavedra, E. e Castro, R. (2007). La investigación cualitativa, una discusión presente. *Liber*, 13, 63-69.
- Salgado, A. (2007). Investigación cualitativa: diseños, evaluación del rigor metodológico y retos. *Liberabit*, 13, 71-78.
- Tarrow, S. (1994). *El poder en movimiento: Los nuevos movimientos sociales, la acción colectiva y la política*. Madrid: Alianza Editorial.
- Valles, M. (1997). *Técnicas cualitativas de Investigación Social. Reflexión metodológica y práctica profesional*. Madrid: Síntesis.
- Zamanillo, T. (2013). La intervención social. *Revista de Servicios Sociales*, 100, 103-112.

RENDA BÁSICA: A xustificación ética dende a teoría da liberdade real e a teoría republicana.

*María Pereira Barcia
Graduada en Traballo Social*

RESUMO:

Durante moito tempo a idea de recibir un ingreso incondicional por parte do Goberno por ser membro da sociedade foi moi discutida. Por iso, describiremos varios aspectos dos subsidios condicionados e en que modo se relacionan co benestar social. O obxectivo deste artigo é analizar a xustificabilidade ética da renda básica como unha condición de promoción da xustiza social, a partir das concepcións clásicas do Estado de benestar. Para iso examinaremos dúas concepcións da xustiza social: a teoría da *liberdade real* e a republicana. A partir destas dúas concepcións veremos como a Renda básica ofrece unha vía para que as persoas poidan abastecerse dos medios necesarios para reducir a súa dependencia do mercado laboral.

PALABRAS CLAVE:

Renda básica, desmercantilización, liberdade real, non-dominación, Estado de benestar.

RESUMEN:

Durante mucho tiempo a idea de recibir un ingreso incondicional por parte del Gobierno por ser miembro de la sociedad fue muy discutida. Por eso, describiremos varios aspectos de los subsidios condicionados y en que modo se relacionan con el bienestar social. El objetivo de este artículo es analizar la xustificabilidade ética de la renta básica como una condición de promoción de la justicia social, a partir de las concepciones clásicas del Estado de bienestar. Para eso examinaremos dos concepciones de la justicia social: la teoría de la libertad real y la republicana. A partir de estas dos concepcións veremos como la Renta básica ofrece una vía para que las personas puedan abastecerse de los medios necesarios para reducir su dependencia del mercado laboral.

PALABRAS CLAVE:

Renta básica, desmercantilización, liberdade real, no-dominación, Estado de benestar.

ABSTRACT:

The idea of receiving an additional income from the government just for being part of the society has been controversial for ages. To explore this polemical idea we will describe different aspects of the conditioned subsidies and explain the principal characteristics of social welfare.

Therefore, the purpose of the present work is to analyze the ethical justification of the Basic Income as a condition for the promotion of social justice. In order to achieve this goal, we will rely on the classic conceptions of the Welfare State and we will examine two conceptions of social justice: the theory of *real freedom* and the republican theory. As a result, we will see how the Basic Income defines an alternative where people can stock up on the required means to reduce their dependency from the labour market.

KEY WORDS:

Basic Income, desmarketising, real freedom, no domination, Welfare State.

INTRODUCCIÓN:

Na actualidade, existen varias ferramentas que intentan dunha maneira asistencial paliar as situacións de pobreza dos individuos, sexa porque non chegan a formar parte do mercado de traballo ou porque están vivindo nunha situación de exclusión social. Este tipo de ferramentas son os chamados subsidios condicionais, inseridos nos estados de benestar.

Segundo Daniel Raventós o concepto de “benestar social”¹, centrándose na vertente económica, contén os seguintes elementos: en primeiro lugar, que todos os membros da sociedade teñen que ter os medios necesarios para vivir e para participar libremente na sociedade. Ademais, todos os membros da sociedade teñen que poder acceder a un sistema sanitario e educativo en condicións de non discriminación. E por último, que todos os membros da sociedade teñen que ter unha vivenda. En definitiva, o concepto de “benestar social” fai referencia a que as persoas poidan chegar a ter unha vida digna e independente (Raventós, 1999). Neste aspecto, unha das características fundamentais dos estados de benestar é xusto o campo da protección social, onde teñen moita importancia os subsidios condicionais.

¹ Desenvolto en Daniel Raventós, “Subsidios condicionados, Estado del bienestar y Subsidio Universal Garantizado” en *El derecho a la existencia*, (Barcelona: Ariel, 1999) 87-102.

Facendo un repaso aos réximes dos estados de benestar, estes desenvólvense con base en tres modelos. Polo tanto, resulta de grande importancia saber que tipo de modelo segue cada Estado, xa que isto determina o tipo de subsidios e de dereitos que o Estado vai fornecer e o seu impacto na calidade da cidadanía. Para isto, centrareime en como son as axudas que ofrecen e se estas teñen un efecto desmercantilizador, partindo da análise clásica de Gosta Esping-Andersen, un dos autores máis influentes con respecto ao Estado de benestar.

Para que se produza a desmercantilización tense que ofrecer un conxunto amplo de dereitos sociais. Neste sentido, débese recalcar como ben explica o autor que “o relevante para os dereitos sociais debe ser o grao en que estes lle permiten á xente que os seus niveis de vida sexan independentes das puras forzas do mercado. É neste aspecto no que os dereitos sociais diminúen o status dos cidadáns como “mercancías”. (Esping-Andersen, 1993: 20)

En definitiva, a *desmercantilización* é un concepto que describe a liberación dos individuos do circuíto monetario, intentando que as persoas poidan abastecerse dos medios necesarios para vivir fóra do mercado de traballo.

DIFERENZAS ENTRE OS SUBSIDIOS CONDICIONADOS E A RENDA BÁSICA.

En contraposición aos subsidios condicionados, moitos teóricos defenden outro tipo de idea como o subsidio incondicional ou renda básica. Neste campo destacan os autores Philippe Van Parijs e Yannick Vanderborght (2006: 25), uns dos escritores máis significativos en canto o concepto de renda básica, a cal definen como un “ingreso conferido por unha comunidade política a todos os seus membros, sobre unha base individual, sen control de recursos nin esixencia de contrapartida”.

En canto ás súas características, un dos beneficios da renda básica, defendida por moitos autores, é a eliminación do paro de longa duración, presente nas sociedades occidentais e que implica que unha gran parte da sociedade estea inmersa na pobreza. A renda básica proporciona unha medida favorable para a eliminación directa da pobreza, para que as persoas consigan estima e liberdade de elección e elimina a fraude dos subsidios condicionais. En relación con isto, a renda básica proporciona unha forma de actuar en contra da pobreza, xa que resulta como un programa de loita contra esta, dálles liberdade aos individuos e ofrece un ingreso substancial para eles.

O aspecto máis importante da renda básica en contraposición coas rendas mínimas garantidas é que é individual; é dicir, non ten en conta as rendas dos beneficiarios e non esixe unha obriga de contrapartida. É individual

no sentido de que se dá de maneira individual a cada persoa e non ten en conta "as economías a escala"² das axudas tradicionais. (Vanderborght e Van Parijs, 2006). Outra característica é que non ten en conta os demais tipos de rendas, permite que as persoas accedan a unha transferencia *a priori*, o que fai que se dea a renda a toda a poboación sen que se examine o nivel de ingresos. Isto fai que a renda básica conte con dous aspectos: ausencia de control de recursos e a posibilidade de acumulación de rendas. Polo contrario, os subsidios condicionais baséanse nun tipo de prestación decrecente; significa que o seu importe máximo é cando as outras rendas son nulas, pero a prestación decrece cando esas rendas se incrementan.

Outra das diferenzas máis importantes entre a renda básica e os subsidios condicionais, é que os subsidios condicionais obrigan a que os beneficiarios estean suxeitos a unha esixencia de contrapartida, a cal implica que os usuarios cumpran cun programa de inserción laboral (na maioría dos casos), e se estes encontran un traballo por moi precario que sexa, deben aceptalo. Este programa tamén supón que se non se acode ás entrevistas e demais aspectos relacionados coa inserción laboral se retire o subsidio. Isto significa que a integración social dos individuos faise a través do mercado. Esta visión ten moito que ver coa ética do traballo. Desde o Estado foméntase que as persoas busquen unha forma de vida baseada no traballo, así, o Estado consegue que a xente forme parte do mercado e que produzan.

Non obstante, esta esixencia de contrapartida vese afectada por dous problemas, o da *trampa da pobreza* e o da *trampa do paro*. Por unha banda, a trampa da pobreza é definida como a penalización de aceptar, por parte de quen recibe un subsidio condicionado, un traballo remunerado. Así, se a persoa que recibe o subsidio condicionado acepta un traballo penalizaráselle coa perda do subsidio. Ademais outras cuestións téñense en conta na decisión de aceptar un traballo, como por exemplo, que a cantidade de diñeiro que se vai recibir polo traballo sexa inferior á que esta recibindo co subsidio, ou incluso que ese traballo sexa prexudicial para a saúde. Deste xeito pode ocorrer que o beneficiario prefira seguir recibindo o subsidio a realizar ese traballo. Un efecto da trampa da pobreza é a fraude, dado que os beneficiarios dos subsidios condicionais poden chegar a preferir realizar un traballo ilegal e con iso aumentar os seus ingresos.

Por outra banda, a trampa do paro é un caso singular da anterior trampa. Caracterízase polo acceso ao subsidio do paro sen poder realizar ningún traballo remunerado. Desta maneira o que se consegue é incentivar a fraude, facendo que as persoas busquen traballos ilegais.

Unha característica importante arredor destas trampas é que existen varios estudos que revelan que o que retén os usuarios dos dispositivos convencionais na *trampa da pobreza* é a inseguridade en relación coa perda do

² As economías a escala teñen en conta a referencia ao contorno familiar, dado que por exemplo ao vivir en parella compútase os ingresos da parella, o que fai que se reduza o importe dos subsidios condicionais.

“*estatus de beneficiario do subsidio*”, dado que resulta moi pouco esperanzador renunciar a un subsidio cando non se presenta un traballo bo, tanto en termos económicos como sociais. Ademais, se os usuarios perden o emprego terán que solicitar de novo o subsidio con todo o trámite burocrático que leva consigo.

O CONCEPTO DE DESMERCANTILIZACIÓN

Neste punto intentarei tratar máis amplamente o concepto de desmercantilización, xa que considero de grande importancia a relación da renda básica con este concepto. Seguindo o estudo clásico de Esping-Andersen, a idea central do Estado de benestar está formada polo concepto de *ciudadanía social*³. Este concepto debe conter a concesión dos dereitos sociais e a estes daráselles o mesmo status legal que aos de propiedade. Nas sociedades contemporáneas os dereitos de propiedade considéranse practicamente intocábeis, mentres que os dereitos sociais das persoas son violados sen maiores consecuencias. Neste sentido, é importante equiparar os dereitos sociais aos de propiedade o que implicaría a desmercantilización do individuo; é dicir, desvincularía ás persoas do mercado de traballo.

Con isto, os individuos non se someterían ao mercado, senón que quedarían liberados deste para poder acceder aos medios de subsistencia, onde o Estado os proporcionaría. O primordial é que se dea unha provisión pública desenvolta. Desta maneira, por exemplo, as persoas non terían que preocuparse por conseguir un plan privado de sanidade ou de se lles chega o diñeiro para mercar medicamentos. Os estados de benestar non soamente se poden ver segundo os dereitos que lles recoñecen ás persoas, tamén hai que ter en conta as relacións do Estado co mercado e co rol da familia. A partir destas relacións é cando se pode realmente chegar a definir un Estado de benestar (Esping-Andersen, 1993).

Para que os individuos non dependan do mercado, no só chega con que teñan asistencia ou seguridade social, senón que fai falta un paquete máis amplo de dereitos. Os subsidios que están suxeitos á comprobación das rendas poden chegar a ofrecer unha axuda, pero cando estes subsidios teñen efectos estigmatizadores e non se contemplan como un dereito, contribúen a manter á xente nun bucle de pobreza. Para saír desta situación débese dar unha desmercantilización.

Unha das principais respostas á desmercantilización foi o modelo corporativista (Esping-Andersen, 1993). Este modelo baséase principalmente en apoiar un tipo de sociedade tradicional fronte ao crecemento do capitalismo. Os dereitos sociais estaban relacionados coa moral, sobre todo, coa doutrina da Igrexa católica. Neste aspecto, o modelo conservador trata de afastarse do capitalismo anglosaxón e o que impón é o ordoliberalismo ou *economía*

³ Este concepto recólleo Esping-Andersen de T. H. Marshall.

social de mercado. Esta ideoloxía o que busca é un Estado forte e unitario, que ten como principal factor as exportacións para favorecer a economía, en contra do proteccionismo estatal. Unha das diferenzas do ordoliberalismo có liberalismo é que o mercado é incapaz de regularse por si mesmo, por iso é claramente intervencionista en materia económica pero non en asuntos sociais, xa que os deixan en mans da provisión privada. Por iso, este modelo foi o precursor da mercantilización, xa que os dereitos a recibir algún tipo de prestación estaban moi asociados ao traballo.

En canto ao benestar social que propoñía a ideoloxía liberal, os seus argumentos baseábanse, por unha banda, en que se había un mínimo de dereitos sociais se produciría pobreza e desemprego e, por outra banda, que o benestar social, e con iso a protección por parte do Estado, causaría perversión moral⁴ e ociosidade. A corrente liberal mostra fortes obxeccións á intervención estatal. Conciben que o mercado é emancipatorio; é dicir, que é o propio mercado o que asegura que toda persoa que quere obter un emprego o terá. Como afirma Esping-Andersen (1993:62). “Se non hai interferencias, os seus mecanismos autorreguladores asegurarán que todo o que queira traballar teña un emprego e, por conseguinte, poderá asegurar o seu propio benestar. A vida privada pode ser forxada con perigos, inseguridade e dificultades e, nun principio, non é improbable que aparezan a pobreza ou o desemprego, pero isto non sería por culpa do sistema, senón soamente a consecuencia dunha falta individual de previsión e de aforro.”

Unha contradición deste tipo de ideoloxía é que necesita de institucións de protección social coma a familia, as igrexas ou a comunidade; pero o que ocorre é que estes organismos non poden chegar a competir co mercado, debido ao peso ao que están sometidos. Por exemplo, cando unha familia se ve cargada de obrigacións sociais, como pode ser o coidado dos maiores, esta familia terá dificultades ou directamente seralle imposible acceder ao mercado laboral debido as súas responsabilidades coa persoa maior, a cal seguramente teña que ter un coidado que ocupe practicamente todo o día da persoa coidadora. Estes problemas soluciónanse implementando axudas sociais mínimas nas que o Estado lle dá prioridade á poboación máis empobrecida. Innda así, as persoas sempre van seguir necesitado das institucións asistenciais.

O que se intenta dicir é que a desmercantilización dos individuos se pode producir de varias formas, sempre e cando se universalicen os dereitos sociais e se outorgue máis autonomía para a poboación. Neste sentido, a renda básica proporciona unha maneira de desmercantilización, ofrécelles máis poder aos individuos para conseguir outras formas de traballo fóra do sistema coñecido e dálles maior autonomía. A renda básica formaría un

⁴ Este termo fai referencia á *moral hazard* (risco moral) a cal é definida cando un axente non asume os custos e a responsabilidades dos seus actos, e polo tanto ten un incentivo para actuar de maneira máis arriscada, transmitíndolle a outro axente o custo e responsabilidades da súa actuación.

elemento constitutivo dunha sociedade xusta. A cal pode ser entendida desde varias teorías, como imos ver a continuación. Unha delas é a da *liberdade real* para todos, que ten a súa base ideolóxica no liberalismo de esquerda; e outra é o republicanismo, baseada nunha concepción socialista e participativa.

RENDA BÁSICA E LIBERDADE REAL.

Philippe Van Parijs, coñecido principalmente polo desenvolvemento do concepto de renda básica, estableceu unha concepción da xustiza social en clave de *liberdade real* para todos. A teoría da liberdade real para todos supón unha forma de xustificación ética, económica e política que conclúe defendendo a idea dunha renda básica. Esta parte do suposto de que unha sociedade xusta é a que debe maximizar a liberdade real individual, entendendo esta como a liberdade real en contraposición á liberdade formal. Na realidade a sociedade baséase en como se organiza o mercado, deixando a un lado aos cidadáns que na práctica non son tan libres. Por iso, unha sociedade é realmente libre cando se teñen en conta estas tres condicións:

1. Que se dea unha estrutura de dereitos ben defendidos (seguridade).
2. Que nesta estrutura, cada persoa deba ser propiedade de si mesma (propiedade de si).
3. E por último que nesta estrutura, cada persoa teña a maior oportunidade posible para facer calquera cousa que poida querer facer.

Con isto o autor quere establecer unha sociedade onde os membros sexan realmente libres ou como explica "ou mellor dito, tan autenticamente libres como sexa posible" Van Parijs (1996: 45); é dicir, que as persoas posúan os medios para facer calquera cousa que puideran querer facer. Neste caso a terceira condición é a principal diferenza que se dá entre a liberdade formal e a liberdade real. O seu intento baséase en xustificar unha orde social xusta que engada interese pola sorte dos máis desfavorecidos.

Para poñer un exemplo de como se manifesta esa diferenza entre a liberdade formal e real, pensemos nunha persoa que ten permitida a liberdade formal de ter unha vivenda digna. O conxunto de opcións relacionadas a esa liberdade modificáronse para esa persoa dependendo dos recursos que posúa. Se ten os recursos suficientes para garantir un espazo onde vivir, ese conxunto de opcións ao que pode aspirar (o conxunto de vivendas que pode ter) é o máximo posible, neste caso a liberdade de ter unha vivenda convértese en liberdade real. No caso contrario, no que unha persoa non ten recursos nin para vivir na casa máis pequena, dáse unha liberdade formal, xa que o conxunto de vivendas ás que pode acceder é un conxunto baleiro de oportunidades.

Por iso, esta terceira condición débese explicar de maneira máis concisa seguindo a Van Parijs (1996: 45):

“nunha sociedade libre, a persoa con menos oportunidades ten unhas oportunidades que non son menores que as gozadas pola persoa con menos oportunidades baixo calquera outra disposición realizábel; no caso de que exista outra disposición posible que sexa igual de boa para a persoa coas menores oportunidades, entón a seguinte persoa mellor colocada na escala nesa sociedade libre debe ter oportunidades que non sexan menores que a segunda persoa na escala de oportunidades nesa disposición, e así sucesivamente.”

Desta maneira, o que se pretende é seguir un tipo de criterio fundado no “máximin lexicográfico”⁵, o cal se basea en darlles maiores medios ás persoas con menos oportunidades.

En relación coa desmercantilización esta teoría o que busca é a maneira de que o individuo obteña a liberdade real. Por medio da renda básica as persoas poderán satisfacer as súas concepcións da boa vida, e quedar libres do circuíto monetario. Esta idea entende que a autonomía dos cidadáns non debe estar asociada ao mercado. Como afirma Van Parijs (1996: 54) “A liberdade real pola que debemos preocuparnos non é precisamente a liberdade de elixir entre os diversos conxuntos de bens que un pode consumir. É a liberdade real para elixir entre as diversas vidas que un pode querer desenvolver [...] fai que sexa de importancia crucial que o ingreso sexa dado de maneira incondicional a cada cidadán sen condición ningunha; é dicir, sen ningunha atadura diferente da do seu presuposto, non só sobre o que pode comprar senón tamén sobre cómo pode utilizar o seu tempo.”

Neste aspecto o autor pensa que é realizábel unha sociedade que non se basee na ética do traballo, é por este motivo, polo que concibe que ser beneficiario dun ingreso non debería estar condicionado unicamente á produtividade persoal. Se as persoas non se encontran ligadas a un emprego, poderán utilizar o seu tempo a facer distintas formas de traballo, como pode ser o voluntariado, polo que, neste caso a renda básica podería funcionar como unha axuda a actividades non asalariadas.

O REPUBLICANISMO E A LIBERDADE COMO NON DOMINACIÓN.

Un dos teóricos máis influentes na teoría republicana é Philip Pettit, o cal entende a liberdade como a ausencia de dominación; é dicir, como a non-dominación. A *dominación*, é unha condición de interferencia arbitraria e,

⁵ O termo máximin é unha distribución que maximiza a cantidade dos bens primarios dos máis desfavorecidos (maximiza o mínimo). Por lexicográfico refírese ao establecemento dunha xerarquía de prioridades rexida dunha forma similar á orde das palabras dun dicionario -mentres non se satisfai o primeiro criterio non se pasa a considerar o segundo. Van Parijs combina o concepto de máximin lexicográfico baseado na xustiza como equidade de Rawls e forma o de leximin.

dáse cando un individuo fai uso do seu poder sobre outra persoa para que este elixa de acordo co que a outra persoa prefire. Neste sentido, hai que recalcar que non é necesario que se dea interferencia de feito. Poden darse casos onde non se produce interferencia porque os que teñen a potestade de exercela están contentos —*statu quo*—. Aquí non se daría interferencia efectiva, pero no caso de que non estiveran satisfeitos co comportamento ou co modo de facer as cousas, terían a capacidade de exercer a dominación.

Como explica Raventós (1999: 50) “toda dominación representa interferencia arbitraria, pero non toda interferencia (o grupo das non arbitrarias) representa dominación. A liberdade republicana entende que Zutano domina a Mengano, se só se ten certo poder sobre Mengano, e en particular, un poder de interferencia arbitrariamente fundado”.

Por iso, a idea da non-dominación nace para frear a arbitrariedade. Un sistema garante a non-dominación cando un individuo non pode interferir noutro de forma arbitraria, cando están impedidos para exercer a dominación. Debido a isto, un dos fundamentos básicos da teoría republicana é que un poida estar libre de coacción e que cada persoa poida exercer o control sobre a súa vida. Como ben di Pettit (2008: 142) “Liberdade significa ausencia de control externo e asegúrase só en ausencia de dominación, ao non estar exposto ao poder de interferencia arbitraria por parte doutros.”

En relación con isto, resulta fundamental que as persoas se encontren nunha situación de igualdade de status, para que estes poidan mirar os demais directamente aos ollos e á súa mesma altura. A igualdade de status dáse cando os individuos gozan de igualdade política, en contraposición a igualdade material. A igualdade política, refírese a que dúas persoas sexan tratadas dunha maneira igual, que aos dous individuos se lles apliquen as mesmas normas. En cambio, a igualdade material para o autor non é importante. Unha persoa pode ter máis diñeiro que outra, pero a que ten menos diñeiro non debe verse impedida por esa razón.

Outro dos conceptos importantes da teoría republicana é o de *virtude cívica*, que está moi relacionado coa participación política das persoas. A virtude cívica móstrase no compromiso participativo dos cidadáns cos intereses da sociedade. Un cidadán virtuoso é aquel que participa na construción da sociedade e realiza algún tipo de acto que favoreza o crecemento social, xa sexa por medio dun traballo remunerado o dunha actividade voluntaria.

Por outra banda, para Daniel Raventós é importante sinalar o lugar que ocupa a propiedade, dado que ten relación coa instauración dunha Renda Básica. Esta condición permite ás persoas a independencia económica necesaria para asegurar a autonomía de xuízo. Segundo este autor (Raventós, 1999: 54). “a posesión da terra garante a subsistencia o seu poseedor, que a subsistencia material supón independencia social [...] e esta supón independencia de xuízo e criterios políticos”.

Como se viu na explicación da desmercantilización dos individuos, é importante que os dereitos sociais se igualem cos de propiedade. Coa instauración da Renda Básica daríase esta igualación, logrando que as persoas quedaran desvinculadas do mercado ao garantirlles a renda mínima; sen embargo a relación co mercado depende de quen efectúe a provisión de servizos. A liberdade republicana ten como obxectivo dar aos cidadáns poder de negociación e de autonomía en relación os outros e aos poderes públicos e privados. Para que os cidadáns poidan gozar desa autonomía se lles debe otorgar de independencia socioeconómica, e que non se vexan impedidos por outros.

Dende esta perspectiva, a Renda Básica xoga un papel crucial para favorecer estilos de vida produtivos, no sentido da virtude cívica. Na versión republicana non se trata dunha Renda Básica incondicional, senón dunha Renda Básica condicionada aos compromisos cívicos. Con isto non se intenta soamente englobar o traballo remunerado senón tamén outro tipo de actividades non remuneradas pero socialmente valiosas. Como afirma White (2009: 214) “o que preocupa da Renda Básica, dende este punto de vista, é que se poidan financiar estilos de vida que fuxan do traballo e que, polo tanto se mostren indiferentes a esta expresión concreta da cidadanía activa virtuosa” Os republicanos son, neste aspecto, paternalistas, o que intentan é que xente teña un tipo de vida produtivo.

CONCLUSIÓN

Neste artigo contrastei dúas teorías de xustiza social que buscan que as persoas poidan ter o control sobre as súas vidas, en vez de estar en mans do mercado de traballo. Esta dimensión da dominación é omnipresente na actualidade, xa que os recortes públicos da crise económica propician que os empresarios abusen máis da man de obra do traballador, explotándoos debido a que non hai traballo suficiente. Noutros casos, outra parte da poboación está condeada ó paro de longa duración, que como xa expliquei é un dos grandes problemas das sociedades occidentais.

Por iso é importante motivar o interese por outras formas de garantir os dereitos sociais de modos non asistenciais, promovendo ferramentas que dean independencia e liberdade as persoas. A Renda Básica constitúe dende o Traballo Social unha ferramenta de transformación social, e creo que se debe optar e loitar por subsidios deste tipo, xa que proporcionan seguridade para as persoas. Neste aspecto o Estado debe fomentar, sobre todo, hoxe en día debido a crise económica que estamos a vivir, é que a poboación teña os medios necesarios para vivir, dotándolles de autonomía.

En moitos aspectos o Traballo Social tornouse moi burocrático e controlador por parte do sistema, cando en verdade o significado do Traballo Social é buscar novas solucións para mellorar a situación das persoas con menos oportunidades. Neste aspecto a Renda Básica é unha maneira de

reencontrar o sentido a nosa profesión reivindicando outras formas de subsidios que busquen vías para sacar a xente da exclusión, en vez de que estean a vivir sempre dunhas axudas sociais que as estigmatizan.

Un dos aspectos fundamentais da Renda Básica é que se as persoas a recibisen poderían dedicar o seu tempo ás actividades que eles mesmos considerasen valiosas, como pode ser o traballo voluntario. Desta maneira, as vantaxes non soamente se restrinxen o benestar económico, senón tamén o benestar social. Como xa expliquei, os Estados cada vez se rexen mais pola competitividade e a chamada “ética do traballo”, sendo, por exemplo, máis importante facer máis vendas que o noso compañeiro e esquecendo a importancia do compañerismo no traballo.

Avogar por unha Renda Básica significaría un avance para a nosa sociedade, dado que os servizos sociais que se están a dar, debido en moitos casos os recortes sociais, son cada vez máis asistenciais, onde se están a incrementar medidas de bancos de alimentos ou outros tipos axudas que non deixan de ser caridade, cando na realidade os servizos sociais son un dereito ó cal debe ter acceso garantido toda a poboación⁶.

BIBLIOGRAFÍA

- Esping-Andersen, G. (1993). *Los tres mundos del Estado del bienestar*. Valencia: Edicions Alfons el Magnànim.
- Pettit, P. (2008) *Examen a Zapatero: balance del gobierno socialista*. Madrid: Temas de Hoy.
- Pettit, Philip. (2009) *Republicanism. Una teoría sobre la libertad y el gobierno*. Barcelona: Paidós.
- Raventós, D. (1999) *El derecho a la existencia: La propuesta del subsidio universal garantizado*. Barcelona: Ariel.
- Raventós, D. (2005) Propiedad, libertad republicana y Renta Básica de Ciudadanía. *Polis*, 10. Recuperado el 11 abril de 2013 de: <http://polis.revues.org/7503>
- Raventós, D. (2011) De qué hablamos cuando decimos que la Renta Básica es (o no) justa. Sobre liberalismos y republicanismos. *Revista Internacional de Pensamiento Político*, 6, 223-240.
- Van Parijs, P. (1993) *¿Qué es una sociedad justa? Introducción a la práctica de la filosofía política*. Barcelona: Ariel.

⁶ Quero agradecer a David Álvarez García, quen me axudou a establecer as bases deste traballo.

- Van Parijs, P. (1996). *Libertad real para todos. Qué puede justificar el capitalismo (si hay algo que pueda hacerlo)*. Barcelona: Paidós.
- Vanderborght, Y. y Van Parijs, P. (2006) *La Renta Básica: una medida eficaz para luchar contra la pobreza*. Barcelona. Paidós.
- White, S. (2009) La justificación republicana de la renta básica: consideremos sus dificultades. *Sin permiso*, 4, 209-215.

A coordinación en servizos sociais e a protección de datos.

M.^a Elena Puñal Romarís
Traballadora social. Profesora da EUTS de Santiago de Compostela

Comunicación presentada na xornada “25 anos de servizos sociais básicos en Castela e León a debate”. Marzo, 2013.

RESUMO:

Ao abordar a coordinación, falamos de comunicación entre profesionais, e o habitual é que o contido desta comunicación incorpore información relativa ás persoas coas que se intervén; polo tanto, estamos a compartir ou facendo unha comunicación ou cesión de datos de carácter persoal, é dicir, a coordinación pode implicar a comunicación ou cesión a terceiros de datos de carácter persoal. Este é un dos aspectos de maior fragilidade dende a aplicación da normativa de protección de datos, a coordinación convértese entón en obxecto de maior interese, e é, polo tanto, necesario asegurar unhas boas prácticas que se axusten ás obrigas legais que se deben cumprir.

PALABRAS CLAVE:

Consentimento informado, cesión, revelación, persoa distinta e interesado.

RESUMEN:

Al abordar la coordinación, hablamos de comunicación entre profesionales, y lo habitual es que el contenido de esta comunicación incorpore información relativa a las personas con las que se interviene; por lo tanto estamos compartiendo o haciendo una comunicación o cesión de datos de carácter personal, es decir, la coordinación puede implicar la comunicación o cesión a terceros de datos de carácter personal. Siendo este,

uno de los aspectos de mayor fragilidad desde la aplicación de la normativa de protección de datos, la coordinación se convierte entonces en objeto de mayor interés, y es por tanto, necesario asegurar unas buenas prácticas que se ajusten a las obligaciones legales que se deben cumplir.

PALABRAS CLAVE:

Consentimiento informado, cesión, revelación, persona distinta e interesado.

ABSTRACT:

When it comes to coordination, it is necessary to talk about communication between professionals; and communication, rather naturally, involves sharing information about the participants. Thus, whenever we communicate we exchange or disclose personal data; hence, we may conclude that coordination may involve the transmission or disclosure of personal data to third parties. But, since the enforcement of the Data Protection Act, coordination has become a very delicate issue and a matter of concern and, thus, it is necessary to guarantee a series of best practices in order to comply with the corresponding legal obligations.

KEY WORDS:

Informed consent, transfer, disclosure, third party, interested party.

Ao falar de coordinación, inmediatamente pódese pensar en coordinación interna e coordinación externa. En calquera dos casos, neste texto, trátase a coordinación que implique compartir, comunicar ou ceder datos das persoas atendidas, deixando fóra desta análise a coordinación, tanto interna como externa, que as entidades poidan levar a cabo pero que non comporte tratamento de datos persoais.

Os textos xurídicos que se toman como referencia para a análise aquí exposta son a Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal¹ (en diante LOPD) e o regulamento que a desenvolve, recollido no Real decreto 1720/2007² (en diante regulamento).

¹ Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Publicada no BOE n.º 298 do 14 de decembro de 1999. Esta lei é a transposición en España da Directiva 95/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24/10/1995, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos. Publicada no DOCE n.º L 281, do 23 de novembro de 1995.

² Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento de la Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Publicado no BOE n.º 17 do 19 de xaneiro do 2008.

O punto de arranque que condiciona as decisións posteriores que afectan ao tratamento de datos que leva a cabo unha entidade é determinar cales son as canles de entrada de datos, como se tratan ou manexan por parte do persoal, e como saen da entidade, ao mesmo tempo que é preciso determinar tamén que ficheiros hai no servizo que conteñan datos persoais. Unha das primeiras obrigas que debe cumprir a entidade é rexistrar estes ficheiros. Este rexistro pódese levar a cabo directamente na páxina web da Axencia Española de Protección de Datos (en diante AEPD).

AAEPD é a entidade creada en España para velar polo cumprimento da normativa de protección de datos. No Rexistro Xeral de Ficheiros da AEPD teñen que notificarse os ficheiros que se creen en calquera entidade. O contido das inscricións fai referencia ás características dos ficheiros, concretamente:

- Responsable do ficheiro, servizo ou unidade ante o que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.
- Identificación, finalidade e usos previstos.
- Orixe e procedencia dos datos, colectivo de persoas sobre os que se obteñen datos.
- Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro.
- Destinatarios de cesións.
- Transferencias internacionais.
- No caso de ficheiros de titularidade pública: disposición xeral de creación ou modificación.

Os destinatarios das cesións son cruciais para realizar a coordinación, e é neste momento de rexistrar os ficheiros, cando se debe de precisar a que entidades ou profesionais se poderán ceder datos. Cuestión moi relevante se se trata de coordinación externa con profesionais doutras entidades. Así, en servizos sociais a nivel municipal, o normal é que nos destinatarios se contemple, organismos da Administración pública, estatal, autonómica e local, entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, empresas prestadoras de servizos, entre outros; de maneira que se axustaría ao declarado, por exemplo, a cesión de datos necesaria para a coordinación, que se efectúe entre estes servizos sociais e unha ONG.

Os piares fundamentais onde se asenta unha boa práctica profesional, dende a aplicación da normativa de protección de datos son o consentimento para o tratamento de datos e a información ao respecto sobre este tratamento; en definitiva o consentimento informado.

Dada a esixencia que formula o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, ao corresponderlle ao responsable do ficheiro ou tratamento a proba destas obrigas³, aconséllase que este consentimento informado se realice por escrito⁴ coa sinatura das persoas afectadas. Esta é a forma máis segura que garante a obtención do consentimento informado. Agora ben, é crucial que este consentimento informado se deseñe de acordo co declarado no momento de rexistrar os ficheiros.

Se non se cumpre a obriga de informar, cando se solicitan datos do propio interesado constitúe unha infracción leve, e grave se se solicitan doutra fonte. Se se tratan datos sen o consentimento, cando se requira, das persoas afectadas, trataríase dunha infracción grave. Pero isto complícase cando nos atopamos nun suposto de comunicación ou cesión de datos, e se se tratan de datos sensibles⁵ como saúde, xa que sería unha infracción moi grave; e, que informe social non contén datos relativos a saúde, cando é unha epígrafe considerada en calquera informe?⁶

As obrigas legais de informar e solicitar o consentimento, case sempre inseparables, veñen recollidas fundamentalmente nos artigos 5 e 6 de la LOPD, e nos artigos do 12 ao 19 do regulamento.

Artigo 5 da LOPD: dereito de información na recollida de datos.

1. Os interesados aos que se lles soliciten datos persoais deberán ser previamente informados de modo expreso, preciso e inequívoco:

³ Regulamento:

Artigo 18. Acreditación do cumprimento do deber de información.

1. Deber de información ao que se refire o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, deberase levar a cabo a través dun medio que permita acreditar o seu cumprimento e deberase conservar mentres persista o tratamento dos datos do afectado.

2. O responsable do ficheiro ou tratamento deberá conservar o soporte no que conste o cumprimento de deber de informar. Para o almacenamento dos soportes, o responsable do ficheiro ou tratamento poderá utilizar medios informáticos ou telemáticos. En particular poderá proceder ao escaneado da documentación en soporte papel, sempre e cando se garanta que na dita automatización non mediou alteración ningunha dos soportes orixinais.

Artigo 12, punto 2. Proba da existencia do consentimento.

3. Corresponderalle ao responsable do tratamento a proba da existencia do consentimento do afectado por calquera medio de proba admisible en dereito.

⁴ A LOPD obriga que o consentimento se solicite por escrito se se trata de datos sensibles relativos a ideoloxía, afiliación sindical, relixión e crenzas, salvo excepcións contempladas na lei. Requírese consentimento expreso se son datos de orixe racial, saúde e vida sexual, e táctico para os datos que non sexan sensibles.

⁵ Datos sensibles ou datos especialmente protexidos (art. 7 da LOPD): ideoloxía, afiliación sindical, relixión, crenzas, orixe racial, vida sexual e saúde. Requiren medidas de seguridade de nivel alto o igual que os solicitados con fins policiais sen consentimento das persoas afectadas, e os derivados de actos de violencia de xénero.

⁶ As sancións que poden impoñerse, se se trata de ficheiros de titularidade privada, son as seguintes: de 900 a 40.000 € se son infraccións leves, de 40.001 a 300.000 € se son graves, e de 300.001 a 600.000 € se son moi graves.

- a) *Da existencia dun ficheiro ou tratamento de datos de carácter persoal, da finalidade da recollida destes e dos destinatarios da información.*
- b) *Do carácter obrigatorio ou facultativo da súa resposta ás preguntas que lles sexan formuladas.*
- c) *Das consecuencias da obtención dos datos ou da negativa a subministralos.*
- d) *Da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.*
- e) *Da identidade e dirección do responsable do tratamento ou, no seu caso, do seu representante.*

Deste contido é do que se debe informar, e concretamente, a coordinación relaciónase directamente cos destinatarios da información. É dicir, se traballamos nun servizo, que para levar a cabo a intervención, se comunican ou ceden datos de carácter persoal, a outro servizo, este debe figurar dentro dos destinatarios declarados no rexistro, tal como se comentou anteriormente.

Con respecto ao consentimento⁷ da persoa afectada, a LOPD establece que «O tratamento dos datos de carácter persoal requirirá o consentimento inequívoco do afectado, salvo que a lei dispoña outra cousa».

O regulamento reforza este mandato legal precisando que:

«O responsable do tratamento deberá obter o consentimento do interesado para o tratamento dos seus datos de carácter persoal salvo naqueles supostos en que o este non sexa esixible conforme ao disposto nas leis.

A solicitude do consentimento deberá ir referida a un tratamento ou serie de tratamentos concretos, con delimitación da finalidade para os que se solicita, así como das restantes condicións que concorran no tratamento ou serie de tratamentos.

Cando se solicite o consentimento do afectado para a cesión dos seus datos, este deberá ser informado de forma que coñeza inequivocamente a finalidade á que se destinarán os datos respecto da comunicación dos cales se solicita o consentimento e o tipo de actividade desenvolvida polo cesionario. No caso contrario, o consentimento será nulo».

⁷ No artigo 10 do regulamento contémlanse uns supostos de excepción ao consentimento, para o tratamento e cesión de datos, que se presentan no Anexo 1.

Pode entenderse como outorgado o consentimento para o tratamento dos datos, por parte da persoa que acode voluntariamente a servizos sociais, e así o recolle como exemplo a *Guía para o Cidadán* que a AEPD ten na súa páxina oficial⁸:

«Non obstante, hai casos nos que os nosos datos poden tratarse sen o noso consentimento. Para as funcións propias das administracións públicas no ámbito das súas competencias. Por iso, para tratar os datos persoais polos servizos sociais dun concello, ou para a xestión dos impostos, non fai falta o noso consentimento». (páx. 10)

Isto podería parecer que nos liberaría de ter que cumprir con esta obriga, pero a realidade impoñe doutro xeito, xa que cando unha persoa acode a servizos sociais achega datos persoais non só dela, senón de familiares e outras persoas do seu ámbito. Como se podería supoñer entón concedido o consentimento, se é probable que descoñezan mesmo que se están a tratar os seus datos? Pero ademais sempre permanece a obriga de informar, tanto para a persoa que presenta a demanda coma para as terceiras persoas das que se rexistran e tratan datos e que non achegan elas directamente.

Neste punto é necesario clarificar que, no contexto de coordinación, o concepto de terceiros pode facer referencia a ceder datos a terceiros, isto é, achegar datos de carácter persoal a profesionais doutro servizo ou entidade, e por outra parte, datos de terceiros, pode referirse a datos de persoas que non achegan directamente elas, senón que se obteñen da persoa que presenta a demanda.

Isto último supón un dos aspectos máis difíciles de resolver en servizos sociais, e a normativa de protección de datos non entra realmente a precisar como abordar os datos de terceiros, limitase a establecer nos puntos 4 e 5 do artigo 5 LOPD, o seguinte:

«Cando os datos de carácter persoal non sexan solicitados do interesado, este deberá ser informado de forma expresa, precisa e inequívoca, polo responsable do ficheiro ou o seu representante, dentro dos tres meses seguintes ao momento do rexistro dos datos, salvo que xa fose informado con anterioridade, do contido do tratamento, da procedencia dos datos, así como do previsto nas letras a), d) e e) do punto 1 do presente artigo.

Non será de aplicación o disposto no punto anterior cando expresamente unha lei o prevexa, cando o tratamento teña fins históricos, estatísticos ou científicos, ou cando a información ao interesado resulte imposible ou esixa esforzos desproporcionados, a criterio da Axencia de Protección de Datos ou do organismo

⁸ www.agpd.es

autonómico equivalente, en consideración ao número de interesados, á antigüidade dos datos e ás posibles medidas compensatorias.

Así mesmo, tampouco rexerá o disposto no punto anterior cando os datos procedan de fontes accesibles ao público⁹ e se destinen á actividade de publicidade ou prospección comercial, en cuxo caso, en cada comunicación que se dirixa ao interesado informaráselle da orixe dos datos e da identidade do responsable do tratamento así como dos dereitos que o asiste».

En definitiva déixase claro a obriga de informar sempre a todas as persoas das que se tratan datos, pero non se achegan solucións para facer efectiva esta obriga que implica unha situación de difícil e complexa aplicación sobre todo no ámbito dos servizos sociais.

O tema central, da normativa de protección de datos, no que se pode enmarcar a dinámica que leva consigo a acción de coordinarse, é o da comunicación ou cesión de datos. Estes conceptos defínense na LOPD como: «*Toda revelación de datos realizada a unha persoa distinta do interesado*», e no regulamento, como o «*Tratamento de datos que supón a súa revelación a unha persoa distinta do interesado*». Como se observa, o regulamento non achega precisión a estes conceptos, senón que insiste soamente nas palabras clave: revelación, persoa distinta e interesado.

O consentimento é o piar sobre o que se apoia unha correcta actuación á hora de comunicar ou ceder información, así o establece a LOPD no punto 1 do artigo 11:

1. Os datos de carácter persoal obxecto do tratamento só lles poderán ser comunicados a un terceiro para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas do cedente e do cesionario co previo consentimento do interesado.

O punto 2 deste artigo recolle os supostos nos que non sería necesario o consentimento. Nalgúns destes supostos atoparíanse a emisión dun informe social dende servizos sociais básicos, dirixido ao servizo de protección de menores, para informar sobre unha situación de menores en desamparo, ou ben o envío dun informe social ao xulgado para comunicar o caso dunha persoa maior en situación de gran dependencia e que careza da atencións básicas.

2. O consentimento esixido no punto anterior non será preciso:

a) Cando a cesión está autorizada nunha lei.

⁹ Non é necesario o consentimento da persoa afectada se a información procede de *fontes accesibles ao público*: censo promocional, guías de servizos de comunicacións electrónicas, listas de persoas pertencentes a grupos profesionais, diarios e boletíns oficiais e medios de comunicación social.

- b) Cando se trate de datos recollidos de fontes accesibles ao público.*
- c) Cando o tratamento responda á libre e lexítima aceptación dunha relación xurídica cuxo desenvolvemento, cumprimento e control implique necesariamente a conexión do dito tratamento con ficheiros de terceiros. Neste caso a comunicación só será lexítima en canto se limite á finalidade que a xustifique.*
- d) Cando a comunicación que deba efectuarse teña por destinatario o Valedor do Pobo, o Ministerio Fiscal ou os xuíces ou tribunais ou o Tribunal de Contas, no exercicio das funcións que ten atribuídas. Tampouco será preciso o consentimento cando a comunicación teña como destinatario institucións autonómicas con funcións análogas ao Valedor do Pobo ou ao Tribunal de Contas.*
- e) Cando a cesión se produza entre administracións públicas e teña por obxecto o tratamento posterior dos datos con fins históricos, estatísticos ou científicos.*
- f) Cando a cesión de datos de carácter persoal relativos á saúde sexa necesaria para solucionar unha urxencia que requira acceder a un ficheiro ou para realizar os estudos epidemiolóxicos nos termos establecidos na lexislación sobre sanidade estatal ou autonómica.*

Dos puntos seguintes do artigo 11 da LOPD, destacar o 3, que fai fincapé na esixencia de que a persoa afectada ten que ter unha información clara sobre a finalidade para a cal se ceden os datos:

- 3. Será nulo o consentimento para a comunicación dos datos de carácter persoal a un terceiro cando a información que se lle facilite ao interesado non lle permita coñecer a finalidade a que destinarán os datos a comunicación dos cales se autoriza ou o tipo de actividade daquel a quen se pretenden comunicar.*
- 4. O consentimento para a comunicación dos datos de carácter persoal ten tamén un carácter de revogable.*
- 5. Aquel a quen se lle comuniquen os datos de carácter persoal obrígase, polo solo feito da comunicación, á observancia das disposicións da presente lei.*
- 6. Se a comunicación se efectúa logo de procedemento de disociación, non será aplicable o establecido nos puntos anteriores.*

Mención á parte merece comentar a figura do «encargado de tratamento», que se define no regulamento como:

«A persoa física ou xurídica, pública ou privada, ou órgano administrativo que, só ou conxuntamente con outros, trate datos persoais por conta do responsable do tratamento ou do responsable do

ficheiro, como consecuencia da existencia dunha relación xurídica que lle vincula con este e delimita o ámbito da súa actuación para a prestación dun servizo. Poderán ser tamén encargados do tratamento os entes sen personalidade xurídica que actúen no tráfico como suxeitos diferenciados».

É habitual que para a prestación de servizos a nivel municipal se contraten empresas que necesitan, para realizar a dita prestación, tratar datos de carácter persoal das persoas que son atendidas. Nestes casos, é necesario que esta relación se plasme por escrito, nun contrato específico ou ben con cláusulas apropiadas no mesmo contrato de prestación do servizo. Nestes supostos está xustificoado que se faciliten os datos das persoas ás que se lles prestarán os servizos. A continuación expónse o artigo da LOPD que regula esta relación.

Artigo 12. Acceso aos datos por conta de terceiros

«1. Non se considerará comunicación de datos o acceso dun terceiro aos datos cando o dito acceso sexa necesario para a prestación dun servizo ao responsable do tratamento.

2. A realización de tratamentos por conta de terceiros deberá estar regulada nun contrato que deberá constar por escrito ou nalgunha outra forma que permita acreditar a súa realización e contido, establecerase expresamente que o encargado do tratamento unicamente tratará os datos conforme ás instrucións do responsable do tratamento, que non os aplicará ou utilizará con fin distinto ao que figure no dito contrato, nin llos comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.

No contrato estipularanse, así mesmo, as medidas de seguridade a que se refire o artigo 9 desta lei que o encargado do tratamento está obrigado a implementar.

3. Unha vez cumprida a prestación contractual, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos ao responsable do tratamento, ao igual que calquera soporte ou documentos en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento.

4. No caso de que o encargado do tratamento destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as estipulacións do contrato, será considerado tamén responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que incorrese persoalmente».

Ata agora comentáronse dous dos puntos máis complexos do noso exercicio profesional na aplicación da normativa de protección de datos, como son o tratamento de datos de terceiros e a cesión de información. Estes preséntanse de xeito especialmente complicado no tema da coordinación en servizos sociais. Agora ben, tampouco está exenta a coordinación, doutra das

grandes dificultades de aplicación da normativa de protección de datos, que é o principio de calidade dos datos, en canto que non poden ser excesivos con respecto á finalidade pola que se solicitaron. De aquí a dificultade que xorde de adecuar a información precisa e pertinente ao obxecto da coordinación, é dicir, que da información que posúan dous profesionais que teñen que coordinarse para intervir conxuntamente nun caso, teñen que limitar as súas comunicacións á información que deben coñecer ambas as dúas partes para levar a cabo as intervencións correspondentes a cada un.

Unha vez presentados os aspectos esenciais para analizar dende a perspectiva da protección de datos o tema da coordinación, pasemos a reflexionar sobre as vías que en servizos sociais se empregan para canalizala.

As canles máis habituais para levar a cabo a coordinación son:

- a) Reunión de equipo
- b) Reunión con profesionais externos
- c) Emisión de informes sociais
- d) Documento de folla de derivación
- e) Xestión telefónica
- f) Novas tecnoloxías: correo electrónico entre profesionais.

a) Reunión de equipo

A reunión de traballo é un dos medios de operativizar a coordinación. No ámbito da entidade, a coordinación interna dun equipo interdisciplinar é fundamental para o desenvolvemento das intervencións e prestación de servizos que se oferten. No contexto dunha reunión de traballo, onde diferentes profesionais intercambian información relativa dos casos tratados, é clave a declaración de «usuarios» que a entidade realizase. Para explicar isto, é preciso aclarar que no marco normativo da protección de datos «usuario», significa suxeito ou proceso autorizado para acceder a datos ou recursos, por exemplo as/os traballadoras/es sociais teñen que figurar como usuarios dos ficheiros que conteñan os expedientes dos seus casos. As persoas atendidas, titulares dos datos que son rexistrados e tratados, denomínanse «persoas afectadas» ou «interesadas».

A entidade ten a obriga de elaborar o documento de seguridade¹⁰, e neste, hai que determinar os que son usuarios de cada un dos ficheiros rexistrados, isto é quen está autorizado para acceder a estes ficheiros. Esta

¹⁰ Documento de seguridade: documento que recolle as medidas de índole técnica e organizativa acorde á normativa de seguridade vixente que é de obrigado cumprimento para o persoal con acceso aos datos de carácter persoal.

identificación de usuarios está condicionada a que estea xustificado que para o exercicio das funcións que teñen encomendadas, sexa necesario acceder aos datos dos ficheiros. Por iso é importante, se entra persoal novo incorporalo aos usuarios se ten que tratar os datos dos ficheiros. Polo tanto, nestes casos, trataríase sinxelamente de compartir información para valorar, programar e levar a cabo unha intervención, axustándose á normativa. Se pola contra, outros profesionais do servizo non figuran como usuarios con acceso permitido aos ficheiros en cuestión, si que se trataría dunha comunicación ou cesión e polo tanto as persoas afectadas deben estar informadas deste extremo e consentir, ou estar amparados nalgúns dos supostos de exención do consentimento. Pero ademais, expertos en protección de datos fan fincapé en que o feito de compartir información debe fundamentarse sempre na implicación dos profesionais no caso, é dicir, debe estar xustificado o acceso a estes polo feito de intervir neste.

b) Reunión con profesionais externos

Con respecto á coordinación externa a través de reunións con outros profesionais, debe partirse da obtención do consentimento informado ao inicio do establecemento da relación profesional por parte das persoas afectadas, e neste consentimento informado teñen que figurar, como destinatarios, estas entidades nas cales traballan os profesionais cos que ten lugar a reunión; se non fose así, tal como se expuxo anteriormente, hai que informar e obter o consentimento para esta comunicación ou cesión, ou estar nun suposto de exención.

c) Emisión de informes sociais

O informe social como canle de comunicación interprofesional é un instrumento clave para a coordinación, xa que pode utilizarse para derivar un caso e achegar a información necesaria á entidade receptora. Noutras ocasións, ten a finalidade de ofrecer a información que precisa a entidade solicitante para levar a cabo a intervención nun caso. En calquera suposto contén sempre datos de carácter persoal e constitúe unha cesión ou comunicación de datos a terceiros, para os efectos da normativa de protección de datos.

O *motivo* concreto polo que se emite un informe social é o que orienta a elaboración do seu contido. Dende o encabezamento ata a valoración profesional, e se procede, ata a proposta de intervención, o motivo do informe é o referente que guía a redacción de todos os seus puntos.

Cabeceira do informe social

INFORME SOCIAL	
INSTITUCIÓN:	
INFORME EMITIDO POR:	N.º COLEXIADA:
DATA:	
DIRIXIDO A:	/SOLICITADO POR:
MOTIVO DO INFORME:	
Fontes de información:	

É crucial que o motivo expresado no informe social se axuste á finalidade declarada pola que se tratan datos, ou ben, atoparse de novo nun suposto de exención do consentimento para a comunicación ou cesión.

Para garantir unha boa práctica de emisión de informes sociais débense dar unhas condicións:

- A solicitude debe facerse por escrito, identificando inequivocamente quen fai a solicitude e indicando o motivo polo que se solicita (se é urxente: que fagan a solicitude por correo electrónico ou FAX).
- Se se recolle en norma que a súa emisión é obrigatoria, facer referencia á norma.
- Se existe expediente aberto, e polo tanto historia social, comprobar se cos datos que constan no expediente (historia social, follas de seguimento etc.) pode elaborarse o informe social que solicitan.
- Partindo da existencia do *consentimento informado*, que cobre este *motivo* (finalidade), infórmase as persoas afectadas da emisión do dito informe.
- Se existe expediente, pero o motivo polo que se solicita é unha finalidade diferente á recollida inicialmente no consentimento informado, débense cumprir as dúas obrigas: informar e solicitar consentimento para esta nova finalidade.
- Se non existe expediente, o axeitado sería abrilo primeiro obtendo o consentimento informado.

É importante recordarlle ao receptor do informe social o cumprimento da normativa de protección de datos, e ao mesmo tempo cúmprese tamén co Código deontolóxico do traballo social¹¹, que establece no artigo 53 como un deber do/a traballador/a social relativo á cesión de información e advertencia de confidencialidade o seguinte:

¹¹ Aprobado de forma unánime pola Asemblea Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais na súa sesión extraordinaria do 9 de xuño de 2012.

«O/a profesional de traballo social, sempre que lle remita ou traslade información indicará por escrito, se fose necesario, ao receptor/a, que esta é confidencial e que só se pode utilizar para o fin solicitado e pode existir responsabilidade no caso contrario...»

A continuación preséntase un exemplo de modelo de cláusula que cumpre a finalidade de recordar este carácter confidencial do informe social e o seu uso para o fin indicado.

A información achegada neste informe social serve á finalidade recollida no seu motivo, e que figura na cabeceira deste. A súa elaboración e emisión cumpre os preceptos da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE n.º 298, do 14 decembro de 1999), e o regulamento que a desenvolve, recollido no Real decreto 1720/2007 (BOE n.º 17, do 19 de xaneiro de 2008) fundamentalmente no que respecta ao deber de información e de consentimento das persoas afectadas. Os destinatarios deste informe están obrigados por lei a manter a necesaria confidencialidade e adoptar as medidas de seguridade oportunas para a súa protección.

d) Folla de derivación

A Folla de derivación é un soporte documental que nalgúns servizos utilizan para derivar un caso a outro servizo, co que se pode manter unha coordinación permanente ou ben puntual. Este documento implica a comunicación ou cesión de datos a un terceiro, e o correcto sería que o asinasen as persoas afectadas, e se lles entregase un exemplar a estas, outro para a entidade destinataria e outro para gardar no expediente do caso no ficheiro da entidade emisora. Por estes motivos, e ao ser ademais un documento impreso, ten que incluír a cláusula obrigatoria que establece o punto 2 do artigo 5 da LOPD, polo tanto deben figurar os datos que se indican no punto 1 do mesmo artigo.

A continuación preséntase un modelo estándar, para ilustrar o deseño deste documento, ao que se lle incorpora un exemplo de cláusula informativa, que cumpre varias funcións. A primeira, a obriga legal que establece o artigo 5 de la LOPD, a segunda función é a de recordar ao receptor o carácter confidencial da información achegada neste documento, e a terceira é a de solicitar o consentimento.

Exemplo de modelo de Folla de derivación

(Entidade)

Servizo e/ou profesional que deriva o caso:

.....

Dirixido a:

Datos da persoa derivada:

*Apelidos:..... *Nome:

Data de nacemento: Sexo: EC:.....

*DNI/Pasaporte/NIE..... Nacionalidade:.....

Enderezo:.....

.....

Localidade: C.P.: Provincia:.....

*Tfnos. persoais:...../..... Tfno. Traballo:.....

*Persoas e Tfnos. de contacto:.....

Enderezo electrónico:...../.....

***Motivo da derivación:**

.....

Sinatura da persoa derivada

Sinatura do/a traballador/a social

Lugar e data

En cumprimento co disposto en 15/1999 do 13 de decembro (BOE n.º 298, 14-2-1999), INFÓRMASE de que os datos achegados neste documento se incorporan ao ficheiro denominado «PERSOAS ATENDIDAS EN SERVIZOS SOCIAIS» cuxa finalidade é a atención social, seguimento e xestión de recursos sociais. O destinatario desta información é a Unidade de Atención a Drogodependencias. É de carácter obrigatorio chegar os datos solicitados sinalados cun asterisco. A negativa a subministrarlos implicaría a imposibilidade de derivación ao servizo mencionado. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, poden exercitarse ante o responsable do tratamento, no enderezo xxx/yyy/zzz.

O receptor desta información está obrigado por lei a manter a necesaria confidencialidade e adoptar as medidas de seguridade oportunas para a súa protección, conforme co establecido na Lei 15/1999 de protección de datos de carácter persoal e no regulamento de desenvolvemento (Real decreto 1720/2007). Ao cubrir e asinar este documento outórgase o consentimento para o tratamento dos datos achegados.

e) Xestión telefónica

A xestión telefónica que, no exercicio profesional diario, as/os traballadoras/es sociais efectúan, sexa, quizais o medio máis utilizado para as intercomunicacións continuas que leva consigo a coordinación. É probable que non sexamos conscientes do volume de xestión que podemos resolver por teléfono, pero ao mesmo tempo, é posible que non sexamos tamén totalmente conscientes do tratamento que se fai de datos fóra da expresión do consentimento da persoa afectada e de informala para iso. Seguro que sempre o fariamos por un beneficio das persoas que atendemos, para que non teña que acudir ao outro servizo, para axilizar unha solicitude etc. Pero facer algo que favoreza as persoas afectadas, non significa facer o correcto, e isto é o que pode acontecer se temos en conta a normativa de protección de datos.

Cando falamos con outro profesional sobre un caso, para que nos achegue a súa valoración, debemos pensar sempre se temos o consentimento das persoas afectadas e cumprido deber de información para revelarlle datos de carácter persoal. Outra forma de proceder, é consultar con outro profesional un caso sen revelar datos de carácter persoal que identifiquen as persoas afectadas. Esta pode ser unha práctica aconsellable, en calquera situación, mesmo cando se traballa en equipo. Se un compañeiro de equipo non intervéñ directamente no caso, pódese entender que é unha cesión, polo tanto, mesmo nestes casos, expertos no tema aconsellan tratar o caso sen revelar datos identificativos.

Débese facer un bo uso de contactos telefónicos que se manteñan con outros profesionais, e acordar oportunamente os termos da conversación, de forma que ambas as dúas partes teñan claro que información está contrastada e pode ser tratada, ou ben que datos non o están ou son subxectivos e non deberan ser tratados pola outra parte.

f) Novas tecnoloxías: correos electrónicos entre profesionais.

Cada vez é máis frecuente a comunicación entre profesionais a través do correo electrónico, como medio áxil e cómodo de contactar, intercambiar información e en definitiva, efectuar as accións de coordinación. Todos os aspectos comentados anteriormente aplícanse tamén a esta forma de comunicación, pero ademais deben observarse outras condicións derivadas de ser un tratamento automatizado de datos, como son, claves de acceso ao ordenador, cláusula informativa no correo enviado etc.

Como reflexión final, pensemos que no noso exercicio profesional levamos a cabo coordinación de forma consciente, pero non obstante, pode que non sexamos conscientes de actos de coordinación que impliquen cesión de datos. Por exemplo, dende unha coordinación plena que se podería reflectir no suposto de elaboración conxunta dunha programación de intervención nun caso dende dous servizos pertencentes a diferentes

entidades, ata conversacións telefónicas entre ambos os dous servizos para abordar aspectos puntuais non contemplados previamente. En ambas as dúas situacións prodúcese un fluxo de información, e recórdese que a mellor garantía de levar a cabo unha coordinación conforme aos preceptos normativos da protección de datos de carácter persoal, é realizar o tratamento da información manexada, dentro das marxes que estableza o consentimento informado que as persoas afectadas outorguen; e no momento da cesión, preguntarse sempre: «que datos, para que finalidade e a quen».

BIBLIOGRAFÍA

- Axencia Española de Protección de Datos (2011). *El derecho fundamental a la protección de datos. Guía para el Ciudadano*. Recuperado o 28 de xaneiro de 2013 de http://www.agpd.es/portalwebAGPD/canaldocumentacion/publicaciones/common/Guias/GUIA_CIUDADANO_OK.pdf
- Consello Xeral do Traballo Social (2012). *Código deontolóxico del Trabajo Social*. Madrid: Autor.
- *Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal*. *Boletín Oficial do Estado*, 298 do 14 de decembro de 1999.
- *Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal*. *Boletín Oficial do Estado*, 17, do 19 de xaneiro de 2008.
- Salgado, V. (2013). *Protección de datos, comercio electrónico, firma digital, propiedade intelectual y cibercrimen*, [Blog]. Recuperado de <http://blogs.lavozdegalicia.es/victorsalgado/>
- Salgado, V. (2013). *La normativa sobre la protección de datos: su incidencia en el ámbito del Trabajo Social*. Documento sen publicar. Santiago de Compostela: Autor.

ANEXO 1

Artigo 10 do regulamento: supostos que lexítiman o tratamento ou cesión dos datos.

1. Os datos de carácter persoal unicamente poderán ser obxecto de tratamento ou cesión se o interesado prestase previamente o seu consentimento para iso.

2. Non obstante, será posible o tratamento ou a cesión dos datos de carácter persoal sen necesidade do consentimento do interesado cando:

a) O autorice unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito comunitario e, en particular, cando concorra un dos supostos seguintes:

O tratamento ou a cesión teñan por obxecto a satisfacción dun interese lexítimo do responsable do tratamento ou do cesionario amparado polas ditas normas, sempre que non prevaleza o interese ou os dereitos e liberdades fundamentais dos interesados previstos no artigo 1 de 9, do 13 de decembro.

O tratamento ou a cesión dos datos sexan necesarios para que o responsable do tratamento cumpra un deber que lle imponha unha das ditas normas.

b) Os datos obxecto de tratamento ou de cesión figuren en fontes accesibles ao público e o responsable do ficheiro, ou o terceiro a quen se lle comuniquen os datos, teña un interese lexítimo para o seu tratamento ou coñecemento, sempre que non se vulneren os dereitos e liberdades fundamentais do interesado.

Non obstante, as administracións públicas só poderán comunicar ao amparo deste punto os datos recollidos de fontes accesibles ao público a responsables de ficheiros de titularidade privada cando se atopen autorizadas para iso por unha norma con rango de lei.

3. Os datos de carácter persoal poderán tratarse sen necesidade do consentimento do interesado cando:

a) Se recollan para o exercicio das funcións propias das administracións públicas no ámbito das competencias que lles atribúa unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito comunitario.

b) Se soliciten polo responsable do tratamento con ocasión da realización dun contrato ou precontrato ou da existencia dunha relación negocial, laboral ou administrativa da que sexa parte o afectado e sexan necesarios para o seu mantemento ou cumprimento.

c) O tratamento dos datos teña por finalidade protexer un interese vital do interesado nos termos do punto 6 do artigo 7 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

4. Será posible a cesión dos datos de carácter persoal sen contar co consentimento do interesado cando:

a) A cesión responda á libre e lexítima aceptación dunha relación xurídica cuxo desenvolvemento, cumprimento e control comporte a comunicación dos datos. Neste caso a comunicación só será lexítima en canto se limite á finalidade que a xustifique.

b) A comunicación que deba efectuarse teña por destinatario o Valedor do Pobo, o Ministerio Fiscal ou os xuíces ou tribunais ou o Tribunal de Contas ou ás institucións autonómicas con funcións análogas ao Valedor do Pobo ou ao Tribunal de Contas e se realice no ámbito das funcións que a lei lles atribúa expresamente.

c) A cesión entre administracións públicas cando concorra un dos seguintes supostos:

Teña por obxecto o tratamento dos datos con fins históricos, estatísticos ou científicos.

Os datos de carácter persoal fosen recollidos ou elaborados por unha Administración pública con destino a outra.

A comunicación se realice para o exercicio de competencias idénticas ou que versen sobre as mesmas materias.

5. Os datos especialmente protexidos poderanse tratar e ceder nos termos previstos nos artigos 7 e 8 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

En particular, non será necesario o consentimento do interesado para a comunicación de datos persoais sobre a saúde, mesmo a través de medios electrónicos, entre organismos, centros e servizos do Sistema Nacional de Saúde cando se realice para a atención sanitaria das persoas, conforme ao disposto no capítulo da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.

A TOLEMIA: A SÚA RECLUSIÓN, EXCLUSIÓN E SUBMISIÓN SOCIAL

Luis Carmona. Traballador social
Hospital de Rehabilitación Psiquiátrica de Piñor (Ourense)

RESUMO:

Vivimos un delicado momento social que desorienta a cidadanía, claudicar ante a orde económica-social que intenta impoñer a nosa clase política sería retroceder no esforzo empregado anos atrás polos nosos pais e avós. Esta degradación de dereitos leva á exclusión social dos desfavorecidos e sitúaos na inexistencia ou entidade inmaterial para a Administración.

Se a clase política é quen de empobrecer socialmente a persoa corda que non farán co que se entrega aos mesteres da tolemia. Dedicouse un excesivo tempo en mellorar a súa calidade de vida e precísase de esforzos considerables por parte de profesionais, asociación ou familias, desgastes persoais que só algúns poden intuír.

Quen estamos próximos a estas historias de vida debemos comprometer nos alzando as nosas voces silenciosas, sinalar publicamente a quen permite que o esquecemento destas persoas madure entre a nosa sociedade. Nunca resultará extenuante perseverar en mellorar a vida de quen habita os vértices da tolemia, resignarse é contribuír á perpetuidade dos seus silencios.

PALABRAS CLAVE:

Tolemia-estigma-institucion-exclusión.

RESUMEN:

Vivimos un delicado momento social que desorienta la ciudadanía, claudicar ante la orden económica-social que intenta imponer nuestra clase política sería retroceder en el esfuerzo empleado años atrás por nuestros padres y abuelos. Esta degradación de derechos lleva a la exclusión social de los desfavorecidos y los sitúa en la inexistencia o entidad inmaterial para la Administración.

Si la clase política es quien de empobrecer socialmente la persona cuerda que no harán con el que se entrega a los menesteres de la locura. Se dedicó un excesivo tiempo en mejorar su calidad de vida y se precisa de esfuerzos considerables por parte de profesionales, asociación o familias, desgastes personales que sólo algunos pueden intuir.

Quien estamos próximos la estas historias de vida debemos comprometernos alzando nuestras voces silenciosas, señalar públicamente la quien permite que el olvido de estas personas madure entre nuestra sociedad. Nunca resultará extenuante perseverar en mejorar la vida de quien habita los vértices de la locura, resignarse es contribuir a la perpetuidade de sus silencios.

PALABRAS CLAVE:

Locura-estigma-institucion-exclusión.

ABSTRACT:

We are going through a socially delicate moment in history and citizens are confused. Giving up and accepting the social-economic order that our political class is trying to impose on us would be a step back and would also do away with years of efforts by our parents and grandparents.

This deprivation of rights leads to the social exclusion of the unfavoured classes, condemning them to nonexistence or to an inconsequential existence in the eyes of the Administration.

If politicians have no qualms about condemning the sane to social poverty, how can they be expected to spare the mentally disturbed? Improving their quality of life has taken a considerable amount of time and the keen efforts of professionals, associations and families, and the dimension of this personal commitment is something only a few can grasp.

We, who face these real-life stories on a daily basis, must commit ourselves too, giving voice to those whose voices are hushed, pointing our finger to those who let them fall into oblivion right in the face of our societies.

We must persevere indefatigably and try to improve the lives of those who live on the verge of sanity, because waiving would only perpetuate their silence.

KEYWORDS:

Insanity-stigma-institution-exclusion.

INTRODUCCIÓN

O meu primeiro contacto cos espazos da tolemia impactou na decadencia dun hospital psiquiátrico ao que eu chegaba destinado. Una atmosfera rancia, propia dun sanatorio de antano sustentaba aínda a preponderancia cara aos pacientes. Atopeime co hándicap social prevalecente sobre o paciente tanto dentro coma fóra da institución. Resultaba espiñento paliar o estigma do tolo na comunidade cando dende a propia institución este se atopaba sinalado.

É o artigo 49 da Constitución española o único que regula expresamente os dereitos das persoas con distintas capacidades. Prefiro empregar este termo aos utilizados como minusvalía, discapacidade ou diminuído.

Transcorridos 34 anos dende a sanción e publicación desta norma suprema do ordenamento xurídico español persiste aínda unha situación desfavorable para as persoas que soportan unha doenza mental con relación á intensidade e o alcance social que ampara o dito artigo.

A pedagogía social realizada sobre a vulnerabilidade e os abusos infrinxidos sobre a tolemia ten un alcance insuficiente, prefírese administrativamente correr un mesto veo sobre a súa permanencia dentro da exclusión social. A pouca información sobre a tolemia que aparece nos medios de comunicación é escasa ou sensacionalista, tipifícase a tolemia como agresora, o que propicia una atmosfera negativa sobre eles. Se alguén é precisamente damnificado é quen é sometido constantemente o receo social por ser unha persoa con dificultades psíquicas.

Atópanse ficticiamente protexidos por un estado democrático que limita as oportunidades de mellorar as súas vidas. Desprotección xurídico-social que crea desvantaxe social cando xustamente debería ser o contrario. Así pacientes e familiares encaran obstáculos que a sociedade ignora ou recoñece de xeito insuficiente para axitar as conciencias sociais.

Persisten obstáculos sempiternos como a lousa do estigma, aquela que cataloga o paciente como diferente, onde a súa proximidade alerta dun perigo que hai que evitar. É consabido que historicamente é un colectivo inxustamente atendido. Non adoitan esixir, tampouco as súas familias, son silencios perpetuados no sufrimento que a Administración alporiza a través do esquecemento social. Tamén existe a predisposición de decidir por eles, suplantándolles a palabra, é o mais indixerible. A maioría das persoas próximas que interactúan coa tolemia adoitan polo menos dúas actitudes que convén calibrar; a **do saber**, crese lexitimados sobre que é o que lle convén ao paciente, e a posición **de poder**, actúan sobre el de xeito dominante. Son relacións dadas con profesionais, familiares ou persoas do contorno da tolemia.

Atendendo a isto, quen salvagarda estes dereitos? A quen lle compete examinar a esencia e garantía deste? Existe algún comité de ética responsable de verificar a calidade de vida dos pacientes dentro e fóra da rede de saúde mental?

A RECLUSIÓN INSTITUCIONAL

En España recluír o tolo en institucións psiquiátricas pódese relacionar co remoto ou afastado no tempo, pero non é así. Presumíase que coa Lei de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia posibilitaríase igualar os dereitos de calquera persoa que tivese limitada a súa autonomía neste país, pero é incerto.

A experiencia dime que precisamente a lei foi un obstáculo máis para a externalización e mellora da calidade de vida do paciente psiquiátrico. Colaborou perpetuando a escaseza de oportunidades, non permitindo que viva dignamente entre a comunidade. Para argumentar a miña afirmación ofrezco datos obxectivos do meu centro de traballo. No ano 2005, había persoas recluídas institucionalmente por tempos que oscilaban entre os 25, 30, 40 ou 50 anos. Non dispuñan de rede socio-familiar que axudase á súa alta hospitalaria e precisan dun recurso residencial normalizado para garantir unicamente os seus coidados máis básicos. O 70% cursaron alta para residencias privadas ou de carácter benéfico. Un 26% a residencias especializadas. Só o 4% se favoreceron da Lei de dependencia.

Esta porcentaxe escandalosamente escasa prodúcese co filtro excluínte do baremo de valoración. Valoración aplicada que se atén á capacidade motora e infravalora aspectos mentais, astucia que contabiliza a autonomía externa e non a interna. Nin que o paciente non supera coller unha culler, asearse ou empregar un transporte público... No que non reparan é que en ocasións se non lles fas o xantar non comen, se non o animas ao asear non o fan, se non os estimulas non toman o tratamento... precisan de axudas externas para mobilizar aspectos vitais. Os informes clínicos e sociais propios de saúde mental teñen o seu valor, son documentos biográficos que reflicten o verdadeiro alcance das limitacións do paciente. Consideralos obrigaría á modificación dos baremos actuais, os cales se atopan moi lonxe da realidade que hai que tratar. Para máis inri revisións realizadas de oficio ou por consideralas inxustas por profesionais asígnaselle ao paciente aínda menor puntuación.

O Dr. Bobes en abril do 2011 afirmaba que só había 17.000 pacientes mentais no SAAD dun total de 720.000 e segundo os expertos nada garante que estes estean ben valorados. Para máis inri revisións realizadas de oficio ou por consideralas inxustas por algún profesionais asígnaselle ao paciente aínda menor puntuación. Esta circunstancia perpetúa a dificultade para saír da rede psiquiátrica ou do seu confinamento institucional. Unha vez máis o paciente non ten garantida a súa saída cara ao horizonte democrático.

A institución psiquiátrica atópase inamovible, non precisa levantar valos ou pechar portas, e a propia Administración é a que segue perpetuando a estancia no tempo para quen a habita.

A EXCLUSIÓN COMUNITARIA

Que situación se da no paciente que precisa recursos para vivir dignamente na comunidade da que todos formamos parte?

Realmente o seu horizonte atópase ensombrecido, se o Estado do benestar non protexe a este colectivo a súa saída comunitaria dependerá das institucións privadas ou benéficas. A maioría destas persoas suxeitanse na escaseza; xa sexa por carencia económica, da rede socio-familiar, acotacións ou acceso do mercado laboral. En definitiva pódese diagnosticar socialmente a súa situación coma "*desprotección social por escaseza*".

Os profesionais somos conscientes de que determinadas altas hospitalarias son dadas en condicións sociais non axeitadas. Tense a certeza de que a calidade de vida non mellorará se a súa situación social non é remediada.

A Administración autonómica de Galicia contempla a este colectivo dentro dunha situación de desatino auspiciada dende a propia Administración. Calquera paciente se pode beneficiar de recursos sociais a través da Consellería de Traballo e Benestar (Lei de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia), á súa vez disporán de recursos socio-sanitarios a través da Consellería de Sanidade, o que suscitará desconcerto na persoa acerca de onde solicitar ou coñecer os recursos aos cal ten dereito. Non existe liña seria de traballo entre administracións que solucione esta disección socio-administrativa, xustificano con orzamentos ou competencias distintas, sen existir pontes operativas entre administracións ou sen valorar incluso a unificación destas.

Con respecto ao novo panorama social ao que se asoma a Lei de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia consideremos as decisións políticas adoptadas nos últimos anos: no seu día o Goberno socialista concedeu aos cidadáns residentes deste país o cuarto pilar do Estado do benestar español. En certa maneira facíase xustiza a determinadas prestacións que unha sociedade non pode obviar. Non obstante, a lei carecía de dúas cuestións determinantes para a súa consagración: a insuficiencia de financiamento e a carencia de recursos no sistema.

En novembro do ano 2011 o hoxe presidente do goberno, D. Mariano Rajoy, manifestou publicamente a inviabilidade da Lei de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia, mencionou a continuación, con respecto a esta "*farase o que se poida*". Finaliza ese mesmo ano, e, sendo xa presidente do executivo deste país, suspéndese nun ano a incorporación de novos beneficiarios ao sistema. En xullo do 2012 a través dun decreto-lei

establécense novas medidas para as persoas en situación de dependencia, entre algunhas delas atópanse:

1. Rebaixar nun 15% as prestacións económicas aos cuidadores familiares, outórgaselles liberdade ás comunidades autónomas para poder incrementalas ata chegar a un 85%.
2. Perda das cotizacións á Seguridade Social por parte dos cuidadores non profesionais, ata entón o estado facíase cargo destas.
3. Ampliación do prazo para atender a persoas en situación de dependencia sen xerar retroactividade nos seus dereitos.
4. Posponse para 2015 a incorporación de novos usuarios en situación de dependencia con grao I.
5. Establecemento do copagamento, pódese aplicar ata o 90% do custo a cargo do usuario nalgunhas situacións.

Nas conclusións do IX Ditame do Observatorio da Dependencia sinálase a eliminación do nivel convido de financiamento ás comunidades autónomas por un importe de 283 millóns de euros. O que supón un recorte salvaxe que lles impedirá ás comunidades autónomas cumprir as súas obrigas contraídas coas persoas en situación de dependencia e as súas familias. O ditame menciona as puntuacións dadas ás comunidades autónomas, a maioría con notas deficientes sobre a xestión na súa comunidade. Con esta nova situación a Lei de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia retrocedeu alarmantemente nas súas expectativas iniciais. Estas non eran outras que atender as necesidades das persoas desfavorecidas, aquelas que economicamente non son quen de sufragar ou mitigar as súas limitacións. Verdadeiramente é un acto de alta traizón social.

No caso dos pacientes psiquiátricos no seu día foron incluídos no último intre na tramitación da Lei no Congreso e só a modo de testemuño o que significa a consideración que suscitaban no seu momento. Con todo iso aplícaselle un baremo excluínte, que posterga os seus dereitos e os coloca á cola das persoas en situación de dependencia deste país. Pódese afirmar que actualmente a fractura existente en canto a dereitos sociais co resto da poboación se incrementou considerablemente.

Estou plenamente de acordo con calquera axioma que faga referencia á protección do benestar do individuo por riba de calquera outro elemento persoal ou social. Un sistema político debe elevar ao máximo valor exponencial cuestións elementais como a sanidade, a educación e a atención social dos individuos que a conforman. Situacións de especial protección por riba de calquera outra necesidade ou doutra orde. Obviar isto implica unha cegueira política de enorme calado e preocupación para calquera sociedade.

Ourense, 22 de abril do 2013

OCIO INCLUSIVO PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE NA SÚA FUNCIÓN INTELECTUAL

Ángela Justo Rodríguez

Socióloga e traballadora social no Concello de Castrelo do Miño (Ourense).

angelajustorodriguez@gmail.com

Eunice Rodríguez Corral

Psicopedagoga, educadora social e intérprete de LS. Directora de Asociación Artefíos

eunicerodriguezcorral@gmail.com

RESUMO:

As persoas estamos en constante interacción co noso medio, primeiro o noso contorno familiar, social, comunitario etc. Somos quen de planificar actividades de ocio e tempo libre de xeito independente, procurando a nosa satisfacción segundo as nosas preferencias e gustos persoais. O noso medio, as nosas circunstancias, inflúen na hora de realizar distintas actividades.

Con motivo do noso traballo conxunto na planificación de actividades de ocio inclusivo para persoas con diversidade na súa función intelectual, queremos achegar a nosa pequena contribución con este artigo, que versa sobre algo tan esencial como é a planificación do tempo libre a prol do ocio e do espallamento social e persoal, como ferramenta para fomentar a autonomía, enriquecemento persoal e a adquisición de habilidades sociais. Neste caso, centraremos a nosa atención na planificación do ocio en entidades de iniciativa social con persoas con diversidade na súa función intelectual, xa que neste eido podemos falar dende a experiencia profesional.

PALABRAS CLAVE:

Diversidade funcional; calidade de vida; ocio inclusivo; ocio normalizado; planificación.

RESUMEN:

Las personas estamos en constante interacción con nuestro medio, primero nuestro contorno familiar, social, comunitario etc. Somos quienes de planificar actividades de ocio y tiempo libre de manera independiente, procurando nuestra satisfacción según nuestras preferencias y gustos personales. Nuestro medio, nuestras circunstancias, influyen en la hora de realizar distintas actividades.

Con motivo de nuestro trabajo conjunto en la planificación de actividades de ocio inclusivo para personas con diversidad en su función intelectual, queremos acercar nuestra pequeña contribución con este artículo, que versa sobre algo tan esencial como es la planificación del tiempo libre a favor del ocio y del esparcimiento social y personal, como herramienta para fomentar la autonomía, enriquecimiento personal y la adquisición de habilidades sociales. En este caso, centraremos nuestra atención en la planificación del ocio en entidades de iniciativa social con personas con diversidad en su función intelectual, ya que en este campo podemos hablar desde la experiencia profesional.

PALABRAS CLAVE:

Diversidad funcional; calidad de vida; ocio inclusivo; ocio normalizado; planificación.

ABSTRACT:

We, humans, are in constant interaction with our environment, first our family, then our society, our community, and so on. We are able to plan our leisure activities independently, seeking our own pleasure and satisfaction according to our own personal preferences, likes and dislikes. Our environment and circumstances are relevant when it comes to carrying out different activities.

Since we work as leisure activity planners, creating activities designed to include persons with diverse intellectual skills, we would like this article to be our little contribution. It focuses on a very essential issue: the planning of leisure time, both social and personal, as a way to promote autonomy, personal fulfilment and the acquisition of social skills. Thus, we will focus on leisure planning in organisations providing social services and working with people with diverse intellectual skills, because it is on this issue that we can contribute with our own professional experience.

KEYWORDS:

Functional diversity, quality of life, inclusive leisure, standard leisure, planning.

1. APROXIMACIÓN AO OCIO E O TEMPO LIBRE

A necesidade que as persoas teñen de potenciar, dun xeito adecuado, o seu tempo libre en actividades ociosas que lle reporten momentos vitais satisfactorios entraría dentro das dimensións de benestar emocional, relacións interpersoais, desenvolvemento persoal, benestar físico, autodeterminación e inclusión social, entre outros. Estas dimensións conforman a nosa calidade de vida.

Na vida de todas as persoas é importante a consideración do ocio e do tempo libre, resulta ser un factor imprescindible para asegurar a calidade de vida (Fernández e González, 2006).

Ibáñez (2002) define o **tempo libre** como aquel do que dispoñemos sen ter que realizar actividades obrigatorias. Así, o **ocio** sería o conxunto de actividades que se realizan no tempo libre.

Máis extensas resultan as definicións sobre o termo do ocio (RAE, citado en Ruíz, 2002: 175):

- Cesión do traballo, inacción ou total omisión de actividade.
- Obras de intelixencia que un forma nos ratos que lle deixan libres as súas principais ocupacións.
- Diversión ou ocupación dinamizada, especialmente en obras de intelixencia, porque estas se toman regularmente por descanso doutras tarefas.

No VI Congreso Mundial do Ocio, que tivo lugar na Universidade de Deusto no ano 2000, partiuse dun concepto de ocio no que se consideraba que era: (Cuenca Cabeza, 2003): “unha área específica da experiencia humana que conta cos seus propios beneficios, unha fonte importante para o desenvolvemento persoal, social e económico e un aspecto clave para a calidade de vida”.

A nosa concepción do ocio parte da consideración deste como unha experiencia humana, queremos sinalar que a experiencia non se refire habitualmente a vivir pasivo/a senón todo o contrario, a estar esperto/a e activo/a, que se relaciona con sentimentos, percepcións, pensamentos ou/e desexos moi persoais que resultan difíciles de obxectivar.

Entendemos o ocio como unha parte do tempo que nos queda despois de realizar as obrigas ou satisfaccións de necesidades básicas. Sobre todo queremos considerar como fundamental a vivencia subxectiva da persoa, a súa experiencia, os seus sentimentos, as súa satisfacción, o seu desenvolvemento como persoa libre e autónoma.

Ao falar de ocio, resulta obvio que nos referimos ás experiencias que nos resultan satisfactorias e prazenteiras e, precisamente debido a iso, son experiencias que se supón que seleccionamos entre outras posibles.

Segundo a publicación do III Congreso Internacional de Discapacidade. *Inclusión: oportunidades para todo/as* da Fundación Integar (Fontanova, 2003), **o ocio pódese comprender á vez como unha cantidade de tempo, un tipo de actividade e unha vivencia subxectiva.**

O ocio, en que inflúe no noso benestar?

- Os proxectos de animación que realicemos terán importantes beneficios para as persoas que participen nel.
- Debemos facer unha correcta difusión do ocio, para transmitir a importancia da súa practica, explicarlles o beneficio do ocio ás familias ou cuidadores das persoas con diversidade na súa función intelectual para facilitar a integración nas actividades. Contacto institucional en centros públicos e privados para promover iniciativas de ocio e tempo libre.
- Coñecer a implicación social que supón recoñecer o dereito ao ocio.

O ocio enténdese hoxe en día como un fin en si mesmo, con beneficios propios, e apóstase pola importancia que as experiencias de ocio normalizado teñen para a calidade de vida da persoa con diversidade funcional. (Gorbeña, 1997)

Son moitos os autores e autoras que achegan datos sobre os beneficios do ocio, vexamos os seguintes segundo a área de intervención (Ruíz, 2002):

- FÍSICO: combate o estrés; permite a rehabilitación de determinados déficits; o exercicio etc.
- COGNITIVOS E CONDUTUAIS: axuda á aprendizaxe e mellora das habilidades sociais, desenvolve a creatividade. É un bo instrumento de coñecemento e destrezas que permite traballar mediante o xogo contidos diversos: áreas perceptivas, motrices, verbais, afectivo-sociais.
- EMOCIONAIS: favorece o crecemento persoal e o desenvolvemento da autoestima ao proporcionar experiencias positivas: éxito, competencia persoal, autoconfianza.
- SOCIAIS: permítelle á familia dispoñer do seu propio tempo libre. Propicia maior apoio social e grupos de autoaxuda. Preven problemas de illamento. Especialmente recursos para a integración, edúcase na solidariedade e o respecto.

Coas actividades de ocio planificado e aceptado polas persoas participantes, xérase un aumento do sentimento de valoración (autoestima), sentimento que vai paralelo ao que experimentan as demais persoas coas que compartimos estes momentos. A nosa autoestima é construída en relación con outras persoas, as nosas relacións sociais satisfactorias

manteñen en certa maneira o noso equilibrio psicolóxico e contribúen ao noso benestar.

As actividades de ocio proporcionan un contorno inigualable onde poder desenvolver as habilidades sociais. Supón así mesmo un espazo para a integración, pois o número de persoas e ambientes distintos cos que se relacionan é elevado. Por outro lado, é no ámbito do ocio onde se consolidan as relacións de amizade e, en moitos casos, de parella.

Isto débese a que “normalización” e “integración” non soamente é proporcionar axudas técnicas, rehabilitadoras ou económicas/laborais. Proporcionar experiencias de ocio normalizadas onde acumular experiencias sociais satisfactorias, lembranzas agradables, sentimentos de felicidade, compartir momentos con outras persoas, achégalle significado á vida e calidade a esta.

2. ACTIVIDADES OFERTADAS A PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

Segundo apunta González (2006), as alternativas de ocio para as persoas con diversidade na función intelectual pódense agrupar en dúas:

- Oferta comunitaria.
- Os programas específicos para persoas con diversidade na función intelectual.

Non debemos esquecer que moitas persoas con diversidade na función intelectual teñen problemas para poder gozar do seu ocio. Estas dificultades poden ser:

- De carácter persoal: asociadas as súas diversidades funcionais, falta de experiencias, escaso poder adquisitivo
- De carácter familiar: por exemplo sobreprotección.
- De carácter social: barreiras arquitectónicas, psicolóxicas e comunicativas.

Debemos considerar que os programas de ocio deben sobre todo potenciar todas aquelas habilidades que faciliten á persoa con diversidade na súa función intelectual unha vivencia o máis autónoma posible do seu tempo libre empregando, sempre que sexa posible, os recursos comunitarios e as actividades normalizadas.

Non podemos negar que o ocio e a comunidade van intensamente unidos. O dereito ao ocio é o dereito a empregar comunitariamente os recursos e redes sociais de ocio que están o alcance de calquera persoa. Para que unha persoa poida gozar plenamente dos distintos recursos de ocio

comunitario (cines, museos, discotecas...) é necesario satisfacer as necesidades de apoio que cada un presente.

Na sociedade existe unha serie de normas e condutas non escritas e asumidas por todos/as. Para que a persoa con diversidade na súa función intelectual poida levar a cabo as actividades de ocio dunha forma normalizada é necesario que coñeza e adopte como propias estas normas de conduta e unhas habilidades sociais básicas. Debido a iso, unha das funcións básicas dos/das monitores/as e dos servizos de ocio é proporcionar os apoios necesarios para pór en práctica as habilidades sociais e as normas básicas de comportamento adaptadas a cada situación e evitar que aparezan condutas desadaptadas.

Indicamos algunhas das actividades ben acollidas por persoas con diversidade funcional na súa capacidade intelectual, sen pretender facer unha clasificación senón mostrar unha referencia: (Ibáñez, 2002)

- Actividades artísticas: pintura, teatro, música (participante ou espectador)
- Actividades manuais: artesanía, construción de obxectos...
- Actividades deportivas, exame médico previo (participante/espectador)
- Actividades sociais: reunións, visitas, coloquios, discotecas...
- Outras actividades: lectura, colecciónables...

Neste punto imos facer unha mención especial ao deporte debido aos efectos terapéuticos e sociais que produce a súa práctica.

3. DIFICULTADES PARA A PRÁCTICA DE OCIO NORMALIZADO

Debemos ter en conta as dificultades ao acceso ao ocio normalizado, sobre todo baseándonos no noso labor integrador, para poder facer todo o posible para a consecución dun gozo de ocio adecuado. Así como ser conscientes de que non todas as experiencias de ocio son beneficiosas:

- O mal uso das actividades pode ter consecuencias negativas (alcoholismo, ludopatía...)
- O deseño dalgunhas actividades ou a mala previsión de riscos tamén pode ser nocivo (exemplo: competitividade que xere violencia).
- Pode haber persoas que non o gocen e que manifesten problemas de aburrimiento, apatía etc.

Dependendo das características persoais, os seguintes puntos afectaran dun xeito ou doutro. (Ruíz, 2002)

I. Persoais

Dificultade para establecer relacións persoais. Posibles motivos:

- Debido á propia diversidade funcional: problemas na linguaxe, trastornos psicomotores, de conduta, aparencia física etc.
- Debido á súa historia familiar ou educativa: os pais, nais non lle deixan saír da casa, estivo nun centro de educación especial, nun internado...
- Personalidade retraída, insegura, con falta de habilidades sociais...

Pobre repertorio de actividades de ocio: se todos e todas o que facemos é ver a tele, saír a visitar a algún familiar de vez en cando, ir á aldea... quizá non coñezamos ben o que nos gusta. A nosa experiencia de ocio pode ser unicamente pasiva/receptiva, individualizada ou soamente con xente con diversidade funcional.

Pasivo/a, sen capacidade de elección: en relación co punto anterior, nalgúns casos pode que ata submisivo/a e dependente.

Sen amigos/as da súa idade ou sen coñecidos/as dentro do grupo.

Medo, dúbidas, desconfianzas ante o fracaso.

Sen recursos económicos suficientes. En moitas ocasións a remuneración en postos desempeñados por persoas con diversidade na función intelectual é peor. No caso de non ter traballo e depender dos cartos de pais, nais ou familiares, significará estar a expensas do que decidan ou do que poidan asumir e o ocio pode non estar considerado coa mesma importancia que unha necesidade de carácter básico.

II. Familiares

Debemos traballar sobre todo con resistencias e desconfianzas.

Poderán ser moi grandes os sentimentos de protección que moitas familias manifesten, o medo de deixar os seus familiares noutras mans que non sexan as súas.

Outro sentimento pode ser as expectativas esaxeradas na actividade.

III. Educativos/laborais

Podemos partir da visión de que a integración laboral non fomentou demasiado a integración social. As persoas con diversidade na súa función intelectual integradas laboralmente non adoitan intercambiar espazos de ocio con compañeiros/as de traballo fóra do ámbito laboral.

IV. Accesibilidade

Barreiras arquitectónicas para desprazarse pola cidade, acceder a centros culturais e recreativos, usar os transportes públicos, hotéis, campamentos etc. A adaptación dos medios de comunicación, do transporte, non avanza tan de prisa como nos gustaría.

V. Sociais

Moitas persoas temos medos, estereotipos e pouco coñecemento sobre as persoas con diversidade funcional. Isto impide a súa e a nosa interrelación.

Sobre todo a empatía, saber escoitar, saber entender e ser comprensibles e respectuosos/as coa personalidade, capacidades e habilidades da persoa que temos enfronte, axudan a que as relacións se afiancen pouco a pouco.

VI. Culturais

Dous son os valores de especial relevancia, que se teñen en conta á hora de obstaculizar a súa integración no ocio das persoas con diversidade funcional. A énfase da aparencia física, e os valores de produtividade e individualismo. Estes valores poden establecer as persoas con diversidade funcional nun nivel "inferior" a nivel social.

4. OFERTAS DE OCIO PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

Á parte das preferencias individuais que pode ter cada un/unha sobre as actividades que desexa realizar, nestes puntos veremos un pouco máis as alternativas de ocio para persoas con diversidade na función intelectual.

Debido á consideración de ocio como unha necesidade en todas as persoas, os servizos destinados ao ocio e ás persoas con diversidade na función intelectual están tendo un desenvolvemento crecente. Isto non implica que debido á súa recente posta en marcha, sofren un pequeno atraso en comparación con outro tipo de servizos, como os laborais e os educativos.

Os primeiros servizos de ocio foron promovidos polas familias, coñecedoras das dificultades que se atopaban para gozar do seu tempo libre.

As primeiras actividades concentrábanse en verán, mediante a organización de campamentos para persoas con diversidade na función intelectual. Despois tamén se comezaron a realizar actividades de fins de semana.

Na actualidade existen servizos específicos de ocio coa misión de proporcionar apoios necesarios para que as persoas con diversidade na función intelectual, de calquera idade, cheguen a dispoñer das habilidades

necesarias para gozar do seu tempo de ocio da forma máis autónoma posible, fomentando ao mesmo tempo a integración social.

Fantova (2006) describe tres fases de evolución nos servizos de ocio:

1. Asistencial: obxectivo fundamental: ocupar un espazo e tempo baleiro.
2. Recreativa: caracterizada pola división de grupos pequenos para realizar unha mesma actividade.
3. Educativa: visión máis global da persoa con diversidade na función intelectual. O grupo no que se adoitan realizar as actividades ten a consideración dun grupo idóneo para a aprendizaxe, sobre todo a nivel de relación interpersoal.

Na páxina web <http://guiadis.discapnet.es>, atopamos un buscador moi sinxelo de usar e moi útil á hora de procurar asociacións que traballan con persoas con diversidade funcional.

A maior parte de asociacións que traballan con persoas con diversidade na función intelectual poden ter servizos de ocio. Un **servizo de ocio** é un recurso específico e estruturado que xestiona apoios orientados a satisfacer as expectativas, demandas e necesidades individuais de ocio das persoas con diversidade na súa capacidade intelectual, a través da mediación en actividades do contorno e desenvolvemento de programas de actividades normalizadas e continuadas etc. Son estruturas en movemento asociativo capaces de levar a cabo unha mellora da oferta de ocio das persoas con diversidade funcional e garantir o dereito de acceso a estas (Feaps, 2010)

Seguindo o Modelo de servizo de ocio FEAPS Madrid, podemos sinalar que o servizo de ocio debe rexerse por tres principios básicos: orientación centrada na persoa, inclusión social e normalización.

- Orientación centrada na persoa

O servizo de ocio debe propiciar que as persoas con diversidade funcional intelectual coñezan as opcións que teñen, garantirlles os apoios necesarios; debe fomentar a súa participación, habilitar espazos, adaptarse aos tempos e ritmos de cada quen; e debe fomentar que os proxectos se establezan e se leven a cabo tendo en conta as preferencias e opinións das propias persoas con diversidade funcional.

- Inclusión social

As persoas con diversidade funcional deben gozar das mesmas oportunidades que o resto da poboación; é por iso que o contorno e os servizos de ocio deben xerar accións e prácticas que fomenten a súa participación na comunidade.

- Normalización

Isto fai referencia ao dereito que teñen as persoas en participar en actividades normalizadas ao longo da súa vida. Polo tanto, o servizo de ocio debe fomentar actividades normalizadas e integradoras, que faciliten a inclusión das persoas con diversidade funcional en actividades habituais da comunidade que as rodea.

Isto pasa, por exemplo, coas asociacións/fundacións de Adcor, Aspronaga ou Artefíos. Inclúen o servizo de ocio entre os servizos que ofrecen e trasladan a importancia do ocio como parte fundamental nas vidas das persoas con diversidade na función intelectual.

5. OCIO INCLUSIVO

Como xa dixemos, o ocio está recoñecido xuridicamente e polo tanto é un dereito do que ninguén debería ser privado, un dereito que favorece o desenvolvemento persoal e social. Todas as persoas deberían ver cubertas as súas necesidades de ocio independentemente das súas características e condicións.

Cando falamos de persoas con diversidade funcional o eixe principal xira arredor da “normalización”, a integración e a inclusión.

Pero... Que entendemos por inclusión?

A inclusión é o principio que guía as accións encamiñadas a que todas as persoas formen parte real da sociedade da que son membros e destaca principalmente a idea da responsabilidade que ten o contorno de xerar accións e prácticas que fomenten a plena aceptación e participación dos colectivos distintos no mundo que os rodea (Gorbeña et al, 2002).

A inclusión vai relacionada con dous procesos (Estudios de Ocio, 2013):

- Participación. O incremento da participación das persoas con diversidade funcional na vida da súa comunidade. Todas as persoas deben estar en disposición de tomar parte nas decisións que lle afectan á súa propia vida, no que se refire ao acceso e gozo de calquera tipo de bens e servizos de ocio.
- Equiparación de oportunidades, entendida como “o proceso mediante o cal o sistema xeral da sociedade (...) se fan accesibles para todos” (ONU, 1993).

A verdadeira inclusión (Compton, 2003) supón unha dinámica social que implica cambios no contorno e nos participantes e as interaccións entre persoas con e sen diversidade funcional deben estar baseadas nun verdadeiro interese do un polo outro, con obxectivos comúns e en termos de igualdade e sentido de pertenza. Concibímola como o alicerce que guía as accións

encamiñadas a que as persoas con diversidade funcional formen parte real da sociedade.

Tres vertentes (Madariaga, 2009):

- Física, fai referencia aos elementos facilitadores das infraestruturas e equipamentos de ocio que permiten a toda persoa acceder, entrar ou saír e utilizar os espazos.
- Comunicativa, define as condicións facilitadoras tanto en aspectos cualitativos e cuantitativos da información (folletos, vídeos, web) como na sinalización (paneis, directorios etc.)
- Social, refírese aos elementos de xestión que facilitan a plena participación e as relacións interpersoais entre todos os participantes.

Segundo a Fantova (citado en Lázaro, 2004) os obxectivos que persegue o ocio inclusivo son:

1. A diversión. Este debe ser o principal obxectivo posto que o tempo libre debe ter o mesmo significado para as persoas con ou sen diversidade funcional.
2. O desenvolvemento de capacidades e o incremento da autonomía, a autoconciencia e a autodeterminación das persoas.
3. O incremento da cantidade e calidade do uso dos recursos comunitarios e a relación coa comunidade.
4. Cambios nas situacións e contornos sociais que dificultan a inclusión social.

Supón así un avance moi importante que as persoas con diversidade funcional compartan recursos e equipamentos comúns e, en ocasións, programas non específicos para persoas con diversidade funcional, permiten a inclusión con outros membros da sociedade.

6. PLANIFICACIÓN E INSTRUMENTOS

Como vimos dicindo ata o de agora, o acceso a actividades de ocio é un dereito que temos todas as persoas. Non obstante, no caso das persoas con diversidade funcional, a maioría das veces, adoitan atoparse cunha serie de trabas e obstáculos que lle dificultan a súa participación nas actividades de ocio.

É por iso que dende as entidades que atenden a este colectivo se intenta ofertar un servizo de ocio que facilite a súa inclusión nas actividades de ocio da comunidade, que brinde os apoios necesarios para cubrir as expectativas, demandas e necesidades de ocio.

Á hora de poñernos a elaborar o proxecto de actividades de ocio é preciso ter en conta varias cuestións:

- En primeiro lugar, debemos coñecer cales son as necesidades, desexos e expectativas do grupo ao que nos diriximos. E para iso o mellor é preguntar. Por iso debemos facer un estudo previo que nos sirva de referencia á hora de programar as actividades. De nada nos serviría facer unha programación que non se axustase ás necesidades dos/das usuarios/as porque se non o programa non tería éxito.
- Unha vez feita esta primeira sondaxe debemos realizar un Plan de apoio individual. É preciso coñecer as expectativas de cada participante pero tamén as limitacións que lle dificultarán o acceso ás actividades para poder ofertarlle os apoios necesarios.
- Mobilización de recursos e apoios. Unha vez detectados os apoios precisos e os recursos dispoñibles podemos comezar a realizar as actividades.

Unha vez coñecidos este datos é o momento de comezar coa programación. Dependendo da maneira de enfocalo, podemos distinguir entre diversos programas (Modelo de servizo de ocio de FEAPS, 2010):

- Programa de mediación:

A través deste tipo de programas o que se pretende é aproveitar as actividades existentes na comunidade. O obxectivo do servizo de ocio é facer que sexa comprensible para as persoas con diversidade funcional e propiciar os apoios necesarios para que a actividade se poida realizar da maneira máis normalizada posible.

Que implica este tipo de programas?

- Estudo e análise dos recursos de ocio existentes no contorno.
- Creación de materiais de publicidade para difundir o programa.
- Difusión.
- Valoración das demandas e desenvolvemento dos plans de apoio individual.
- Desenvolvemento dun plan para a cualificación do ambiente (cursos de formación sobre ocio, inclusión e diversidade funcional, reunión con responsables...)
- Seguimento das persoas participantes e asesoramento a entidades e grupos.
- Avaliación
- Elaboración dun informe de resultados.

- Programa de ocio compartido

Este tipo de programas céntrase non na actividade propiamente dita senón na relación do usuario/a co contorno e cos demais. Fórmanse grupos con afinidades similares para realizar actividades habituais entre a comunidade: paseos, concertos, ceas...

- Programa deportivo

Como o seu nome indica, trátase de levar a cabo actividades deportivas que favorezan as condicións e o benestar físico de cada persoa participante, da maneira e nun contexto o máis normalizado posible.

- Programa cultural

As actividades deste tipo de programa están relacionadas coa creatividade e a expresión artística: plástica, *hobbies* e afeccións, audiovisuais, escénicas...

Pode tratarse de actividades cunha certa continuidade (durante un curso, anual) ou talleres específicos.

- Programa de vacacións

Dentro deste programa englobamos viaxes ou turismo, actividades de ocio na cidade, campamentos, intercambios...

7. CONCLUSIÓNS

Para rematar, queremos expoñer as nosas conclusións acerca do ocio e tempo libre, no eido do traballo con persoas con diversidade na súa función intelectual.

1. Na actualidade, a importancia do ocio no benestar e calidade da vida das persoas é algo que ninguén se cuestiona.
2. A realidade do ocio é moi heteroxénea, os servizos de ocio están pouco desenvolvidos e non existe un protocolo de profesionais establecido.
3. Non sempre se consegue un verdadeiro ocio inclusivo que brinde os apoios necesarios para un gozo autónomo da persoa.
4. A busca de recursos económicos sempre é unha dificultade á hora de impulsar o ocio en persoas con diversidade funcional, máis aínda nos tempos actuais, polo que lle debemos dar un xiro á planificación e investir os recursos, non tanto nas actividades, senón na propia organización do servizo de ocio.

5.A consecución dun verdadeiro ocio inclusivo facilitará o desenvolvemento pleno da persoa e facilitará un ambiente de ocio normalizado.

Segundo a nosa experiencia persoal, lograr un verdadeiro ocio inclusivo non é doado, principalmente cando se trata de organizacións pequenas que non contan con medios e infraestruturas suficientes. Ás veces os poucos recursos económicos e un cadro de persoal reducida e non estable, fai que resulte custoso impulsar un servizo de ocio adecuadamente.

Non obstante, coa motivación e as ganas de lograr a maior autonomía e calidade de vida posible dos usuarios e usuarias, fan que sexa posible encamiñarse nesta perspectiva. A necesidade de participación de persoas voluntarias neste servizo é indiscutible para que os resultados sexan os esperados, posto que permitirán que as persoas con diversidade funcional compartan espazos e experiencias nun ambiente normalizado. A implicación das familias tamén é un aspecto que hai que traballar fundamental, que supón lograr unha maior participación e unha loita constante para a superación de medos e barreiras.

A loita e a constancia por unha sociedade mais inclusiva é unha loita de todos e todas.

8. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Cuenca M. y De la Cruz C. (coord.) (2003). *Los retos del ocio y de la discapacidad en el s. XXI*. Bilbao: Universidade de Deusto.
- Estudios de Ocio. (2013). *Evaluación de los planes para las personas con discapacidad como sistema de protección social. Análisis y propuestas de jora en el ámbito de la inclusión en ocio*. Bilbao: Universidade de Deusto.
- Fernández, C. y González, M. A. (2006). *Técnicos superiores de Integración Social*. Madrid: Deputación Foral de Bizkaia.
- Fantova, F. (2006). Ocio, discapacidade e inclusión: un esquema de referencia. Tercero Congreso Internacional de *Discapacidade. Inclusión: oportunidades para todos/as*. Colombia. Recuperado de: www.fantova.net
- FEAPS (2010). *Modelo de Servicio de Ocio de FEAPS Madrid*. Ocio para todas las personas y para cada una. Madrid: Colección FEAPS. Recuperado de: http://sid.usal.es/idocs/F8/FDO23279/Modelo_de_Servicio_de_Ocio.pdf
- Gorbeña, S. (1997). *El Ocio de las personas con discapacidad intelectual. Documentos de estudios de ocio, 4*. Bilbao: Universidade de Deusto.
- Gorbeña S.; Madariaga, A.; Rodríguez, M. (2002). *Protocolo de evaluación de las condiciones de inclusión en equipamientos de ocio. Documentos de Estudios de ocio, 22*. Bilbao: Universidade de Deusto
- Ibañez P. (2002). *Las discapacidades: Orientación e Intervención Educativa*. Madrid: DYKINSON, S.L.
- Lázaro, Y. (ed) (2004.) *Ocio, inclusión y discapacidad*. Bilbao: Universidade de Deusto
- Madariaga, A. (2009). *Ocio y discapacidad: el reto de la inclusión*. Recuperado de: www.hegalakfundazioa.org/descargar.php?documento=Texto.
- Matito, R. (coord.) (2006). *Discapacidad intelectual: ámbitos de intervención psicoeducativa. II jornadas sobre discapacidad intelectual*. Cádiz: Fundación Viprén.
- ONU (1993). *Normas uniformes sobre la igualdad de oportunidades para las personas con discapacidad*.
- Royo, R. y De la Cruz, C. (Coord.) (2003). *Os retos do ocio e a discapacidade no S.XXI*. Bilbao: Universidade de Deusto.
- Ruíz, L. (2002). *Animación y discapacidad La integración en el tiempo libre*. Salamanca: Amarú Ediciones.

- Setién, M. L. (coord.) (2000). *Ocio, calidad de vida y discapacidad*. Bilbao: Universidade de Deusto.
- Verdugo, M. A. (1998). *Personas con discapacidad. Perspectivas psicopedagógicas y rehabilitadoras*. Madrid: Siglo XXI de España editores.
- Verdugo, M. A. (2002). Análisis de la definición de discapacidad intelectual de la asociación americana sobre retraso mental de 2002. *Siglo Cero. Revista Española sobre Discapacidad Intelectual*, 34 (205).
- Verdugo, M. A. (2006). *Como mejorar la calidad de vida de las personas con discapacidad intelectual. Instrumentos y estrategias de evaluación*. Salamanca: Ed. Amaru.

ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTALES DE A CORUÑA "APEM"

M.^a Esther Monterroso Martínez
Psicóloga clínica. Directora de APEM

A ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTALES da Coruña "APEM" é unha asociación privada sen ánimo de lucro que atende as persoas que padecen una enfermidade mental e que ten como finalidade a loita contra a súa marxinação e a súa exclusión social.

A súa actuación se desenvolve na área sanitaria da Coruña. Dende a súa filosofía, pretende adaptar a forma de actuar ás particularidades do territorio concreto, desenvolvendo proxectos e servizos en colaboración coa Rede de Servizos Sociais, Sanitarios e Comunitarios existentes.

APEM está funcionando dende o ano 1980, froito do movemento asociativo de afectados e familiares, e da inquietude de profesionais que buscaban unha alternativa para abordar as novas situacións que se formulaban co proceso de desinstitucionalización.

Foi a primeira asociación, destas características, que xurdiu na Comunidade Autónoma de Galicia e unha das primeiras de España. Logo, constituíuse a Federación Nacional de Asociaciones de Familiares de Enfermos Mentales (FEAFES), da que APEM é membro. Máis tarde, en 1994, legalizouse a FEDERACIÓN GALLEGA DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES Y ENFERMOS PSÍQUICOS (hoxe FEAFES GALICIA), da que APEM é membro fundador.

Dende os seus inicios ata hoxe APEM percorreu un longo camiño con moitas dificultades. Os servizos ofertados foron aumentando tanto en cantidade como en calidade e sempre en coordinación coa mencionada rede de servizos.

A misión de APEM é: *Facilitar a recuperación, adaptación e integración social e laboral das persoas con enfermidade mental e prestarlles o apoio necesario ás súas familias contribuíndo a crear entre elas un clima solidario.*

Na actualidade, e en cumprimento desta misión, desenvolve diferentes programas que teñen como fin último a atención integral ás persoas que padecen una enfermidade mental. Entre eles cabe destacar a rede de Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral, o programa de Vivenda Alternativa e o Programa de Inserción laboral.

1. CENTROS DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL (C.R.P.L.)

A rehabilitación psiquiátrica constitúe un proceso onde a meta é axudar as persoas con enfermidade mental para lograr a súa integración na comunidade e mellorar o seu funcionamento psicosocial, de modo que lles permita manter no seu ámbito social e familiar unhas condicións o máis normalizadas e independentes posibles. Ademais é primordial asegurar que estas persoas poidan adquirir e/ou recuperar aquelas habilidades psíquicas, emocionais, sociais e intelectuais que cada unha necesita para vivir, aprender, traballar e relacionarse na comunidade co maior grao posible de independencia e autonomía.

Os CENTROS DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL (C.R.P.L.) están dirixidos a persoas que padecen un trastorno mental severo e persistente de entre 18 e 60 anos, e se definen como centros de carácter sanitario.

Segundo a orde do 23 de outubro de 1998 que regula os C.R.P.L son considerados un «dispositivo de apoio comunitario e actuarán en coordinación cos servizos de saúde mental da área xeográfica onde estea situado de acordo coa lexislación vixente», ademais de cos servizos sociais e cos recursos sociocomunitarios normalizados para favorecer o tratamento e a integración das persoas atendidas.

As prazas están concertadas coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Funcionan en réxime de atención ambulatoria en xornada de mañá e tarde. Os usuarios asisten en virtude dos seus obxectivos e de acordo ao seu plan individualizado de rehabilitación, que é consensuado por él mesmo e os profesionais de APEM. Segundo se deseñe dito plan pode participar en varios ou en todos os programas de intervención. Os principais son:

- Actividades da vida diaria e autocoidado,
- Habilidades sociais.
- Psicoeducación e prevención de recaídas.
- Rehabilitación cognitiva
- Ocio e tempo de lecer
- Actividades ocupacionais e habilidades de axuste laboral

- Psicoeducación de familias (individual ou en grupo) a través das «escolas de familia» proporcionaselles información sobre a enfermidade que padece o seu parente, adestramento no manexo do estrés e solución de problemas concretos, pautas de actuación para unha comunicación asertiva

2.- VIVENDA ALTERNATIVA

Para a integración e o axuste persoal, en determinadas persoas, vese necesaria a potenciación de sistemas alternativos á vivenda habitual. Isto supón, sen dúbida, unha crecente demanda dunha alternativa ás solucións clásicas de atención que non pode cubrir a familia.

APEM, en sintonía cos seus valores, intenta alcanzar a plena cobertura das necesidades das persoas afectadas por enfermidade mental a través do Programa de Vivenda Alternativa que se levará a cabo con tres servizos diferenciados e adaptados á súa situación:

1.- Pisos Protexidos: aloxamentos situados na zona urbana para facilitar a proximidade a outros servizos (sanitarios, culturais, alimentación, etc.) nos que un grupo de persoas que padecen algún tipo de enfermidade mental crónica, capaces de valerse por si mesmos e cun alto grao de independencia persoal, viven en réxime de autonomía con asistencia técnica. Son unidades nas que a estancia é por un período indefinido, pasando a ser o seu domicilio habitual.

2.- Vivenda de Transición: unidades nas que a estancia das persoas se dá por un período de tempo concreto, como paso previo a un piso protexido ou como estancia temporal no caso de que o cuidador principal estea ausente.

3.- Unidade Residencial: é unha unidade de apoio comunitario destinada a aloxar persoas afectadas por un trastorno mental severo que non precisen cuidados sanitarios específicos, pero que presenten carencias de autonomía que requiran dunha atención sociosanitaria continuada de carácter máis integral. A poboación á que vai dirixido o servizo son persoas, de ambos os dous sexos, maiores de 18 anos e menores de 60 que padecen un trastorno mental severo e persistente e que necesitan un apoio residencial específico e supervisado, de maior ou menor duración debido a:

- Ausencia de apoio familiar ou incapacidade da familia para a súa atención e coidado.
- Problemas de autonomía e/ou funcionamento psicosocial que lles impidan ou dificulten para cubrir as súas necesidades de aloxamento e soporte.

Na Unidade Residencial de APEM (Cee, A Coruña) ofrécense diferentes tipos de estancias:

- Curta estanza ou programa de respiro, (dun fin de semana a un mes, aproximadamente), como recurso de apoio ás familias para aliviar situacións de sobrecarga e tensión.
- Media estanza (dun mes a un ano, aproximadamente), como período de preparación e apoio que permita unha axeitada transición á comunidade, prepare a reinserción no ámbito familiar ou para opcións de vida e aloxamento máis autónomas e independentes.
- Larga estanza (máis dun ano), para persoas que polo seu deterioro no funcionamento psicosocial e a súa carencia de apoio familiar e social, necesiten unha atención residencial de maior duración ofrecendo unha calidade de vida digna e evitando situacións de marxinação e/ou institucionalización.

3.- PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL

Outra das liñas fundamentais do traballo que desenvolve APEM é a inserción laboral, porque ter un emprego é unha condición de normalidade social para as persoas con discapacidade.

Para conseguir que as persoas con discapacidade traballen, precísase dispoñer de dispositivos e profesionais especializados que desenvolvan os programas de rehabilitación laboral, oportunidades reais de traballo e apoio no posto de traballo para garantir un axeitado axuste deste.

APEM inicia en marzo de 2004 unha experiencia no campo do emprego protexido coa posta en marcha dun Centro Especial de Emprego: EMPREGO SOCIAL S.L., que quere levar á práctica e manter unha serie de principios, como son:

- A formación clave para a promoción persoal e profesional.
- E preciso desenvolver unha atención globalizadora para atender todas as necesidades
- Debéñse instaurar uns hábitos de traballo que permitan a incorporación a calquera empresa
- O emprego protexido é un proceso transitorio

POR UNHA INTEGRACIÓN REAL

A evolución na atención ás persoas con trastornos mentais graves en España, e tamén en Galicia, ao longo das últimas décadas foi importante e abriu moitas posibilidades para mellorar a calidade de vida e a integración das persoas con enfermidade mental.

Máis, tan importante é recibir unha atención axeitada como que a sociedade coñeza e comprenda os problemas de saúde mental. A visión que ten, aínda a día de hoxe, responde a uns estereotipos moi arraigados que dificultan e ás veces impiden o desenvolvemento dun proxecto de vida ao que teñen dereito.

Nesta evolución o papel das asociacións de afectados e familiares foi determinante, pero a súa tarefa non fixo máis que empezar. Debe continuar para conseguir o seu obxectivo, xa que o afán dos afectados, non é outro que integrarse plenamente na comunidade e ser tratados con normalidade polo resto de persoas.

Datos de contacto da entidade:

Enderezo:

Teléfono: 981 132 218

Fax: 981 132 218

Correo electrónico: apem@apemcoruna.es

Colectivo Encontro-Marea Laranxa

*José Antonio Ramírez. Mediador comunitario
Pepa Vázquez. Traballadora social*

“NO MIRÉIS SOLO POR VUESTRO CULO”

A frase é contundente, con un chisco de familiaridade de máis. Pero o estrondo escoitouse ben en silencio na conferencia onde nos estaban a congregarse para o relatorio de **José Manuel Ramírez Navarro**. A EAPN-Galicia convocara o Foro da Pobreza no 2012 e os representantes do Colectivo Encontro Benestar Social gustábanos oír as cousas que xa falabamos nas nosas xuntanzas. Ramírez Navarro puña colofón así a un relatorio onde debullou o que nos ía vir enriba: o desmantelamento da dependencia, os recortes que eivarían as potencialidades dos servizos sociais (de todas as administracións), a tendencia liberalizadora (privatizadora) coa escusa da “optimización dos recursos”). De todo isto e máis falou aquel zaragozano plantado en Andalucía. “Eu tamén son pobre: gaño 750 € das miñas clases na Universidade Pablo de Olavide” mentres nós mirabamos a súa camiseta laranxa coas dúas máscaras. A nós os de Colectivo Encontro Benestar Social pareceunos unha chamada á loita polos dereitos sociais de todos e en segundo lugar polos dereitos laborais profesionais. Por esa orde. Ir facendo fronte dende a creación dunha narrativa crítica á neolingüaxe do novo Goberno central: optimización, mudar para garantir a sustentabilidade, nada vai cambiar a universalidade, calidade e gratuidade dos servizos sociais... Impúñase unha contraprogramación a semellante avalancha de enganos e falacias. Pero matínabamos na frase do principio “No miréis solo por vuestro culo” era unha invitación á coraxe e á valentía dos profesionais dos servizos sociais: primeiro as persoas que atendes, despois o teu traballo. Era unha revolución para un mercado de traballo que cada mes enchía as listas do paro en centos de miles de persoas.

Non eran tempos de murcharse fronte aos desafíos, ás veladas ameazas e aquilo tan antigo: non te signifiques, deixa que outros dean a cara.

Estas impresións, estas certezas ou inquedanzas fóronlle transmitidas á nosa organización. O Colectivo Encontro Benestar Social xa levaba tempo funcionando como centro de reflexión para profesionais, onde se producían pequenos documentos, pequenas campañas e un combate fero contra as medidas de recorte social. Pouco tardaron en verse as consecuencias, nas rúas, nos albergues saturados, nos servizos asistenciais sen posibilidade de derivación. No vestir das persoas, nos seus zapatos e as inevitables mochilas. Todo empezaba a axustar: mercámoslle ao Colexio Oficial de Traballo Social algunhas das 200 camisetas que puxo a disposición da causa chamada "Marea Laranxa polos servizos sociais", e xa se empregaron na vaga de manifestacións de corte social que se convocaron no 2012-2013. A compañeira Helena argallou unha pancarta feita con tanta sabedoría como esforzo e só quedaba o que só nós poderíamos engadir: determinación e mobilización. A coraxe vai de seu.

Nas nosas definicións de misión, visión e valores encaixaba á perfección a Marea Laranxa, así que lle demos acubillo ao movemento na nosa organización. Tanto no blog como no Facebook e máis tarde no Twitter expandiuse a idea de que os servizos sociais se deberían mobilizar non como un asunto sectorial-laboral (que tamén) pero en principio unha defensa de dereitos humanos de 2.^a e 3.^a xeración que ameazaba con contaminar os dereitos civís e políticos.

Non era cousa de brincadeira, estabamos e estamos fronte a un cambio de modelo social onde as prioridades económicas fan accesorias as necesidades sociais. Polarización das sociedades en 2/3 fronte a menos de 1/3 que vivirá na escuma da tranquilidade.

Demos conferencias sobre Renda básica das iguais, A saúde do desemprego, entramos nas alianzas posibles e desexables: Dereito a Decidir, Marea Cidadá, Alianza Social Galega, Espazo Dialoga, Colexio de Educación Social de Galicia, Coordinadora estatal da Marea Laranxa... e máis. Tivemos presenza en todas as manifestacións deste carácter que tiveron convocatoria na nosa cidade. Tamén preparamos obradoiros de emprego para compensar a perda de persoal nas oficinas de emprego oficiais. Moitas foron as actividades, algunhas con mellor sorte que outras, pero o que non esqueceramos foi a frase de José Manuel: "No miréis solo por vuestro culo". Recibido.

Nese esforzo por espallar máis alá dos profesionais a Marea Laranxa, e de crear rede contactamos cos estudantes de Ourense que fixeron accións importantes na marea e co Facebook de Servizos Sociais Lugo, que tentaron articular traballo colectivo e que agora continúan, pero non só contacto, senón tamén apoio práctico de reflexións do que sucede nas asembleas abertas, ademais de pór ao seu dispor correo, blog e Twiter... **Cando este texto estea na rúa, pasarían meses** e sabemos que só o verán traballadores sociais, así e todo depositamos aquí a nosa fe de que o noso traballo e o da Plataforma do Social no Local, cos que tamén estamos en contacto e da que

nos sentimos parte, fíxese un percorrido con perspectiva para que non nos teñamos que aplicar aquilo de Martin Niemöller atribuído a Bertolt Brecht, “Primero vinieron a buscar a los comunistas...” no caso das políticas sociais... que pecharon a inclusión eu non dixen nada non me afectaba, pecharon a dependencia e tampouco me afectou, ameazaron con pechar os servizos sociais municipais, diminuír as pensións reducir o desemprego... agora que veñen por min... a miña voz non atopa eco fóra da miña casa.

Temos unha organización asemblearia, aberta, na que traballar e coa que construír, pero só con mans, cabezas e **accións globais conectadas co local**, será posible, por iso te precisamos!

Encontro-Marea Laranxa é un movemento social para a conexión de persoas interesadas en acadar unha política social máis xusta, equitativa e participativa para a cidadanía, ao tempo que integradora e interdisciplinar.

Ten como misión contribuír a xerar cambios e melloras nas políticas sociais e as súas prácticas, para a defensa e promoción integral dos dereitos de todas as persoas, a través da sensibilización, a participación activa, a reflexión crítica e construtiva e o traballo en rede, que favoreza a construción dunha sociedade máis xusta e equitativa na perspectiva política, económica, social e cultural.

VISIÓN: o Colectivo Encontro será un espazo de encontro de persoas interesadas en acadar unha forza necesaria e sinérxica que faga mudar nos próximos anos o desmantelamento do estado do benestar.

VALORES: profesionalidade, honestidade, valor, empatía, incidencia política, compromiso social e discurso profesional crítico coa realidade.

encontro.benestarsocial@gmail.com

<http://encontrobenestarsocial.org/>

<http://www.facebook.com/#!/pages/Colectivo-Encontro-Benestar-Social/176508282484409>

<https://twitter.com/MareaLaranxaGal>



ENTREVISTA A SONIA FERNÁNDEZ BERTÓLEZ. ALUMNA DE GRAO EN TRABALLO SOCIAL.

M^a Xosé Vázquez Vázquez

Neste número de *Fervenzas* quixemos achegarnos a unha futura traballadora social. Alguén que aínda está en período de aprendizaxe (quen non o está?) e que nos dá a súa visión sobre varias cuestións académicas e da realidade social na que vivimos.

Sonia Fernández Bertólez é alumna da titulación de Grao en Traballo Social na Universidade de Vigo (campus de Ourense) e este ano está a cursar o 3.º curso na Universidade Autónoma de Santo Domingo (UASD) na República Dominicana.

Antes de nada, agradecerche a túa colaboración e o primeiro que se me ocorre preguntarche é: Que o que te leva fai case tres anos a matricularte no Grao de Traballo Social?

- É unha pregunta complicada, pois as miñas pretensións foron cambiando mentres ía entendendo que significa realmente o Traballo Social. A miña primeira motivación foi “sacar a xente das drogas”, sobre todo os adolescentes. Ademais quería facer algo para equilibrar a balanza de desigualdade tan presente no día a día da poboación galega e española en particular e do mundo en xeral.

NESE CAMBIO AO QUE TE REFIRES QUE FOI O QUE MÁIS TE SORPRENDEU CON RESPECTO Á IDEA PREVIA QUE TI TIÑAS DA PROFESIÓN E O QUE TE ATOPACHES NESTES ANOS DE FORMACIÓN?

- A carreira cambiou a miña forma de entender a vida, a sociedade, a humanidade. Non tiña nin idea de política nin de economía, entendía o Traballo Social como unha ferramenta de axuda, como un

nexo entre a pobreza e as subvencións que podían facer máis levadía a vida dos desfavorecidos. Non obstante, ao longo destes anos, comprendín que o noso traballo é actuar para o cambio, a transformación social, a concienciación das masas e a busca do verdadeiro benestar social, non ese que se mide en diñeiro, senón o que vén demarcado pola felicidade de ter todo o necesario para vivir dignamente, sen caridade.

AFONDANDO MÁIS NO ÁMBITO ACADÉMICO, CALES SON AQUELAS MATERIAS DO GRAO QUE MÁIS TE ESTÁN A SATISFACER NESTES CURSOS OU EN QUE ASPECTOS TE SENTES BEN PREPARADA/CONFIADA NA TÚA FORMACIÓN E EN CALES NON?

- Podería parecer raro, pero xusto as materias que máis me ensinaron a entender a profesión e a vida en xeral son as que menos teñen que ver realmente co traballo en si: Antropoloxía Social e Cultural foi a que me axudou a abrir a mente a novos coñecementos e a pechala á ideoloxía hexemónica que non nos permite pensar. Epistemoloxía do Traballo Social permitíume cambiar as lentes coas que sempre mirei a realidade social e fíxome dar-me conta de que “non estaba tan tola” cando quería romper con todo e buscar unha nova forma de organización social. Política Social deume todos os coñecementos necesarios para comprender que o sistema económico actual é o noso maior inimigo, o Goliat contra o que todos temos que loitar, pois é o que verdadeiramente rexe as nosas vidas. Estando na República Dominicana, curso Grupos sociais marxinais, que dende unha óptica absolutamente crítica me fixo entender o que xa sabía dende o punto de vista dos máis desfavorecidos, das peores vítimas do sistema, dos que non saben por que, pero están fóra desde sempre e para sempre.

Por outra banda, as materias que menos me agradan ou que menos se axustan ao meu pensamento son as máis burocráticas, que considero necesarias, pero que penso que atrofan a mente e que nos fan ser mecánicos, cortan as nosas pretensións, pechan as nosas posibilidades de cambio mediante regras e normas nunha rede xerárquica que pouco ou nada nos permite.

Non quero deixar pasar esta oportunidade para falar de catro profesores que marcaron a miña vida. Sen eles, as materias non terían forma nin sentido. A Santiago Prado débolle a miña reconceptualización persoal; a Ana Belén Méndez, a súa forza e paixón, que me fixeron pensar no poder do pasado para entender e buscar o futuro; a Antón Fernández, por romper muros moi enclavados na miña mente, e a luz que supuxeron as súas ideas; a Malena De Jesús por ensinarme como loitar contra marea.

TENDO ISTO EN CONTA, QUE MELLORARÍAS POIS DOS ESTUDOS DE TRABALLO SOCIAL?

- Sería interesante darlle un enfoque máis crítico, incluso nas materias máis formais. Falei con xente que estudou o grao noutras universidades, e penso que o noso campus conta con verdadeiros profesionais da docencia, profesores que coas súas experiencias nos aben unha fiestra á verdadeira realidade. Penso que o programa está ben pensado, pero gustaríame que nos ensinaran máis sobre filosofía e economía, para romper os muros que temos na nosa mente desde nenos, e que consideramos dogmas de fe pola perpetuación destes desde a nosa infancia. Unha boa calidade de docencia é indispensable, non xa no meu campus, senón en todos. O traballo social debe ser crítico, transformador; e non unha ferramenta máis do sistema para reproducirse e perpetuarse.

DENDE A TÚA PERSPECTIVA COMO ALUMNA, CRES QUE EXISTE NESTE MOMENTO COMUNICACIÓN FLUÍDA ENTRE O ÁMBITO ACADÉMICO E O PROFESIONAL?

- Sinceramente non. É verdade que nestes dous anos na Universidade de Vigo fixemos algunha excursión a residencias de anciáns, asociacións e oficinas de Traballo Social, pero foron demasiado sinxelas, curtas e mecanizadas; demasiado pensadas.

Levo un semestre na UASD, e nesta universidade dende 2.º curso os alumnos teñen que facer prácticas en diferentes asociacións ou institucións de acción social. Eu mesma estou no Centro Cultural Poveda, cuxa misión é levar a alfabetización a nenos, xente nova e adultos que non teñan a posibilidade de acceder ao proceso educativo. Penso que é un bo xeito de achegarnos ao noso futuro, poder discernir entre un e outro ámbito, probar diferentes campos e descubrir en cal está o teu sitio.

OUTRA PREGUNTA QUE ME APETECE MOITO FACERCHE É: COMO CHEGA UNHA ALUMNA DE TRABALLO SOCIAL DE OURENSE A SANTO DOMINGO PARA FACER ESTE CURSO ACADÉMICO E QUE CHE ESTÁ A ACHEGAR ESTA EXPERIENCIA NESTES PRIMEIROS MESES?

- Quería estudar un ano fóra, coñecer algo de mundo, e sabía que non quería facer un Erasmus, pois non me parecía a experiencia que un traballador social precisa. Grazas aos estudos sabía que en Latinoamérica foi onde naceu e máis se expandiu a Teoría Crítica, o movemento bolivariano e a Teoloxía da Liberación. Tres fenómenos que me chamaban moito a atención, pois a pesar de existir non teñen gran publicidade en Occidente. Quería palpar a desigualdade máis atroz, a que non nos mostran por televisión. República

Dominicana é, para Europa, merengue, ron, Punta Cana, praias e puros. Non obstante, non nos mostran a miseria, a case escravitude na que viven a maioría das persoas, o terrible patriarcado que somete tanto a homes como mulleres, as consecuencias dunha colonización irracional que trouxo máis subdesenvolvemento que progreso. Quería ver todo isto cos meus ollos, para poder ter argumentos fortes que soporten a miña ideoloxía.

UNHA PERSOA QUE ESTABA A PUNTO DE VIAXAR A UN PAÍS AFRICANO PARA COLABORAR NUN PROXECTO NAQUEL PAÍS, DICÍAME QUE UNHA DAS RAZÓNNS POLAS QUE ESTABA DESEXANDO MARCHAR, ERA DEIXAR ATRÁS A NEGATIVIDADE QUE SE RESPIRA NESTE PAÍS E EMPEZAR A RESPIRAR NOVOS AIRES. TI QUE TE ATOPAS A MILES DE QUILÓMETROS NOTAS TAMÉN ESE CAMBIO DE AIRES?

Si e non. A negatividade flúe por todo o mundo, é a negatividade do posmodernismo, do individualismo, da perda de conciencia social. Non obstante, neste país, só sufrimos este fenómeno os que buscamos algo máis; ao meu arredor vexo xente que gaña 3 € no xornal, pero non borra o sorriso da cara, e que che ofrece un prato de arroz na menor oportunidade. O que quero dicir é que esa sensación de desarraigamento emocional e individualización crónica que sufrimos en Occidente non está tan marcada neste lado do charco, a solidariedade presente neste país, que me recorda tanto a vida das vilas galegas, faime pensar que non todo está perdido, que o espírito da humanidade segue vivo por moito que nos queiran volver introspectivos e mecanizados. Pero a pesar do bonito que é ver iso, sufro do pesimismo de pensar en volver alá, volver á perda da nosa cultura social e humanizadora.

AÍNDA QUE POLO QUE NOS VÉS CONTANDO XA PODEMOS INTUÍR POR ONDE PODE IR A TÚA RESPOSTA, TAL E COMO ESTÁN AS COUSAS, CAL CRES QUE É O PAPEL QUE OS E AS PROFESIONAIS DO TRABALLO SOCIAL DEBERIAMOS ESTAR DESEMPEÑANDO NESTE MOMENTO DENDE OS NÓSOS POSTOS DE TRABALLO E TAMÉN COMO CIDADÁNS NESTE CONTEXTO DE DESMANTELAMENTO E PERDA DE DEREITOS SOCIAIS FUNDAMENTAIS?

- Este é un tema de ideoloxía política. Desde o meu enfoque, penso que os traballadores sociais o primeiro que deben ter en conta é que son considerados polo Goberno (político-económico) como ferramentas que subministran caridade e migallas aos máis desfavorecidos. Somos unha peza imprescindible de mantemento e reprodución dun sistema inxusto e egoísta. Se temos isto claro, podemos actuar fóra do "pan para hoxe e fame para mañá". Debemos concienciar e explicarlles aos nosos usuarios que eles non teñen culpa de nada, ao contrario, que son vítimas dos intereses económicos duns poucos, e sementar neles unha luz que poida xerminar rebeldía, reivindicación e movemento en pos dun futuro

que nos pertence, pero ao que non estamos afeitos. Os traballadores sociais deberiamos ser, por riba de todo, axentes de cambio, apertadores de mente, buscadores de solidariedade e retractores das inxustizas, do morbo e dos intereses.

CALES PENSAN QUE SERÍAN OS CAMBIOS, AQUELES PASOS QUE A NOSA SOCIEDADE, OS CIDADÁNS DEBERIAMOS ESTAR DANDO NESTE MOMENTO PARA SAÍR DESTA SITUACIÓN SOCIAL NA QUE NOS ATOPAMOS?

- Levo máis de tres anos acudindo ás manifestacións en contra dos recortes e contrareformas que os gobernos están a facer. A miña maior pena é a pouca cantidade de xente que se xunta para reivindicar os seus dereitos. O problema maior que vexo son os medios de comunicación, que dormen as nosas conciencias e que nos fan odiarnos entre nós. Penso que a reivindicación sen resistencia non serve para nada, pero a mala fama e a manipulación mediática fan que calquera acción sexa mal vista. Deberiamos botarnos ás rúas, e defendernos con uñas e dentes antes de que nolo quiten todo. Deberiamos saber que “non vivimos por riba das nosas posibilidades”, senón que nos obrigaron a vivir así; que foron eles quen roubaron e experimentaron por riba das nosas posibilidades. Deberiamos entender que un cambio político só é posible se tamén é social, económico e global. Deberiamos entender que o problema non é Ánxela Merkel, que ela é unha marioneta máis da gran rede. Deberiamos ver os medios de información como ferramentas na nosa contra, e non o contrario, porque non nos axudan, senón que nos converten en ovellas que só queren saber máis de Belén Esteban ou de quen gañou o campionato de fútbol. Darnos conta de que xa no antigo imperio romano os gobernadores lle dan ao pobo “pan e circo”, e iso é o que seguimos recibindo por parte do Estado, aínda que cada vez é menos pan e peor circo.

AGORA QUE XA ESTÁS NOUTRO PAÍS COMPLETANDO A TÚA FORMACIÓN, CONSIDERAS COMO OPCIÓN LABORAL BUSCAR TRABALLO DE TS FÓRA DE ESPAÑA?

- Penso que esta é a pregunta máis difícil de todas. Unha parte de min soña con traballar aquí, porque hai moito que facer, e os froitos son moi rechamantes. O traballo social de RD é práctico, facemos os labores dun educador social cos coñecementos que nos aporta o TS. Ademais está o feito de que en España o desmantelamento do pseudoestado de benestar está a lle afectar ao noso ámbito cunha brutalidade abismal, co que o noso futuro está en interdito.

Por outra banda, a emigración non é prato de gusto de ninguén, polo que a decisión é máis difícil do que pode parecer a simple vista. Deixar atrás a familia, as amizades, a parella, unha vida... é algo ao

que nos obriga a moita xente nova esta política liberal, non é apertura de experiencias, como nos dixeron pola TV, é a fuxida dun réxime de explotación e involución social que nos arrebatara a dignidade e a calidade de vida.

QUE ASPECTOS PENSAS QUE SE VALORAN MÁIS NO CURRÍCULUM VITAE DUN TRABALLADOR SOCIAL NA ACTUALIDADE?

- Desgraciadamente, penso que, como en todas as carreiras, o principal é a nota. Supoño que a experiencia nalgún ámbito institucional ou ONG tamén conta á hora de atopar traballo. Pero se fose por min, o que máis se debería ter en conta no currículo dun traballador social é a vocación. Xa sei que en todos os oficios a motivación é o que fai que a práctica sexa o mellor posible, pero penso que moitos estudantes cursan esta carreira porque ten fama de fácil, é un título universitario accesible. O mesmo pasa con Maxisterio, por exemplo. Os servizos sociais e a educación deberían ser de absoluta calidade, e non graos nos que matricularse ao ver que se pechan outras portas.

CALES CONSIDERAS QUE SON OS RETOS MÁIS IMPORTANTES DO TRABALLO SOCIAL NA ACTUALIDADE?

- O reto máis importante do traballo social é conseguir que xa non fagan falta traballadores sociais, porque iso suporía que a sociedade cambiou a súa base.

E XA PARA REMATAR, TIVECHES NESTES TRES ANOS ALGÚN CONTACTO CO COLEXIO PROFESIONAL?

- Oín falar del, e tamén teño o acceso á páxina web, mais non tiven contacto directo. Penso que ese contacto pode ser enriquecedor, pois pode abrir portas a certas persoas para non quedarse no traballo de oficina, e materializar as súas pretensións de cambio desde un posto de certo nivel.

Só me queda agradecerche a túa colaboración e dedicarche estas verbas que me veñen á cabeza (e ao corazón):

*Nesta terra que fai testamento,
que acolle os lamentos e anima a olvidar,
infectada de sangue usureiro,
caciques modernos, mecenas do mal.
Vivo dentro dun monte de area
tinguido de brea que non limpa o mar,
coa esperanza de tomar alento
para ver o momento de nos libertar.*

*Mais aínda seguimos aquí
a aturar tempestades de sal,
resistindo a violencia de mans
desas serpes e cans que nos queren calar.
Compañeiras nos soños do Edén,
unha illa no medio do mar,
que iluminan o loito máis negro,
que esquece o desterro e o medo a loitar.
.....*

*Letra da canción Tempestades de sal, de Sés.
(Album Admirando a condición publicado por Falcatruada no 2011)*



El cuarto pilar. Un nuevo relato para los Servicios sociales.

AUTOR: Joaquín Santos Martí

EDITORIAL: Paraninfo. Consello Xeral do Traballo Social

ANO: 2012

NÚMERO DE PÁXINAS: 217

ISBN: 978-84-283-2498-4

El cuarto pilar é un libro que retrata o Sistema de servizos sociais, configurado como o cuarto pilar do Sistema de benestar. Trátase dun ensaio que en palabras do autor se afasta do manual universitario, do libro científico e do relato ou reflexión a partir de experiencias concretas. En efecto, constitúe un formato novo e escaso no traballo social.

O comezo realízase dun xeito provocador preguntándonos se existe o sistema de servizos sociais, cales foron as actitudes e as preocupacións cidadás cara a este, a súa presenza e valor nos deseños políticos ou a súa evidencia para o mundo científico social. Recoñecer como punto de partida unha realidade insignificante en termos xerais, sérvelle ao autor para propoñernos a articulación dun novo relato, un discurso unificado, claro e rotundo que modifique substancialmente a súa realidade e imaxe actual e o faga sentir como algo imprescindible para o conxunto da cidadanía. Para avanzar na construción do sistema de servizos sociais cómpre, xa que logo, construír un novo relato que o propoña e o explique, idea central que guía toda a obra.

O libro estrutúrase en dúas partes e un epílogo. Na primeira parte, o autor xustifica porqué o sistema necesita deste novo relato. Enseguida nos fai partícipes da importancia que os relatos teñen na nosa sociedade, tanto

na propia esencia da bioloxía e a psicoloxía humana, como na conformación dos discursos políticos. Ademais, este discurso só pode sustentarse na recuperación dos valores sociais tradicionais da modernidade, interpretados na maneira que deron paso aos dereitos humanos, aos procesos de liberación das maiorías excluídas, tal e como foron entendidos nos discursos que sustentaron o benestar social europeo.

O autor sostén que para o conxunto da sociedade estes grandes valores e conceptos morais seguen a ter plena vixencia, a pesar de que nos últimos trinta anos os neoconservadores impuxesen as súas políticas en todo o mundo occidental e conseguisen perverter a súa interpretación, proceso que foi facilitado polo feito de esquecer os porqués da nosa acción e abandonar as convicións éticas que sustentan ao Estado de benestar.

Na segunda parte do libro propóñense unha serie de elementos para o discurso mediante metáforas que renovan a imaxe e visualización do que debe ser o Sistema de servizos sociais. Postúlase un piar que ten o seu propio deseño, autónomo e independente. Un sistema que amplía os espazos de liberdade dos cidadáns e os espazos públicos nos que é posible a convivencia, que xera unha rede que axuda a equilibrar o territorio e que coas súas actuacións xera riqueza ao ser un investimento social. Cada unha das metáforas serve para pór de manifesto as achegas que o sistema lle ofrece á nosa sociedade e os retos que temos por diante.

Finalmente, o epílogo sitúanos nun futuro que precisa doutro marco xurídico e institucional, novo compromiso político, novos protagonistas e argumentos distintos. O autor non se esquece de poñerlle tarefas ao Sistema público de servizos sociais e a todas as persoas que temos a vontade de defendelo, principalmente aos profesionais que debemos asumir como propio un cambio cultural que redimensiona a nosa función nun contexto de dereitos subxectivos.

Trátase dun libro escrito desde a razón, o pensamento, a experiencia e o coñecemento profundo do sistema, no que facilmente o lector se contaxiará da paixón e a emoción do autor, ao tempo que lle xurdirán novas formulacións e propostas concretas. Unha obra necesaria nun tempo convulso, unha aposta de futuro que abre camiños necesarios para a reflexión e o debate na defensa e a reconstrución, quizais construción, do Sistema de servizos sociais.

Este libro, en definitiva, ofrécese como un revulsivo que nos axuda a saír da catarse e nos anima a ser máis ousados, a propoñermonos avanzar nunha dirección oposta aos recortes e malestares que nos ameazan.

*Dr. Francisco Xabier Aguiar Fernández. Traballador social.
Profesor no Grao de Traballo Social. Universidade de Vigo.*



“Estudo de viabilidade da Renda básica das iguais en Galiza. Repartindo a nosa riqueza”

AUTORES: Diego Lores Correa, Enrique García Escamilla, Manolo Saéz Bayona (coords.)

EDITA: Baladre, Coordinadora estatal de loitas contra a precariedade, a exclusión social e o empobrecemento, Zambra iniciativas sociais, Grupo Axitación Social, Lapsus distribuidora alternativa CSA, Oficina de dereitos sociais Coia.

Nª DE PÁXINAS: 141

ISBN: 978-84-939853-7-0

O libro *Estudo de viabilidade de Renda básica das iguais en Galiza. Repartindo a nosa riqueza* expón ata onde a Renda básica das iguais podería instrumentarse como un mecanismo eficaz de recoñecemento dos dereitos humanos, da participación cidadá e da redistribución da renda.

Reflexiona sobre un novo sistema de protección social, un no que se garanta o dereito de todos/as os/as cidadáns/ás, polo feito de nacer, a percibir regular e permanentemente uns ingresos básicos que lles permitan sobrevivir con dignidade, e independentemente de cal sexa a súa situación. Neste sentido, unha proposta como a Renda básica das iguais podería supoñer un punto de partida para enfrontarse ao poder do capitalismo que se expresa, na actualidade, en forma de globalización.

Ao longo da obra, incídese na idea de que a Renda básica das iguais non é unha proposta de modificación marxinal dos sistemas de protección social actuais, senón que a súa implantación ten que supoñer unha transformación social e política de grande alcance e que afecta moi substancialmente a moitos aspectos da vida social, tales como a distribución da renda, o mercado

de traballo, o papel do traballo (asalariado, doméstico, voluntario) e as motivacións para as súas ofertas, así como a potenciación dos movementos sociais e a participación cidadá na vida política.

Os autores establecen que a Renda básica das iguais en Galiza é un instrumento que ten dous obxectivos: un primeiro, de curto prazo, consiste en redistribuír as rendas dos que máis teñen nesta sociedade para os que máis o necesitan; un segundo, de longo prazo, é o de manter o intento de transformar o capitalismo nunha sociedade sen clases nin xerarquías.

Na obraponse de manifesto que a Renda básica das iguais é económica e financeiramente viable e posible.

Expoñen diferentes maneiras de establecer o proceso de implantación da Renda básica das iguais en Galiza pero, politicamente, os autores apostan por dous modelos ou escenarios: o principio de emerxencia social e o principio de esperanza.

Neste escenario introducen a posibilidade de aplicar a Renda básica das iguais a toda a poboación galega ao longo dun período de 15 anos. Propoñen que o horizonte económico de incorporación da Renda básica das iguais comece no ano 2013 e acabe no ano 2028.

Para a realización do estudo empregaron os seguintes instrumentos: enquisa, entrevistas en profundidade, grupos de intensidade e grupos de debate.

Sonia Pérez Iglesias

Fiabilidade do instrumento para valorar a situación de dependencia en España en persoas maiores de tres anos (Real decreto 504/2007)

Rubén González Rodríguez

Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela

Diplomado en Traballo Social e Terapia Ocupacional

Equipo de Valoración de Dependencia na Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar de Ourense

ruben.gonzalez.rodriguez@xunta.es

TÍTULO:

Fiabilidade do instrumento para valorar a situación de dependencia en España en persoas maiores de tres anos (Real decreto 504/2007)

AUTOR:

Rubén González Rodríguez

NATUREZA DO TRABALLO:

Tese de doutoramento

ANO DE REFERENCIA:

2012

DIRECTORES DA TESE:

Dr. Manuel Gandoy Crego e Miguel Clemente Díaz

ACCESIBILIDADE AO DOCUMENTO:

Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela. Ficha Teseo.

DESCRITORES DA TESE:

Minusvalía; Servizos Sociais; Desenvolvemento e Política Social.

PALABRAS CLAVE:

Persoas con discapacidade; Avaliación da discapacidade; Dependencia; España; Reproducibilidade dos resultados.

RESUMO:

No ano 2006, e para constituír un avance no modelo de Estado social que consagra a Constitución española, e para aumentar a acción protectora que o Sistema da Seguridade Social, así como o Sistema Sanitario e o de Servizos Sociais lles prestan ás persoas en situación de dependencia, apróbase a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

O obxectivo fundamental deste traballo de investigación consistiu en determinar se o instrumento que se utiliza para determinar a situación de dependencia en España en persoas maiores de tres anos (recollido no Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia) é fiable como instrumento de valoración específico. Tratamos de investigar se existían diferenzas entre os técnicos avaliadores á hora de aplicar o baremo (fiabilidade intersuxeitos), e se o propio instrumento de valoración era consistente ao repetir a súa aplicación (fiabilidade intrasuxeitos).

Para iso, como estudo teórico previo, analizouse con profundidade o concepto de dependencia, así como o nivel de atención que se lles presta ás persoas en situación de dependencia dende os diferentes sistemas de protección social en España.

Con posterioridade, aplicouse o referido instrumento de valoración de xeito sistemático a usuarios de diferentes servizos e programas do Sistema galego de atención á dependencia (SGAD), para determinar se se atopaban nunha situación de autonomía, ou pola contra, se atopaban nunha situación de dependencia en calquera dos graos establecidos.

MÉTODO:

O *Baremo de valoración de dependencia* para persoas maiores de tres anos (BVD), recollido no Real decreto 504/2007, do 20 de abril, valora, cunha puntuación que oscila de cero a cen puntos, a capacidade de desempeño da

persoa para realizar as actividades da vida diaria e, no seu caso, o grao de apoio que necesita dunha terceira persoa no caso de que non sexa autónoma nesa actividade (0 puntos é unha situación de autonomía/independencia e 100 puntos unha situación de dependencia máxima). Para que se determine que unha persoa se atopa nunha situación de dependencia deberá alcanzar, polo menos, unha puntuación igual a 25 puntos.

As actividades da vida diaria que se van valorar serían as que a continuación se relacionan: comer e beber; regulación da micción/defecación; lavarse; outros cuidados corporais; vestirse; mantemento da saúde; transferencias corporais; desprazarse dentro do fogar; desprazarse fóra do fogar; realizar tarefas domésticas; e toma de decisións (esta última só aplicable en situacións de persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, ou con deficiencia na capacidade perceptivo-cognitiva).

Os *suxeitos* que se van valorar (84) foron seleccionados (mediante mostraxe incidental non probabilística por cota temporal) de entre os beneficiarios dos seguintes servizos e/ou prestacións dentro do Sistema galego de atención á dependencia (SGAD): Servizo de atención diúrna (24%), Servizo de atención residencial (46%) e Servizo de axuda no fogar e outras modalidades de asistencia no contorno (29%).

O *procedemento* utilizado consistiu en valorar a 84 *suxeitos* empregando pares de avaliadores (seis técnicos valoradores, 3 pares) que lles aplicaban o instrumento de valoración a cada un dos *suxeitos* e cada avaliador repite dúas veces a aplicación da escala sobre cada individuo. Para a aplicación do instrumento de valoración, combináronse técnicas propias do método selectivo e do método observacional.

Os *resultados* obtidos das trescentas trinta e seis (336) valoracións analizáronse empregando como técnica estatística o coeficiente de correlación de Pearson. Despois das codificacións correspondentes realizouse o baleirado dos datos, para tal cometido empregouse o programa PASW Statistic SPSS 18.

PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS:

Ao igual que os estudos da fiabilidade doutros instrumentos de valoración de dependencia, entre eles o Índice de Barthel e o Índice de Katz, demostraron niveis de fiabilidade moi elevados, no noso estudo determinamos que o instrumento para valorar a situación de dependencia en España tamén é significativamente fiable. Como media, os avaliadores obtiveron unha fiabilidade intraobservador de 0,972 (correlación significativa mesmo ao 1 por mil). Polo que respecta á fiabilidade interobservador, os resultados sitúan a media da correlación en 0,965 (tamén altamente significativa).

En base ás cifras obtidas nesta investigación, presentamos as seguintes conclusións finais en base ao obxectivo principal proposto, así como aos obxectivos secundarios.

1. O Baremo de valoración de dependencia recollido no Real decreto 504/2007, e que durante o período de abril do 2007 a febreiro do 2012 foi a porta de entrada ao Sistema para a autonomía e atención á dependencia de España é fiable como instrumento de medida da situación de dependencia.

2. Respecto da fiabilidade das actividades e tarefas que conforman o instrumento despréndese o seguinte:

2.1. As actividades do instrumento con maiores índices de fiabilidade son as de lavarse, transferencias e tomar decisións. Todas as tarefas que compoñen estas actividades presentan índices de correlación intra e interobservador $>0,70$. As oito (8) actividades restantes, presentan índices inferiores nalgunha das tarefas que as compoñen.

2.2. As actividades que presentan maior número de tarefas con índices de correlación (intra e interobservador) inferiores ao valor de referencia son: mantemento da saúde, desprazamentos dentro do fogar e tarefas domésticas.

2.3. No 80% dos casos, as discrepancias nas medidas danse por controversias na determinación da variable Nivel de desempeño, fronte ao 6,67% dos casos nos que a variable afectada é o Grao de apoio persoal, e un 13,33% dos casos nos que se ven afectadas as dúas variables.

2.4. As tarefas que presentan correlacións intra e interobservador inferiores ao valor de referencia son 15, de entre as 53 tarefas totais que compoñen o Baremo de valoración de dependencia. Representan polo tanto, un 28,30% do total.

2.5. As tarefas máis "críticas" (7) que presentaron, *de media*, índices de correlación intraobservador e interobservador $<0,70$ son as seguintes: empregar nutrición e/ou hidratación artificial; calzarse; evitar riscos dentro do domicilio; evitar riscos fóra do domicilio; acceder a todos os elementos comúns dos cuartos; desprazamento lonxe; e limpar e coidar da vivenda.

2.6. As tarefas nas que se viron afectadas as dúas variables, Nivel de desempeño e Grao de apoio persoal son: empregar nutrición e/ou hidratación artificial e acceder a todos os elementos comúns dos cuartos.

2.7. A tarefa que presenta, como media, menores índices de fiabilidade intraobservador (0,661) e interobservador (0,517) é a de acceder a todos os elementos comúns dos cuartos.

3. O Baremo de valoración de dependencia (BVD) recollido no Real decreto 504/2007, presenta índices de fiabilidade similares a outros instrumentos de valoración da situación de dependencia validados a nivel internacional, como o Índice de Barthel e o Índice de Katz.

4. O Baremo de valoración de dependencia vixente na actualidade (Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro) incorpora novidades que melloran o instrumento analizado na nosa investigación. Destacan a introdución dunha nova variable, Frecuencia do apoio, así como a división da categoría Desempeño negativo en dúas subcategorías: ocasionado por unha situación de dependencia ou ocasionado por outras causas.

Dereitos só para unha minoría?

ODS-Coia

Neste artigo queremos presentar a experiencia da Oficina de Dereitos Sociais de Coia (ODS-Coia), punto de información e denuncia de dereitos sociais que desde finais do ano 2007 comezou a funcionar neste barrio vigués.

Nacer e vivir en Coia implica para a xente da ODS-Coia¹ asumir a historia dun barrio obreiro, neste caso, espazo creado nos anos 60 respondendo á necesidade de man de obra que precisaba a industria da cidade (Citroën, Vulcano, Barreras...).

Desde o comezo, os habitantes de Coia souberon das dificultades para chegar a fin de mes, sufriron e sofren pola adicción ás drogas, coñeceron o paro —non como dato estatístico— e o emprego en precario como realidade diaria de moita da súa veciñanza. Esta crúa realidade fixo que desde o inicio a xente tomase conciencia e que, como di Manolo S. Bayona, compañeiro de Baladre “Coordinación de loitas contra o paro, o empobrecemento e a exclusión social”², entendésemos que: “*xuntas a calquera parte, soas a ningunha*”³. Isto levou a que a veciñanza se organizase en asembleas e asociacións e celebrase festas populares para conseguir que nas rúas se loitase pola VIDA.

Estas loitas no barrio, e as reflexións que nos provocaban, fixeron que nos atopásemos con outros colectivos e xentes. Nós desenvolviamos as nosas accións no barrio dentro da comunidade cristiá do Cristo da Victoria de Coia⁴, igrexa de base que desde a teoloxía da liberación continúa articulando moitas das loitas e resistencias das veciñas e veciños do barrio. Logo, en Vigo, tamén levamos a cabo accións conxuntas co Grupo de Axitación Social (GAS)⁵, «*colectivo de resistencia ao capitalismo, que centra a súa actividade no eido local, a reivindicación de dereitos sociais, o repartimento da riqueza e o rexeitamento do militarismo e do desarrollismo*», e xa fóra dos límites da cidade, coas xentes de Baladre que levan trinta anos enredando ao redor destes asuntos.

¹ Para máis información consultar: odscoia.arkipelagos.net

² Para máis información consultar: www.coordinacionbaladre.org

³ “Juntas a cualquier parte, solas a ninguna”, Manolo S. Bayona. Publicado en: <http://odscoia.arkipelagos.net/content/%E2%80%9Cjuntas-cualquier-parte-solas-ninguna%E2%80%9D-manolo-saez-bayona>

⁴ Para máis información consultar: www.comunidadebasecoia.org

⁵ Para máis información consultar: grupodeaxitacionsocial.blogspot.com.es

De xeito rápido, pasamos polas orixes da ODS-Coia que deron como resultado a aparición dun punto de información e denuncia de dereitos sociais en Coia, á imaxe dos que xa estaban a funcionar noutros territorios do Estado e co afán de ser unha ferramenta para alentar o apoio mutuo real entre a xente dos nosos barrios. Xirando ao redor do intercambio de información sobre axudas sociais, de visibilizar/denunciar o empobrecemento e de buscar respostas colectivas fronte á exclusión e á perda de dereitos; sempre na procura de xerar relacións coa poboación non mobilizada e os colectivos sociais, sen os que entendemos que non é posible levar a cabo ningún proceso de cambio que desborde o sistema capitalista que nos oprime e destrúe a vida.

E sen moita máis estrutura cá dos nosos corpos, sen máis entidade cá da comunidade, na que moitas tamén participamos noutras tarefas, e ocupando o espazo físico que a parroquia do Cristo da Victoria ten na rúa Baiona 9, en Coia, Vigo, en setembro de 2007 comezamos a andaina, cun día e hora de atención (luns de 17.00 h a 19.00 h) que mantemos ata a data.

A tarefa que tratamos de desenvolver pasa por:

- Ofrecer información alternativa sobre prestacións sociais (tipos de axudas, contías, requisitos, documentación, onde dirixirse...).
- Visualizar e denunciar a dor e a miseria, no medio da riqueza duns poucos, a través de campañas, actos de rúa, escritos...
- Artellar respostas colectivas e desde abaixo fronte ao capitalismo.

No último ano e medio o número de persoas que acode á ODS-Coia non para de medrar. O aumento do desemprego, a falta de respostas das administracións -en especial dos servizos sociais-, o crecemento da desigualdade, a carreira de obstáculos que hai que pasar para acceder ás axudas sociais, unida ao encarecemento da vida, están a provocar que a xente se faga preguntas e busque solucións ante a perda de dereitos.

Cansas de sufrir na miseria que nos deixa este sistema fracasado, que por boca dos servizos sociais non para de repetirnos que «non hai cartos», desde a ODS-Coia decidimos dar un paso cara a diante unindo forzas para que se cumpran os dereitos de todas. É moi grave que respostas como estas as teñan que escoitar persoas ou familias que só procuran solucións ante a insuficiencia de recursos, nun Estado que se di social. O problema da maioría está en que sen eses cartos non se pode pagar vivenda, nin recibos de luz, nin medicinas, nin os gastos escolares... Como dicía unha muller nunha das entrevistas “por desgraza, o único que che fai falla para vivir son cartos” e semella que os servizos sociais poucos teñen para unha maioría cada día máis empobrecida.

Pero algunhas non temos tan claro iso de que “non hai cartos”. Non hai máis que ver os datos do que deixan de recadar cos impostos que perdoan ás

operacións financeiras e ás grandes fortunas, os datos de fuga de capitais a paraísos fiscais ou os usos que lle dan aos cartos que si teñen e que van sempre orientados a que esta idea de economía fracasada, autodestrutiva e inimiga das persoas siga funcionando e xerando miseria e explotación. Por exemplo, usándoa para pagar a débeda froito da especulación da banca ou a mensaxe que deixan novas coma estas:

- *“A Xunta gastará 11 millóns para patrocinar dúas furgonetas de Citroën”*⁶: en tempos de recorte do gasto público chama a atención este patrocinio. Máis aínda cando o orzamento da Xunta na RISGA para o 2012 foi de 32,5 millóns de euros⁷.

- *“O Goberno endebedarase para pagar 1.780 millóns de euros en mísiles, obuses e cazas”*⁸: como avisa a xente de Utopía Contagiosa⁹ *“o goberno español, ás portas do rescate económico e dun maior desmantelamento do estado de benestar, aprobou un crédito ao Ministerio de Defensa de 1.782 millóns de euros para pagar parte da débeda en armamento (36.000 millóns de euros que o exército debe ás industrias militares”*.

Son dous exemplos máis, de moitos, que din ás claras que os cartos están, pero que se moven —en grandes contías— polos petos dunha minoría que cada vez precisa de máis espazo para os seus negocios.

Ante esta realidade de tremenda inxustiza, no último ano sentimos a necesidade de comezar a reunirmos quincenalmente para tentar artellar respostas man a man coas persoas que desde hai tempo se achegaban á ODS-Coia ou á parroquia buscando solucións aos seus problemas de precariedade e crecente empobrecemento. Desas xuntanzas xurdiu, entre outras iniciativas, a campaña *“Vivir dignamente é un dereito”*¹⁰, coa que pretendiamos denunciar esa realidade dramática que estaban a padecer moitas familias no noso barrio e en toda a cidade a través da presentación masiva dun escrito exercendo o dereito de petición perante a Xunta e o Concello. Neste escrito a persoa asinante expoñía as súas circunstancias económicas e sociais e solicitaba unha renda básica que permitise satisfacer con dignidade as súas necesidades elementais. Tras uns meses cheos de actividades de denuncia e sensibilización, a campaña culminou a finais de xuño coa entrega colectiva nos rexistros da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo do centenar de follas de denuncia social que logramos recoller.

⁶ Fonte: ccaa.elpais.com/ccaa/2012/09/13/galicia/1347563971_037827.html

⁷ Fonte: ccaa.elpais.com/ccaa/2012/12/26/galicia/1356553111_270787.html

⁸ Fonte: www.publico.es/espana/442088/el-gobierno-se-endeudara-para-pagar-1-780-millones-de-euros-en-misilesobuses-y-cazas

⁹ Fonte: utopiacontagiosa.wordpress.com/2012/09/10/el-gobierno-espanol-aprueba-un-nuevo-incremento-delpresupuesto-de-defensa

¹⁰ <http://odscoia.arkipelagos.net/content/asina-folla-de-denuncia-social-para-esixir-concello-e-xunta-que-temosdereito-vivir-con-dign>.

Sen dúbida, para ODS-Coia, e para moitos grupos e persoas, a Renda básica das iguais (RBis) é unha ferramenta axeitada para tratar de parir outro mundo, outra sociedade que supere inxustizas, desigualdades, pobreza...

Temos claro que non podíamos falar das empobrecidas sen facelo primeiro do problema social que supón que a riqueza de todas estea en mans dunha minoría. Por iso entendemos que a RBis serve a curto prazo para repartir a riqueza de todas as persoas e a longo prazo para superar o capitalismo e construír outra sociedade con parámetros de equidade e xustiza social.

Atendendo a estas razóns e a moitas máis, definimos a RBis¹¹ como o dereito que ten cada cidadán e cada cidadá, polo feito de nacer, a percibir unha cantidade periódica para cubrir as súas necesidades materiais. Non ten nada que ver coas persoas empobrecidas, senón coa redistribución da riqueza.

E poñémoslle ademais as seguintes características que fan que a RBis non teña nada que ver coas rendas mínimas (RISGA en Galiza):

- Individual: non familiar.
- Universal: non contributiva e para todas as persoas.
- Incondicional: independente do nivel de ingresos e do mercado de traballo.
- Suficiente: a contía ha de ser polo menos igual ao limiar de pobreza e cada persoa ha de recibir a mesma cantidade.
- Unha parte da RBis percibirase en man e a outra en forma de bens de uso colectivo. Por exemplo: cobraríase o 80%, que sería monetario e individual, e o 20% iría para o fondo renda básica.

En decembro de 2012 presentabamos en Galiza¹², con Baladre e máis xentes, o libro *Repartindo a nosa riqueza. Estudo de viabilidade da Renda básica das iguais en Galiza*¹³, e con el o traballo de varios anos co fin de dar a coñecer este instrumento, pero tamén para amosar a súa viabilidade tanto política como económica nesta parte do mundo.

Polo momento esta é a nosa tarefa, unha pequena trincheira que nos anima a seguir no camiño coa compañía doutras e na que queremos ver que unha luz anuncia o día.¹⁴

¹¹ Para aprofundar no tema visitar a web de José Iglesias Fernández: www.rentabasica.net, onde hai artigos, vídeos, referencias bibliográficas e moitas máis cousas sobre a RBis.

¹² <http://odscoia.arkipelagos.net/content/presentacion-do-estudo-de-viabilidade-da-renda-basica-das-iguais-en-galiza-en-compostela>

¹³ Lores, D., García, E., Sáez, M. (coords.); Iglesias, J., Molina, S., Fidalgo, M., Medina, L., Pérez, S., Fonte, P. e Seco, L. (2012) *Repartindo a nosa riqueza. Estudo de viabilidade da Renda Básica das Iguais en Galiza*. Málaga: Baladre, Zambra, Lapsus, ODS-Coia, GAS.

¹⁴ Dun poema de Celso Emilio Ferreiro: "Aquel que eu prefería, / revolución, canto tarda. / Mais o meu anxeo agarda / unha luz que anuncia o día"

“CONDICIÓN S PARA PRESENTAR ARTIGOS EN FERVENZAS, REVISTA GALEGA DE TRABALLO SOCIAL”

Fervenzas é unha revista galega de Traballo Social que acepta, para a súa difusión, traballos orixinais e inéditos de interese para a disciplina e para esta profesión en Galicia. *Fervenzas* édítase en galego. Poderase valorar a reprodución de traballos non inéditos se o medio de difusión, onde foron divulgados, fose de difícil acceso para os traballadores sociais de Galicia, ou ben noutro idioma diferente ó galego.

Os traballos serán publicados atendendo ó seu interese e ó seu valor científico e/ou profesional. Terán prioridade aqueles artigos que respondan a outros xa aparecidos en números anteriores da revista, ou aqueles que sexan continuación dalgunha temática de interese. Nestes casos, terase que mencionar tal cuestión ó inicio do artigo.

A responsabilidade polo expresado nos artigos corresponde na súa totalidade ós seus autores, non se fará cargo delas a revista *Fervenzas*.

Os autores posúen plenos dereitos de autor sobre os seus traballos, porén, se desexan presentar noutro medio un artigo, xa aparecido en *Fervenzas*, terán que solicitar permiso á revista por escrito e facer mención expresa do lugar orixinal de publicación do artigo.

Fervenzas acusará recibo dos traballos achegados e comunicará a súa aceptación —ou non— para a súa publicación nun tempo prudencial. De ser o caso, tamén emitirá un certificado de publicación do artigo. Por este motivo, non se devolverán os traballos recibidos, recoméndaselle ós autores que conserven unha copia deles.

As seccións en que se encadrarán os traballos son:

1. *Artigos* (investigacións, experiencias profesionais, análises teóricas, metodolóxicas e técnicas, etc.)
2. *En Rede* (presentación descritiva dun equipamento, programa, servizo, asociación, etc.)
3. *Entrevista* (entrevista a persoeiros de especial interese para o Traballo Social)
4. *Comentario de Publicacións* (comprende comentarios e opinións críticas de libros, revistas, coleccións editoriais... En definitiva, de calquera fonte documental de interese para o Traballo Social)

5. *Espazo Aberto* (incluíra comentarios de documentais, filmes, páxinas web, noticias de especial interese para o Traballo Social, etc.)
6. *Reseña de Investigación Social* (incluíra fichas-resumo de teses ou tesíñas) Os apartados que debe ter son: Título, autor/a, natureza do traballo (tese), ano de referencia, accesibilidade ao documento (biblioteca no que se pode atopar a tese ou tesíña), palabras clave, síntese do contido, método e principais conclusións.
7. *Outros* (eventualmente, divulgaranse cuestionarios, crónicas de eventos científicos de especial importancia, etc.)

A PRESENTACIÓN DOS ARTIGOS DEBE ATERSE AS SEGUINTEs NORMAS:

Os artigos teñen que ser presentados en galego, por escrito, en papel DIN-A4 (escritos por unha soa cara e con numeración correlativa) e en soporte informático (memoria USB ou CD) na sede do Colexio, ou a través do correo electrónico fervenzas@traballosocial.org, en formato Word, tipo de letra Arial, tamaño 12 e interliñado 1,5.

Con carácter xeral, deberá terse en conta o uso dunha linguaxe non sexista na redacción dos traballos.

Nunha primeira páxina aparte recollerase: o título do artigo; o nome do autor ou da autora ou das autoras e autores; a súa profesión; a institución, lugar de traballo ou campo en que desenvolve o seu labor. Se se desexa poderase remitir un resumo dunhas 10-15 liñas sobre a súa produción científica máis importante (publicacións, proxectos de investigacións, informes, etc.) ou sobre proxectos de intervención social, experiencias innovadoras, etc. onde teña participado. Tamén se indicará un número de teléfono e un enderezo postal e/ou electrónico de contacto que o/a autor/a autoriza que poida ser divulgado por *Fervenzas* para que as/os lectoras/es contacten con el/ela. Poderanse incluír ao pé da primeira páxina os datos do/da autor/a sempre que este o autorice expresamente ao COTSG.

Os artigos: terán que vir acompañados **obrigatoriamente** dun resumo en galego, un resumo en castelán e un resumo (*Abstract*) en inglés (cada un deles dunhas 10-15 liñas), ademais de cinco palabras clave en cada un destes idiomas, galego, castelán e inglés (*Keywords*). A Mesa de Redacción de *Fervenzas* ofrecerá asesoramento a aquelas/es autoras/es que o necesiten para a tradución dos resumos. O desenvolvemento do artigo terá como mínimo 10 páxinas e como máximo 30, incluíndo gráficos, táboas, bibliografía, etc.

Respectaranse as cursivas e negriñas que aparecen no texto orixinal do/a autor/a pero a edición non leva subliñados.

As notas a pé de páxina terán letra tipo Arial, tamaño 10 e interliñado simple.

Os cadros, táboas, gráficos e figuras terán que intercalarse no artigo e terán obrigatoriamente que presentar: numeración, título e fonte de procedencia dos datos (ó pé destes). Recoméndase presentar unha análise dos datos aparecidos en táboas, gráficos, etc.

As referencias **bibliográficas** do artigo presentaranse ó final do texto, por orde alfabética.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DAS CITAS E DAS REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

AS NORMAS PARA CITAR SON AS SEGUINTEs:

Empregarase sistema **autor-data** no texto.

Primeiro apelido do/da autor/a (se é moi común pódese engadir o segundo). O/s apelido/s poden presentarse dentro ou fóra dunha paréntese, segundo como o pida o texto.

Exemplos: (Piñeiro, 2011) ou Piñeiro (2011)

- Outra posibilidade é citar o/a autor/a e o ano da obra fóra de paréntese

Exemplo: ... xa no ano 2000, Piñeiro...

Se a cita é **literal**: despois do ano de publicación da obra, seguido de dous puntos, ten que indicarse o número da páxina onde se localiza o texto citado.

- **Segundo o tamaño das citas pódense presentar de dúas formas:**

a) Cita literal curta (menor de 40 palabras): incorpórase no texto entre comiñas a seguir.

Exemplos: (Piñeiro, 2011, p. 35) ou Piñeiro (2011, p. 35)

Se se utiliza material de internet, por exemplo, onde non están indicadas as páxinas, pódese empregar tamén o número de parágrafo (parág. 35)

b) Cita literal longa (maior de 40 palabras): destácanse no texto sen o uso de comiñas. Ponse nun bloque nunha liña nova, aplicando na marxe esquerda unha sangría maior e toda a cita a dobre espazo.

Substitúense por puntos suspensivos (...) as palabras ou frases omitidas.

Débase referenciar sempre o texto que se cita.

Utilízanse os corchetes [] para encerrar material inserido nunha cita por unha persoa que non é o autor orixinal (aclaracións, por exemplo).

- **Cando hai máis dun/dunha autor/a**

a) Cando son **dous autores**ponse o 1.º apelido dos dous seguido de coma e ano (e número de páxina se a cita é literal).

b) Se son **3, 4, 5 ou 6 os autores**, a 1.ª vez póñense todos, e nas seguintes ocasións que se citenponse o 1.º e “et al.”.

c) Se son **máis de 6 autores**, no textoponse o/a 1.º autor/a e “et al”.

- **Autor citado por outro autor**

Segue as pautas anteriores e engádese ao inicio o 1.º apelido do autor citado inicialmente, seguido de: como se citou en

Exemplo: (Piñeiro, como se citou en Ibáñez, 2008)

Neste caso, nas referencias bibliográficas recolleríase o libro de Ibáñez

Para citar táboas e figuras


Diferéncianse dous tipos de representación gráfica: as táboas e as figuras. Enténdese como figura calquera outro tipo de ilustración diferente das táboas, isto é: cadros, gráficos, diagramas, organigramas, mapas, fotografías, debuxos, xenogramas...

- No caso de táboas, numéranse na orde que se van mencionando no texto, con números arábigos. Ademais, colocárase o número e título na parte superior, o título situárase en letra cursiva e nunha liña inferior ao número. As notas da táboa colócanse debaixo desta, comezando pola palabra “nota” en cursiva; a fonte é un tipo de nota. Exemplo:

Táboa 1.

Individuos consumidores dos diferentes medios de comunicación

Nota: Fonte: Elaboración propia a partir do EXM 2010



- Cando se inclúe unha figura, colocárase a palabra “figura” en cursiva seguida do número desta (numeración arábigos correlativos), seguida do título.
- En canto á fonte, procederáse do mesmo xeito que nas táboas, pero suprimindo a palabra “nota”.

Gráfico 6. Posición do punto na páxina




Figura 1. Posición da nova dentro da revista.

Fonte: Elaboración propia a partir do EXM 2010

A listaxe que se inclúe ao final do documento cos datos de todas as citas que se realizaron ao longo do texto denominárase REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS. Así, chámase BIBLIOGRAFÍA á listaxe doutras fontes que non estean citadas no corpo do traballo.

A BIBLIOGRAFÍA TENSE QUE ELABORAR SEGUNDO AS NORMAS SEGUINTE:

Libro

- 1) **Primeiro apelido** do/da autor/a separado por unha coma da **inicial do nome**. Se o 1.º apelido é moi común pódese engadir o segundo (pauta que rexe en calquera tipo de referencia).

Se son varios autores sepáranse por **comas** e o último únese coa conxunción **e**.

Se os autores son **máis de 6** consígnanse os 6 primeiros, puntos suspensivos e o apelido do último autor.

Se se trata dunha obra colectiva a cargo dun/dunha coordinador/a, director/a, compilador/a, indícarase entre paréntese abreviado despois dos nomes.

Cando non figura o/a autor/a e o libro é editado por unha institución/organismo indícarase o nome desta como autor.

Se no libro non figuran os apelidos e o nome do/a autor/a, colócase o título na posición do/da autor/a.

- 2) **Ano da edición** entre paréntese seguido de punto.

Se a data non se atopa dispoñible, entre paréntese e seguido de punto, indícase (s. d.), que significa "sen data"

Se se fai referencia a varias obras dun/dunha mesmo/a autor/a ordénanse por orde cronolóxica, da máis antiga a máis recente, e se son do mesmo ano, empregáranse letras minúsculas para diferencialas despois do ano; ambos os datos van entre paréntese.

- 3) **Título e subtítulo** en cursiva seguido de punto. O subtítulo escríbese tras o título e dous puntos.

- 4) Cando se considere oportuno indícarase o número da **edición** entre paréntese despois do título. Se a obra está editada en varios volumes, e se considera unha información relevante para os efectos de localización, indícarase o número do volume correspondente despois do título, entre paréntese.

- 5) **Lugar da edición** seguido de dous puntos. Se non se pode determinar o lugar de edición escríbese entre paréntese (s.l.), que significa "sen lugar".

- 6) **Editorial** seguido de punto. Se é o/a autor/a o que edita despois do lugar de edición, seguido de dous puntos, ponse o termo autor. Se se descoñece o lugar de editorial e non se pode investigar, escríbese entre paréntese (s.n.), que significa "sen nome"

Exemplo:

Piñeiro, J. (2007). *O poder do pensamento*. Lugo: Terra

Se se tratase dun libro electrónico. Ao final de todos os puntos citados escribiríase: Recuperado de (URL).

Exemplo:

Piñeiro, J. (2007). *O poder do pensamento*. Lugo: Terra.
Recuperado de www.pensamientoseideas.org

Capítulo dun libro

- 1) **Primeiro apelido e inicial do nome** do/s autor/es do capítulo (nos mesmos termos que para os libros) seguido do ano de edición entre paréntese, seguido de punto.
- 2) **Título** do capítulo seguido de punto.
- 3) Uso do enlace: **En**
- 4) **Inicial do nome e apelidos** do que está ao coidado do libro en minúsculas, seguido da indicación entre paréntese do que proceda (Coord., Dir., Comp.,...)
- 5) **Título do libro** en cursiva e sen punto ao final
- 6) **Páxinas** nas que se localiza o capítulo entre paréntese e seguido de punto. Antes das páxinas escribirase o número do volume, se procede.
- 7) **Lugar** seguido de dous puntos e **Editorial**.

Exemplo:

Piñeiro, J. (2003). A forza do pensamento positivo. En C. Torrejón (Coord.) *A incertidumbre do futuro* (Vol. 2, pp. 40-55). Lugo: Terra

Tras o número de páxinas e antes do lugar, escribirase, de ser o caso, entre corchetes os elementos importantes para a identificación da obra.
Exemplo: [CD], [Monografía]...

Artigo de revista

- 1) **Primeiro apelido e inicial do nome** do/s autor/es seguido do ano da publicación e referencia temporal entre paréntese, seguido de punto.
- 2) **Título** do artigo seguido de punto (nunca en cursiva)
- 3) **Nome completo da revista** en cursiva seguido de coma.

- 4) **Número do volume** en cursiva (sen indicar "vol." previamente). Se fose o caso indícase a continuación o número do exemplar entre paréntese sen espazo e seguido de coma.
- 5) **Páxina inicial-final do artigo**. Posteriormente escribírase entre paréntese o número da edición, se é o caso.

Exemplo:

Piñeiro, J. (2003, 1.º semestre). A mocidade da sociedade actual. *Revista de pensamento filosófico*, 15, 40-55.

Se se tratase dunha revista electrónica, seguiría o mesmo formato, e tras a páxina indicando o inicio e final do artigo pónse un punto e escríbese **Recuperado de** e a URL da páxina web de obtención da revista.

Material de congresos, xornadas, seminarios...

- 1) **Primeiro apelido e inicial do nome do/s autor/es**.
- 2) **Mes e o ano** de celebración entre paréntese e punto.
- 3) **Título do material** presentado seguido de punto.
- 4) Indícase **Comunicación presentada ao...**
- 5) **Título do congreso** en cursiva e punto.
- 6) Nome da organización organizadora do evento seguido de coma
- 7) **Cidade** na que teñen lugar

Exemplo:

Piñeiro, J. (2005, febreiro). O cambio na mocidade. Comunicación presentada ao *I Congreso Internacional de Xóvenes Pensadores*. Universidade de Santiago, Lugo

Textos normativos recollidos en diarios ou boletíns oficiais

- 1) **Nome da publicación** en cursiva, seguido de punto.
- 2) **Autoría**: nome da institución/organismo que dita a norma.
- 3) **Número da publicación**, seguido de coma.
- 4) **Data de publicación**

Exemplo:

Lei 39/2006, do 14 de decembro, de *promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*. *Boletín Oficial do Estado*, 299, do 15 de decembro de 2006.

Material electrónico: páxina web

- 1) **Apellido e inicial do nome** do/s autor/es se é posible a súa localización. De non ser posible, indícase o nome da **entidade responsable**.
- 2) **Ano** entre paréntese e punto.
- 3) **Título** do documento en cursiva seguido de punto.
- 4) Indícase **recuperado de** e a **dirección URL**. Aínda que non é obrigatorio, pódese sinalar, se se considera relevante, a data de obtención do documento poñendo **recuperado o** (día, mes e ano).

Exemplos:

Piñeiro, J. (2011). *Novas tecnoloxías e mocidade*. Recuperado de <http://www.jonenesactualidad.es>

Teses

- 1) **Primeiro apelido e inicial do nome** do/s autor/es.
- 2) **Ano** entre paréntese e punto.
- 3) **Título da tese** en cursiva. A continuación indícase entre paréntese –sen cursiva– (tese de doutoramento)
- 4) **Nome da institución** na que foi realizada, seguido de coma
- 5) **Lugar**
- 6) Se se obtivo en formato electrónico engadírase **Recuperado de** e a dirección URL correspondente

Para máis información consultar: www.apastyle.org.

A presentación de traballos para o resto das seccións da revista:

Axustarase a tipografía e normas solicitadas para os artigos coas seguintes indicacións específicas: *En Rede* terá como máximo 10 páxinas por achega; *Espazo aberto* e *Comentario de Publicacións* terá como máximo 3 páxinas de extensión. Ningún destes apartados necesita resumo, palabras clave ou bibliografía.

Envíen os traballos a: fervenzas@traballosocial.org

Correo postal: Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG)

Rúa Dublín 6, Baixo, porta 3. 15707 Santiago de Compostela

Para calquera outra indicación: Tel: 981 56 81 00 | Fax. 981 94 18 98

Subvencionada por:

